

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 07/07/2017

Orden do día:

1. Constitución da Comisión.
2. Informes.
3. Asignación de áreas coordinadoras en materias.
4. Aprobación, se procede, da programación docente do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2017-18.

Ás 11:00 do día 7 de xullo de 2017 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado
Marta López Cabo	Representante do Profesorado (Área Externa)
Roberto Carlos Alonso Ferro	Representante do Clúster Alimentario de Galicia
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a ausencia da Responsable de Calidade do centro, Aida Jover Ramos e da profesora Olga Díaz Rubio por ter concedido permiso por asuntos particulares. Tamén desculpa a ausencia da profesora Beatriz Vázquez Belda por asistencia a defensa dunha tese da cal é directora. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Constitución da Comisión.

O Sr. Decano deu comezo a primeira reunión, constitutiva da Comisión, sendo a súa composición proposta pola Xunta de Facultade que tivo lugar o pasado 9 de maio de 2017. Tras dar a benvinda a todos os asistentes e agradecer a súa colaboración, deu lectura a Resolución

Reitoral de nomeamento dos membros da Comisión de data 20 de xuño de 2017, a cal se acompaña como ANEXO á presente acta e na que se advertiu un erro na orde dos apelidos de Concepción Gay González, que se manifestará ao servizo correspondente para que proceda a súa corrección.

2. Informes.

O Decano foi facendo un resumo das principais cuestións a acometer de cara as seguintes reunións tales como:

- Coordinación docente: dada a experiencia acumulada cos restantes títulos que se imparten no Centro, indicou que de cara a realizar unha mellor coordinación das materias (programas, solapamento de contidos, ...) sería axeitado o nomeamento de coordinadores que poderían ser os correspondentes ao traballo fin de máster, prácticas externas, nutrición, seguridade, tecnoloxía alimentaria ou outra distribución que os integrantes da comisión crean máis axeitada e sobre a que solicitou reflexionar para tomar a decisión en vindeiras reunións.
- Elaboración de normativas relativas a traballos fin de máster e prácticas en empresas. Tamén o Regulamento de Réxime Interno do Máster.

Tamén informou de problemas informáticos que tiveron lugar o 1º día do prazo de solicitudes de admisión ao MINSTA que xa foi solucionado polo servizo da USC correspondente.

3. Asignación de áreas coordinadoras en materias.

O Decano informou de que nas materias que son impartidas por máis dun área, é preciso determinar cal vai ser a que actúe como coordinadora da mesma. A continuación fóronse revisando as materias afectadas e indicando cal debería ser a área coordinadora da mesma. Dado o avanzado da planificación do curso académico, os asistentes manifestan dúbidas de que a estas alturas a asignación de áreas coordinadoras se poda modificar, **polo que acordan por asentimento que o Coordinador do título contacte cos Departamentos para modificar a área coordinadora e, no caso de algún cambio non sexa posible levalo a cabo, se intente realizar de cara ao vindeiro curso.**

4. Aprobación, se procede, da programación docente do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2017-18.

O Decano indicou que nesta ocasión o Coordinador do Título realizou unha revisión exhaustiva das programacións docentes das materias que se impartirán o vindeiro curso académico. Nos vindeiros cursos académicos, no caso de nomear máis coordinadores, unha das tarefas nas que deberían colaborar é na revisión das programacións docentes das materias.

Tras dar a palabra ao coordinador para realizar os comentarios oportunos, **sometéronse a aprobación as programacións docentes das materias de cara ao curso 2017-18 as cales foron aprobadas polos asistentes por asentimento.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 13/09/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de coordinadores docentes.
3. Convocatoria de axudas para a promoción e mellora da calidade das titulacións de Máster do Campus Terra, curso 2017-18.
4. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC.
5. Solicitudes de admisión e matrícula de titulacións non contempladas na memoria de verificación.

Ás 12:00 do día 13 de setembro de 2017 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado
Beatriz I. Vázquez Belda	Representante do Profesorado
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a ausencia da profesora M^a Ángeles Romero por coincidirle con docencia no GNHD, Ana M^a Botana por labores docentes, Roberto Alonso por motivos laborais e M^a Asunción Lage por ter docencia á mesma hora. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Coordinador informa de que a matrícula de alumnos de novo ingreso para o curso 2017-18 se atopa neste momento en 20 alumnos.

Tamén indica de que se habilitou unha páxina no campus virtual destinada á coordinación do

profesorado.

2. Nomeamento de coordinadores docentes.

O Decano informa de que co obxecto de colaborar co Coordinador nas tarefas a desenvolver no MINSTA (coordinación, horarios, programas, ...) é preciso designar coordinadores por áreas e grupos de materias, tal e como se adiantou na reunión pasada. A continuación pasou a detallar a proposta de coordinadores a cal foi comentada polos asistentes e, ao mesmo tempo, agradeceu a boa disposición dos membros para levar a cabo esta labor.

Finalmente, os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar a proposta de coordinadores docentes e materias asignadas que se achega como ANEXO I a este acta.**

3. Convocatoria de axudas para a promoción e mellora da calidade das titulacións de Máster do Campus Terra, curso 2017-18.

O Decano informa da convocatoria o pasado mes de xullo das axudas para a promoción e mellora da calidade das titulacións de máster do Campus Terra, para o curso académico 2017-18. A continuación foi informando dos puntos máis importantes da mesma e finalmente deulle a palabra ao Coordinador, o cal pasou a detallar as propostas que se elaboraron tendo en conta as achegas realizadas polo profesorado en función das necesidades detectadas.

Tras analizar e revisar detalladamente todas as propostas, finalmente a solicitude centrase en dúas accións:

- Axudas para sufragar os custes de conferencias e seminarios por 1.500 €.
- Axudas para prácticas e viaxes de estudo por 1.800 €.

Polo tanto o importe que se solicitaría, segundo a proposta, ascendería á cantidade de 3.300 €.

Os asistentes **aproban por unanimidade a proposta para concorrer ás axudas para a promoción e mellora da calidade das titulacións de máster do Campus Terra e acordan incorporar a solicitude como ANEXO II á presente acta.**

4. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC.

O Coordinador indicou que no caso do profesorado da Área Externa que impartirá algunhas materias do MINSTA, é preciso aprobar por parte desta Comisión as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa tramitación pola vicerreitoría competente. A participación deste profesorado non xerará custos á USC.

As materias impartidas total ou parcialmente por profesorado da Área Externa son Nutrición Clínica, Percepción Sensorial e Gastronomía e Microbioloxía e Tecnoloxía de Produtos Mariños.

O profesorado da Área Externa proposto para a docencia é o seguinte:

- Alma M^a Prieto Tenreiro
- Cristina Guillín Amarelle
- Juan José Rodríguez Herrera
- M^a Gemma Rodríguez Carnero
- Manuel Antonio Botana López
- Manuel Penín Álvarez
- Marta López Cabo
- Maruxa García Quiroga
- Patricia Pérez Castro
- Rocío Villar Taibo
- Rosa Argüeso Armesto

Os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de colaboración docente do persoal externo á USC.**

5. Solicitudes de admisión e matrícula de titulacións non contempladas na memoria de verificación.

O Coordinador indicou que tras recibir unha solicitude de admisión ao MINSTA dun alumno procedente do Grao en Biotecnoloxía, o servizo correspondente da USC se puxo en contacto con el para estudar a posibilidade ou non de aceptación ao non estar contemplado na memoria de verificación do Título. Tras a intervención dos asistentes para expoñer os seus puntos de vista, finalmente **acordan por unanimidade aplicar o indicado na memoria de verificación do Título, recentemente aprobada, e, no caso de modificar a memoria, farase unha análise para tratar de incorporar titulacións que podan ser axeitadas para a admisión e que non están contempladas na actualidade.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 19/10/2017

Orden do día:

1. Informes.
2. Proposta de publicación das actas da Comisión.
3. Solicitudes de matrícula a tempo parcial.
4. Proposta de nomeamento do representante do alumnado.

Ás 13:00 do día 19 de outubro de 2017 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

José Manuel Martínez Ageitos	Decano
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria

O Decano e Presidente desculpa a ausencia da profesora Ana M^a Botana por coincidirle con outra reunión, Nieves Muñoz por docencia na Escola Politécnica Superior, Beatriz Vázquez Belda por asistencia a un curso fora da cidade, M^a Asunción Lage por formar parte dun tribunal, Aida Jover Ramos por asunto persoal urgente e Marta López Cabo por motivos laborais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informou acerca das seguintes cuestións:

- Axuste da composición das comisións dos títulos de grao e máster durante o actual ano 2017 ao indicado no Regulamento das titulacións de grao e mestrado da USC.
- Convocatoria para a adscrición funcional das materias das titulacións de grao e máster ás áreas de coñecemento para o curso 2018-19.

- Enquisas de opinión do alumnado sobre a docencia recibida no 1º semestre do curso 2017-18.

2. **Proposta de publicación das actas da Comisión.**

O Decano indica que seguindo as recomendacións da Área de Calidade da USC, dada a súa experiencia acumulada, e tamén co obxecto de ir un paso máis adiante no que á información pública se refire, sería conveniente que se procedera á publicación das actas das reunións das Comisións do Título.

Despois dun intercambio de impresións sobre este asunto **os asistentes acordaron por unanimidade a publicación na páxina Web do Centro das actas das reunións da Comisión que se celebren desde os seus inicios, unha vez sexan aprobadas.**

3. **Solicitudes de matrícula a tempo parcial.**

O Decano informa de que se recibiron dúas solicitudes de matrícula a tempo parcial coa correspondente documentación xustificativa, correspondentes as alumnas Elizabet Liñeira Amigó e Sabela Uriz Corral. A continuación deu lectura as mesmas, indicando os motivos da súa petición, e fixo un breve resumo da normativa que rexe na materia para este curso.

Unha vez feitas as deliberacións oportunas, os asistentes **acordan** por unanimidade **aceptar as dúas solicitudes de matrícula a tempo parcial** presentadas e **delegan no Decano** para que neste curso e seguintes, informe favorablemente as solicitudes por orde de recepción temporal ata acadar o nº máximo de autorizacións deste tipo de matrícula que estableza a normativa correspondente, sempre e cando estean debidamente xustificadas por circunstancias de orde laboral ou persoal que así o aconsellen, segundo o indicado na normativa vixente.

4. **Proposta de nomeamento do representante do alumnado.**

O Decano informa de que na Xunta de Facultade que tivo lugar o pasado 9 de maio, aprobouse a composición da Comisión do MINSTA que posteriormente se comunicou á correspondente Vicerreitoría e que foi nomeada polo Reitor o pasado 20 de xuño. Na mesma indicábase que a representación do alumnado sería proposta pola Comisión do Título en canto se puxera en marcha o curso académico 2017-18. Tendo en conta isto, unha vez iniciado o curso académico e postos en contacto co alumnado a través do coordinador, propuxeron a alumna Ana Álvarez Álvarez.

Os asistentes **acordan por unanimidade propoñer o nomeamento da alumna do MINSTA, Ana Álvarez Álvarez, como representante do alumnado.**

O Decano indica que se comunicará a Vicerreitoría esta proposta para o seu nomeamento.
Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 14/11/2017

Orde do día:

1. Informes.
2. Solicitude de recoñecemento.

Ás 12:00 do día 14 de novembro de 2017 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
José Manuel Martínez Ageitos	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo
Ana Álvarez Álvarez	Representante do Alumnado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Olga Díaz Rubio e Nieves Muñoz por coincidirles con docencia noutras titulacións da USC. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano cede a palabra ao Coordinador o cal informa acerca da solicitude realizada ao servizo correspondente da USC para que facilite o acceso do profesorado da Área Externa ao campus virtual da USC.

2. Solicitude de recoñecemento.

O Decano informa de que se recibiu unha solicitude de recoñecemento dunha alumna que dispón da Licenciatura en Nutrición da Universidad ISALUD da Arxentina.

Tras analizar a solicitude e documentación presentada, **os asistentes acordan por unanimidade informar desfavorablemente o recoñecemento das materias solicitadas** (P1221101 Estatística aplicada e P1221102 Nutrición clínica), debido a que as materias cursadas nos estudos de procedencia, non alcanzan o nivel de profundidade necesario para poder acadar os obxectivos e competencias que establece o plan de estudos do MINSTA.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 09/02/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Elección de secretario accidental.
3. Calendario de solicitude de admisión e matrícula.

Ás 12:00 do día 9 de febreiro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
José Manuel Martínez Ageitos	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Álvarez Álvarez	Representante do Alumnado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Beatriz Vázquez por gozar dun permiso de ausencia e Marta López por motivos persoais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informou de que en días pasados remitiu a todos os membros da comisión os borradores da Normativa de Traballo Fin de Máster, do Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas e da Rúbrica de Avaliación co obxecto de que os revisen e fagan as suxestións oportunas. Os documentos resultantes aprobaranse por acordo desta Comisión en

próximas reunións.

2. Elección de secretario accidental.

O Decano informa de que tras a ausencia durante as últimas semanas da actual Secretaria da Comisión, sería de interese que se acordara como actuar no caso de que por calquera circunstancia sexa preciso a súa substitución.

Os asistentes **acordan por unanimidade que no caso de ausencia da secretaria, os asistentes designarán ese mesmo día ao membro substituto que vai actuar como secretario da mesma.**

3. Calendario de solicitude de admisión e matrícula.

O Decano deu lectura ao correo recibido da Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa, no que se remite a seguinte proposta:

“Ante as peticións reiteradas de moitos mestrados, e visto que os prazos de solicitude e matrícula na USC son demasiado tarde en comparación con outras universidades, estase a planificar un adianto do calendario de solicitude de admisión e matrícula de cara a que os estudantes poidan matricularse con suficiente antelación e así non decidan ir a outra universidade polo único motivo de non esperar a que resolvamos o dito proceso de admisión.

Entre as medidas a tomar, está a de pasar a matrícula directa todos os mestrados que habitualmente non cubren o número de prazas, co obxectivo de que o alumno poida matricularse dende o 1 de xuño e ata que se completen as prazas ou ben ata o 2 de outubro, despois do peche de actas de TFG de setembro. Esta medida beneficia ao alumno, que xa pode matricularse en canto tome a decisión de facelo, e tamén aos mestrados que non cubren prazas, que pensamos que terán máis posibilidades de captar alumnado.”

Tras levar a cabo unha análise deste asunto, **os asistentes acordan por unanimidade aceptar a proposta da Vicerreitoría.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 02/03/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Propostas de Normativa de Traballo Fin de Máster, Procedemento de Asignación de Títulos e Presentación de Propostas e Rúbrica de Avaliación.
3. Proposta de Normas para o desenvolvemento das Prácticas Externas.

Ás 10:00 do día 2 de marzo de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
José Manuel Martínez Ageitos	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Álvarez Álvarez	Representante do Alumnado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Beatriz Vázquez por coincidirle con docencia na Facultade de Veterinaria . A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano cédelle a palabra ao Coordinador o cal nesta ocasión non ten informes pendentes.

2. **Propostas de Normativa de Traballo Fin de Máster, Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas e Rúbrica de Avaliación.**

O Decano informa de que coa colaboración do Coordinador e profesorado desta Comisión e, tras diversas reunións mantidas nas semanas pasadas, se elaboraron as propostas dos documentos referentes aos traballos fin de máster (TFM) que se indican a continuación, os cales se puxeron a disposición dos membros co obxecto de que fixeran as suxestións oportunas:

- Normativa de Traballo Fin de Máster
- Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas
- Rúbrica de Avaliación

A continuación o Decano foi dando lectura aos distintos documentos e aos correspondentes anexos e fóronse comentando os distintos aspectos, introducindo as correccións oportunas.

Finalmente, os asistentes **aproban por unanimidade a Normativa de Traballo Fin de Máster, o Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas e a Rúbrica de Avaliación**, que se acompañan a esta acta como ANEXO I, II E III respectivamente.

O Decano informa de que a Normativa de Traballo Fin de Máster se someterá á aprobación da Xunta de Facultade e posteriormente á do Consello de Goberno da USC.

3. **Proposta de Normas para o desenvolvemento das Prácticas Externas.**

O Decano informou de que do mesmo xeito que se fixo para o TFM, desenvolveuse de xeito paralelo a normativa referente ás Prácticas Externas do alumnado do MINSTA que cursarán ao igual que o TFM no vindeiro curso académico.

A continuación foi dando lectura e fóronse comentando os artigos e anexos e introducíndose as correccións oportunas.

Finalmente, os asistentes **aproban por unanimidade as Normas para o desenvolvemento das Prácticas Externas**, que se acompañan como ANEXO IV á este acta.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 21/03/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Proposta de horarios para o curso 2018-19.

Ás 11:00 do día 21 de marzo de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
José Manuel Martínez Ageitos	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora M^a Ángeles Romero, Nieves Muñoz e Beatriz Vázquez por coincidirle con docencia; da profesora Marta López por coincidencia con outra reunión xa programada e da representante do alumnado Ana Álvarez por ter clase. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano cédelle a palabra ao Coordinador o cal nesta ocasión non ten informes pendentes. A continuación informou de que en relación á Normativa de TFM se recibiu o informe favorable da Asesoría Xurídica da USC que é previo á aprobación no Consello de Goberno da USC.

2. Proposta de horarios para o curso 2018-19.

O Decano informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os

interesados na páxina Web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do PDA, do calendario académico do curso 2018-19 e as incompatibilidades horarias do profesorado que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso coordinar. Ademais o Consello de Goberno da USC acordou que o período de consultas cos representantes do estudantado dirixido ao establecemento do calendario de exames para o curso 2018-19 tería como data límite de celebración o 30 de abril de 2018.

Todas estas cuestións reduciron considerablemente o tempo efectivamente dispoñible para a elaboración dos horarios con respecto a outros cursos e dificultaron a súa coordinación tanto a nivel das titulacións do propio centro como do profesorado que imparte a docencia. Sendo consciente das dificultades, agradeceu ao Coordinador do Título o esforzo realizado para a elaboración da proposta presentada.

Sobre a proposta inicial, recibíronse diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar a proposta de horarios para o curso 2018-19 do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias** que se someterá nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade.

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosmasteres.html>

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 23/05/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2018-19.

Ás 11:00 do día 23 de maio de 2018 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
José Manuel Martínez Ageitos	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Álvarez Álvarez	Representante do Alumnado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo
Paula Álvarez Ameijeiras	Representante do Clúster	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia

O Decano e Presidente desculpa a asistencia das profesoras Olga Díaz, Mª Lourdes Vázquez e Nieves Muñoz por coincidirles cun curso de formación e a da profesora Aida Jover por participar nas Xornadas de Xoves Investigadores no Centro. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano cédelle a palabra ao Coordinador o cal informa de que a axuda recibida para a promoción e mellora da calidade das titulacións de Máster do Campus Terra, curso 2017-18 está practicamente executada na súa totalidade.

Tamén indica que a través da Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo se lle ofertou a posibilidade de elaborar un vídeo para a promoción do MINSTA. O Decano explicou como se levaron a cabo os mesmos para os graos do Centro e que do mesmo xeito se pode levar a cabo para o Máster, o cal lle pareceu correcto aos asistentes.

2. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2018-19.

O Decano indicou que nesta ocasión os distintos coordinadores das respectivas áreas do Título realizaron unha revisión exhaustiva das programacións docentes das materias que se impartirán o vindeiro curso académico e detectáronse algunhas materias que precisan levar a cabo modificacións.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar as programacións docentes para o curso 2018-19 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias unha vez que se verifique que todos os cambios que é preciso realizar se levaron a cabo,** sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

As modificacións que é preciso realizar son as seguintes:

Materia	Incidencia detectada
P1221101 Estadística aplicada	- No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia. No Manual de Procesos do SGC do Centro, recentemente aprobado, no proceso PC-02 indícase na páxina 28 a información mínima da guía docente entre a que se atopa as linguas de impartición. http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/Manual-procesos-Fac-Ciencias.pdf - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221102 Nutrición clínica	- Sistema de avaliación: debe corresponderse e respectar os intervalos indicados na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. - No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia. No Manual de Procesos do SGC do Centro, recentemente aprobado, no proceso PC-02 indícase na páxina 28 a información mínima da guía docente entre a que se atopa as linguas de impartición. http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/Manual-procesos-Fac-Ciencias.pdf - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221103 Percepción sensorial e gastronomía	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado "observaciones"). - No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia. No Manual de Procesos do SGC do Centro, recentemente aprobado, no proceso PC-02 indícase na páxina 28 a información mínima da guía docente entre a que se atopa as linguas de impartición. http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/Manual-procesos-Fac-Ciencias.pdf - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

P1221104 Procesado non térmico de alimentos	- No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia. No Manual de Procesos do SGC do Centro, recentemente aprobado, no proceso PC-02 indícase na páxina 28 a información mínima da guía docente entre a que se atopa as linguas de impartición. http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/Manual-procesos-Fac-Ciencias.pdf - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221105 Seguridade alimentaria	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado "observacións"). - Sistema de avaliación: debe corresponderse e respectar os intervalos indicados na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Debe indicarse a % de cada actividade (exame, traballos.... e que en conxunto sumen 100%) e as competencias avaliadas en cada actividade. - Tempo de estudo e traballo persoal: debe respectar o indicado na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Debe indicar polo menos as horas presenciais e non presenciais do alumno para cada actividade formativa. - No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia. No Manual de Procesos do SGC do Centro, recentemente aprobado, no proceso PC-02 indícase na páxina 28 a información mínima da guía docente entre a que se atopa as linguas de impartición. http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/Manual-procesos-Fac-Ciencias.pdf - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221201 Principios xerais de lexislación alimentaria	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado "observacións"). - Sistema de avaliación: debe corresponderse e respectar os intervalos indicados na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Debe indicarse a % de cada actividade (exame, traballos.... e que en conxunto sumen 100%) e as competencias avaliadas en cada actividade. - Tempo de estudo e traballo persoal: debe respectar o indicado na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Debe indicar polo menos as horas presenciais e non presenciais do alumno para cada actividade formativa. - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221202 Métodos oficiais de análise dos alimentos	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado "observacións"). - Tempo de estudo e traballo persoal: debe respectar o indicado na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Debe indicar polo menos as horas presenciais e non presenciais do alumno para cada actividade formativa. - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221203 Alimentos transxénicos	- No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia. No Manual de Procesos do SGC do Centro, recentemente aprobado, no proceso PC-02 indícase na páxina 28 a información mínima da guía docente entre a que se atopa as linguas de impartición. http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/Manual-procesos-Fac-Ciencias.pdf - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221204 Calidade microbiolóxica dos alimentos	- Sistema de avaliación: debe corresponderse e respectar os intervalos indicados na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Debe indicarse a % de cada actividade (exame, traballos.... e que en conxunto sumen 100%) e as competencias avaliadas en cada actividade. - Tempo de estudo e traballo persoal: debe respectar o indicado na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Debe indicar polo menos as horas presenciais e non presenciais do alumno para cada actividade formativa. - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221205 Microbioloxía e tecnoloxía de produtos mariños	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado "observacións"). Debe corrixir códigos e contidos das mesmas e como consecuencia tamén o sistema de avaliación. - Sistema de avaliación: non aparecen de xeito visible as % de avaliación nas actividades. - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

P1221207 Biotecnoloxía dos alimentos fermentados	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado “observaciones”). Debe corrixir códigos e contidos das mesmas e como consecuencia tamén o sistema de avaliación. - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221208 Sistemas de autocontrol da hixiene. Autenticidade alimentaria	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado “observaciones”). Debe corrixir códigos e contidos das mesmas e como consecuencia tamén o sistema de avaliación. - Tempo de estudo e traballo persoal: debe respectar o indicado na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Debe indicar polo menos as horas presenciais e non presenciais do alumno para cada actividade formativa. - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221209 Xestión e marketing de empresas alimentarias	- No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia. No Manual de Procesos do SGC do Centro, recentemente aprobado, no proceso PC-02 indícase na páxina 28 a información mínima da guía docente entre a que se atopa as linguas de impartición. http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/Manual-procesos-Fac-Ciencias.pdf - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221210 Técnicas analíticas avanzadas e sistemas de xestión da calidade e da seguridade alimentarias	- Sistema de avaliación: falta incluír a competencia CG6. - No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia. No Manual de Procesos do SGC do Centro, recentemente aprobado, no proceso PC-02 indícase na páxina 28 a información mínima da guía docente entre a que se atopa as linguas de impartición. http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/Manual-procesos-Fac-Ciencias.pdf - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221211 Enxeñaría de procesos e deseño de plantas na industria alimentaria	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado “observaciones”). Debe incluílas no sistema de avaliación. - Sistema de avaliación: debe corresponderse e respectar os intervalos indicados na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221212 Alimentación e saúde	- As horas indicadas na programación docente non son correctas. Se revisamos a ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA, as horas correctas serían as seguintes: H presenciales Trabajo personal alumno Horas totales Expositivas 9 27 36 Laboratorio 8 16 24 Seminarios 4 8 12 Tutorías 3 - 3 Total 24 51 75 - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221213 Nutrición funcional, especial e ergoxenética	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado “observaciones”). - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221216 Envases alimentarios	- Sistema de avaliación: non aparecen de xeito visible as % de avaliación nas actividades que deben corresponderse e respectar os intervalos indicados na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

P1221217 Nutrición e psicoloxía	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado “observaciones”). - No apartado observacións debe indicar o/os idioma/s de impartición da materia. No Manual de Procesos do SGC do Centro, recentemente aprobado, no proceso PC-02 indícase na páxina 28 a información mínima da guía docente entre a que se atopa as linguas de impartición. http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/ciencias/descargas/Manual-procesos-Fac-Ciencias.pdf - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
P1221218 Biotoxinas en alimentos	- As competencias aparecen con un texto que non se corresponde coa ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. Deben indicarse de xeito literal todas as competencias: básicas e xerais, transversais e específicas. (Nas fichas da Memoria das materias optativas, as competencias específicas atópanse recollidas no apartado “observaciones”). Debe corrixir códigos e contidos das mesmas e como consecuencia tamén o sistema de avaliación. - Tempo de estudo e traballo persoal: debe respectar o indicado na ficha da materia da Memoria Verificada do MINSTA. As horas correctas serían as seguintes: Horas presenciales Trabajo personal alumno Horas totales % de presencialidad Expositivas 10 30 40 25% Seminarios 5 10 15 33,3% Prácticas 6 11 17 35,3% Tutorías 3 - 3 100% TOTAL 24 51 75 - Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 06/07/2018

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 6 de xullo de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
José Manuel Martínez Ageitos	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora M^a Lourdes Vázquez por coincidirle cun exame, M^a Asunción Lage Yusty e da representante do alumnado, Ana Álvarez por atoparse fóra de Galicia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 07/07/2017, 13/09/2017, 19/10/2017, 14/11/2017, 09/02/2018, 02/03/2018, 21/03/2018 e 23/05/2018, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a

súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O Decano informou de que tras recibir diversas consultas, é preciso aclarar que as Prácticas Externas se desenvolverán no 1º semestre do 2º curso da titulación, tal e como está previsto na memoria do plan de estudos e non é posible desenvolverlas noutras datas.

O Coordinador informou acerca da marcha da matrícula que este curso é directa.

3. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.

O Decano indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFM do MINSTA, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFM en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFM para o MINSTA que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 24/07/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2018-19.

Ás 9:30 do día 24 de xullo de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
José Manuel Martínez Ageitos	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Álvarez Álvarez	Representante do Alumnado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia

O Decano e Presidente desculpa a asistencia das profesoras Beatriz Vázquez por coincidirle con outra reunión en Santiago e Marta López Cabo por motivos laborais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Coordinador informou sobre a evolución da matrícula para o vindeiro curso.

2. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2018-19.

O Decano indica que é preciso publicar a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do

MINSTA para o vindeiro curso 2018-19 da que se remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. Nun primeiro momento estaba previsto facelo neste mes de xullo, pero dado que aínda se está pendente de recibir varios convenios asinados, e entre eles algúns propiciados polo alumnado, parece máis axeitado pospoñer a publicación ata o 4 de setembro.

A continuación fíxose un resumo da situación de cada unha das prazas ofertadas na proposta.

Tras un intercambio de impresións sobre este asunto, os asistentes **toman os seguintes acordos por unanimidade:**

- Asignar a titorización de todas as prazas ofertadas ao Coordinador, Manuel Vázquez Vázquez.
- Aprobar a “Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do MINSTA para o curso 2018-19”, que se inclúe como ANEXO, na que se incorporarán todas aquelas prazas con convenios debidamente asinados a data 4 de setembro de 2018, data na que será publicada.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 20/09/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2018-19.
3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
4. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC.

Ás 12:30 do día 20 de setembro de 2018 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
José Manuel Martínez Ageitos	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Álvarez Álvarez	Representante do Alumnado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da profesora Mª Ángeles Romero por coincidirlle con docencia á mesma hora. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano informou dunha reclamación recibida a través da Oficina de Análise das

Reclamacións referente á data de publicación da convocatoria de prácticas externas do MINSTA. A continuación deu lectura ao informe remitido desde o Centro, no cal se recolle o cumprimento por parte da Facultade da normativa da USC e a imposibilidade de publicar a convocatoria no mes de xullo por ter pendente de sinatura algún convenio.

O Coordinador informou sobre a evolución da matrícula para o vindeiro curso e da necesidade de corrección dun pequeno erro na páxina web do Campus Terra na que o Máster aparece asignado á Área de Ciencias da Saúde e non a de Ciencias, tal e como lle correspondería.

2. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2018-19.

O Decano informa de que o pasado 4 de setembro se publicou a convocatoria de Prácticas Externas para alumnado do MINSTA, sendo o período de solicitudes do 5 ao 19 de setembro cun total de 42 prazas ofertadas. Tamén de que tras analizar as solicitudes e os criterios de selección, segundo o indicado na convocatoria, é preciso publicar a lista provisional de asignación de destinos, na que case todos os alumnos se lles asignou a praza solicitada en 1ª opción, a excepción de catro.

Despois de un intercambio de impresións os asistentes **acordan por unanimidade aprobar a lista provisional de asignación de destinos que se acompaña como ANEXO á presente acta, e tamén acordaron delegar no Presidente a publicación da lista definitiva de asignación de destinos sempre e cando non se produzan reclamacións**, neste caso deberán ser resoltas pola comisión.

3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha lista das propostas presentadas, e de que hai 15 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2018-19, dos cales presentaron a proposta todos menos un.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar as propostas de TFM presentadas e que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Álvarez Álvarez, Ana María	Estudo e Deseño de Estratexias para Evitar Contaminacións Cruzadas por Alérxenos na Industria Alimentaria.
Álvarez Vieites, Eva	Influencia de Microbiota Intestinal e Microbioma no Manexo Nutricional da Diabetes.
Arias Fraga, Gloria	Estudo da Expresión Xénica en Bacterias Patóxenas nos Alimentos.
Barreiro Astray, Sandra	Comparación de Métodos para el Análisis de Melatonina en Complementos Alimenticios.
Durán Durán, Rosa Ivelia	Caracterización de Materiales en Contacto con los Alimentos Mediante Espectroscopía FTIR.
Figueiras Borrajo, Nerea	Deseño dun Produto Alimenticio Vegano Enriquecido con Nanoemulsións de Bitamina B12.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Gabian Dominguez, Lucia	Tendencias Actuales en la Clarificación de Vinos.
García Layerle, María Sol	Lípidos de la Dieta con Potencial Efecto Saciante: Mecanismos y Evidencia.
Guisantes Alonso, María	Estudio Sociobiológico de Biofilms Polimicrobianos de Listeria Monocytogenes Presentes en Focos de Contaminación de Plantas de Procesado.
Leiva Lopez, Ayla	Análisis Emocional de Bebidas Alcohólicas Mediante Técnicas de Neuromarketing.
Martín Garcia, Begoña	Definición de Marcadores Peptídicos para la Caracterización de Especies Bacterianas Gram-positivas.
Pérez Osorio, Alba	Caracterización de Cepas Productoras de Aminas Biogenas Mediante Herramientas Omicas.
Sánchez Campaña, Brais	Simulación por Ordenador de una Planta de Producción de Agar a partir de Algas Rojas.
Teixeira López, Sandra	Productos Cárnicos Funcionales.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2018-19 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

Nº	ALUMNO	TÍTULO TFM	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Álvarez Álvarez, Ana María	Estudo e Deseño de Estratexias para Evitar Contaminacións Cruzadas por Alérxenos na Industria Alimentaria.	Enrique Rafael Arbones Maciñeira	500	50%	Jorge Barros Velázquez	780	25%	Alfonso Pérez Quintáns	P1221	25%
2	Álvarez Vieites, Eva	Influencia de Microbiota Intestinal e Microbioma no Manexo Nutricional da Diabetes.	José Manuel Miranda López	640	50%	Carolina Graciela Nebot García	P1221	50%			
3	Arias Fraga, Gloria	Estudo da Expresión Xénica en Bacterias Patóxenas nos Alimentos.	Carlos Manuel Franco Abuin	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
4	Barreiro Astray, Sandra	Comparación de Métodos para el Análisis de Melatonina en Complementos Alimenticios.	Mª Julia Cella López Hernández	640	50%	Mª Asunción Lage Yusty	640	50%			
5	Durán Durán, Rosa Ivella	Caracterización de Materiales en Contacto con los Alimentos Mediante Espectroscopia FTIR.	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%			
6	Figueiras Borrajo, Nerea	Deseño dun Produto Alimenticio Vegano Enriquecido con Nanoemulsións de Vitamina B12.	Jorge Barros Velázquez	780	50%	María Pilar Calo Mata	780	50%			
7	Gabian Dominguez, Lucia	Tendencias Actuales en la Clarificación de Vinos.	Juan Manuel Mesas Mesas	780	100%						
8	García Layerle, María Sol	Lípidos de la Dieta con Potencial Efecto Saciante: Mecanismos y Evidencia.	Ángel Cobos García	780	50%	Olga Díaz Rubio	780	50%			
9	Guisantes Alonso, María	Estudio Sociobiológico de Biofilms Polimicrobianos de Listeria Monocytogenes Presentes en Focos de Contaminación de Plantas de Procesado.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Juan José Rodríguez Herrera	P1221	25%	María López Cabo	P1221	25%
10	Leiva Lopez, Ayla	Análisis Emocional de Bebidas Alcohólicas Mediante Técnicas de Neuromarketing.	María Lourdes Vázquez Oderiz	640	50%	Maruxa García Quiruga	P1221	50%			
11	Martín Garcia, Begoña	Definición de Marcadores Peptídicos para la Caracterización de Especies Bacterianas Gram-positivas.	María Pilar Calo Mata	780	50%	Jorge Barros Velázquez	780	25%	Monica Carrera Mourillo	P1221	25%
12	Paz López, Lucia		Manuel Vázquez Vázquez	780	100%						
13	Pérez Osorio, Alba	Caracterización de Cepas Productoras de Aminas Biogenas Mediante Herramientas Omicas.	María Pilar Calo Mata	780	50%	Tomás González Villa	630	25%	Ignacio Ortea García	P1221	25%
14	Sánchez Campaña, Brais	Simulación por Ordenador de una Planta de Producción de Agar a partir de Algas Rojas.	Manuel Vázquez Vázquez	780	100%						
15	Teixeira López, Sandra	Productos Cárnicos Funcionales.	Olga Díaz Rubio	780	50%	Ángel Cobos García	780	50%			

O Decano informa de que se solicitará á Vicerreitoría correspondente a modificación do PDA para axustalo a estas asignacións e tamén se lle comunicarán as cotitorías de persoal alleo á USC (Área Externa) tal e como indica a normativa.

4. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC.

O Decano indicou que, segundo o Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado na

USC, corresponde a esta Comisión aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa tramitación pola Vicerreitoría competente.

As materias impartidas total ou parcialmente por profesorado da Área Externa son: Nutrición Clínica, Percepción Sensorial e Gastronomía e Microbioloxía e Tecnoloxía de Produtos Mariños.

O profesorado da Área Externa proposto para a docencia é o mesmo que o do curso anterior:

- Alma M^a Prieto Tenreiro
- Cristina Guillín Amarelle
- Juan José Rodríguez Herrera
- M^a Gemma Rodríguez Carnero
- Manuel Antonio Botana López
- Manuel Penín Álvarez
- Marta López Cabo
- Maruxa García Quiroga
- Patricia Pérez Castro
- Rocío Villar Taibo
- Rosa Argüeso Armesto

Os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de colaboración docente do persoal externo á USC** para o curso 2018-19.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 14/12/2018

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 14 de decembro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
José Manuel Martínez Ageitos	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias

O Decano e Presidente informa de que asiste como invitado o Decano recentemente electo, Francisco Fraga López, o cal presidirá a Comisión unha vez sexa nomeado polo Reitor. A continuación desculpa a asistencia das profesoras Olga Díaz por cita médica, Nieves Muñoz por coincidirlle con docencia, Mª Ángeles Romero por ter lugar hoxe o Awaress Day Galicia "EIT Food Games" do que é organizadora, Marta López Cabo por cuestións laborais e da representante do alumnado Ana Álvarez. Posteriormente comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 06/07/2018, 24/07/2018 e 20/09/2018, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O Decano cede a palabra ao Coordinador, o cal indicou que informara ao profesorado do MINSTA do trámite para a solicitude de quinquenios nesta Facultade e de que, para o título anterior, fixera a oportuna consulta ao SXOPRA atopándose á espera de resposta.

Tamén informou de que o contactaran da Sección de Admisión e Xestión da USC para que se indicara a posibilidade o non de autorizar a matrícula de novos alumnos de inicio no segundo semestre. Os asistentes manifestaron de xeito maioritario non estar a favor de autorizar a matrícula, dado que a experiencia do curso pasado xerou algúns problemas. Finalmente o Presidente indica que se celebrará na vindeira semana unha nova reunión da comisión para tratar este asunto e contestar en prazo.

A continuación, o Decano informa de que en relación ás Prácticas Externas convocadas no pasado mes de setembro, xurdiu un problema coa empresa Customdrinks, S.L. e, a alumna que tiña asignada a praza tivo que incorporarse noutra entidade de entre as vacantes ofertadas na convocatoria, concretamente en Aceites Abril, S.L., seguindo o indicado no punto 9 da convocatoria.

3. Rogos e preguntas.

O Decano amosou o seu agradecemento aos membros polo traballo desenvolvido e por permitir estar traballando desde os inicios do Máster. Os asistentes manifestaron tamén o seu agradecemento pola súa labor e dedicación.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 21/12/2018

Orde do día:

1. Informes.
2. Autorización de matrícula no 2º semestre de alumnos de inicio de estudos.

Ás 11:00 do día 21 de decembro de 2018 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias

O Decano e Presidente informa de que asiste como invitado o anterior Decano, recentemente cesado, José Manuel Martínez Ageitos. A continuación desculpa a asistencia das profesoras Mª Asunción Lage por permiso por asuntos particulares, Ana Mª Botana por motivos docentes, Mª Ángeles Romero por coincidir coa entrega do premio da Cátedra do Pan e do Cereal e Marta López Cabo por atoparse de vacacións. Posteriormente comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O Decano cede a palabra ao Coordinador, o cal indicou que seguindo co informado na anterior reunión desta Comisión relativo ao tramite de solicitude de quinquenios para o antigo título de Máster, aínda se atopaba á espera da resposta do SXOPRA.

2. Autorización de matrícula no 2º semestre de alumnos de inicio de estudios.

O Decano cede novamente a palabra ao Coordinador do Título o cal informou de que o contactaran da Sección de Admisión e Xestión da USC para que se indicara a posibilidade ou non de autorizar a matrícula de novos alumnos de inicio no segundo semestre e explicou os motivos que desaconsellaban esta autorización tomando como referencia a experiencia do curso pasado.

Finalmente, os asistentes **acordan** por unanimidade **non autorizar a matrícula de novos alumnos de inicio**, a pesar de ter prazas vacantes, xa que tendo en conta a experiencia do curso anterior, no caso de que se permita a matrícula de alumnado no 2º semestre do 1º curso, ao curso seguinte solápanse o 1º semestre de 1º e 2º curso, polo que o alumnado non pode cursalos ao mesmo tempo e isto provocaría que tivese que dedicar 3 cursos académicos para poder superar os estudos completos. Este Máster ten unha duración de 90 créditos, organizados en 3 semestres, polo que está previsto que o alumnado o supere nun curso e medio.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 29/01/2019

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2019-20.
4. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 29 de xaneiro de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Álvarez Álvarez	Representante do Alumnado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O Decano e Presidente informa de que asiste como invitado o anterior Decano, recentemente cesado, José Manuel Martínez Ageitos e tamén a Vicedecana Asteria Mª Luzardo Álvarez. A continuación desculpa a asistencia das profesoras Olga Díaz Rubio por coincidirle con docencia, Mª Ángeles Romero por ter reunión previa á mesma hora e Ana Mª Botana por gozar dun permiso por asuntos particulares. Posteriormente comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no

que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 14/12/2018 e 21/12/2018, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O Decano informou sobre o inicio da utilización da aplicación de control horario para o PDI na Facultade nas vindeiras semanas.

3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2019-20.

O Decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2019-20 para os títulos de máster e deu lectura aos aspectos mais relevantes da mesma.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, **os asistentes acordaron por unanimidade non modificar a oferta de prazas para o Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o curso 2019-20 con respecto á do presente curso** (matrícula directa, oferta total 25 prazas coa seguinte distribución: 22 ordinarias e 3 para sistemas educativos alleos EEES, sendo a oferta a tempo parcial do 15% sobre o total).

4. Rogos e preguntas.

A Profesora M^a Asunción Lage preguntou pola designación de tribunais de avaliación dos TFM. O Decano indicou que se reuniría á Comisión para este asunto a partir da data de finalización do prazo de presentación do alumnado que remata o vindeiro 5 de febreiro.

A Profesora Nieves Muñoz manifestou que sería aconsellable que fora substituída como Coordinadora do TFM no caso de que esta labor lle ocupe moito tempo xa que se atopa sobrecargada de traballo. Os asistentes suxeriron pospoñer esta valoración a que pase a primeira oportunidade dos TFM.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 08/02/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
3. PDA 2019-20.

Ás 10:30 do día 8 de febreiro de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Álvarez Álvarez	Representante do Alumnado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O Decano e Presidente informa de que asiste como invitado o anterior Decano, recentemente cesado, José Manuel Martínez Ageitos e tamén a Vicedecana Asteria Mª Luzardo Álvarez. A continuación desculpa a asistencia das profesoras Mª Ángeles Romero por formar parte dun tribunal de tese na EPS á mesma hora e Beatriz Isabel Vázquez por coincidirle con docencia. Posteriormente comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Nesta ocasión non houbo informes.

2. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2018-2019. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
Álvarez Álvarez, Ana María	Estudo e deseño de estratexias para evitar contaminación cruzadas por alérxenos na industria alimentaria láctea
Álvarez Vieites, Eva	Influencia da microbiota intestinal e do microbioma no manexo nutricional da diabetes
Barreiro Astray, Sandra	Comparación de Métodos para a Análise de Melatonina en Complementos Alimenticios
Durán Durán, Rosa Ivelia	Caracterización de materiais en contacto con alimentos por espectroscopia FTIR.
Figueiras Borrajo, Nerea	Deseño dun produto alimenticio vegano enriquecido con nanoemulsións de vitamina B12
Gabian Dominguez, Lucia	Tendencias Actuais na Clarificación de Viños.
García Layerle, María Sol	Lípidos da Dieta con Potencial Efecto Saciante: Mecanismos e Evidencias
Sánchez Campaña, Brais	Deseño por ordenador dunha planta de produción de agar a partir de algas vermellas
Teijeira López, Sandra	Produtos Cármicos Funcionais

Os asistentes **acordan por unanimidade nomear como tribunal para a avaliación dos TFM da 1ª oportunidade do curso 2018-2019 que terá lugar o vindeiro día 22 de febreiro o seguinte:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: M ^a Lourdes Vázquez Odériz	M ^a Ángeles Romero Rodríguez
Secretario: Julia Barciela García	Ana M ^a Botana López
Vocal: M ^a Amparo Alfonso Rancaño	Alejo Becerra Díaz

O Decano informou que nas vindeiras oportunidades de presentación de TFM, no caso de a Comisión decida permitir defender o TFM nun tribunal en Lugo e noutro en Santiago, será preciso levar a cabo unha modificación da actual normativa de TFM que non contempla esta posibilidade.

3. PDA 2019-20.

O Decano indica que, tendo en conta a normativa de Planificación Académica Anual para o curso 2019-20, aprobada polo Consello de Goberno, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2019-20 da titulación de Máster co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

A continuación o Decano fixo un breve resumo do mesmo e indicou que na materia P1221107 Traballo Fin de Máster se introduciu a estimación de distribución de horas por área correspondentes aos alumnos matriculados na materia no curso 2018-19 e a asignación de titores aprobada pola Comisión do Título. Tamén indicou que se propoñen as seguintes modificacións:

- A materia do MEPA P4221109 Envases Alimentarios debería figurar incluída na materia do MINSTA P1221216 Envases Alimentarios ao tratarse da mesma materia.
- A materia do MEPA P4221210 Tecnoloxías Innovadoras no Procesado e Mellora Nutricional dos Alimentos debería figurar incluída na materia do MINSTA P1221206 Tecnoloxías Innovadoras no Procesado e Mellora Nutricional dos Alimentos ao tratarse da mesma materia.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2019-20 da titulación de Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, as cuestións que poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 11/03/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Distribución da axuda do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a USC.
3. Seguimento do MINSTA 2017-18: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
4. Titorización e defensa do TFM.

Ás 10:00 do día 11 de marzo de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Salón de Graos, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Álvarez Álvarez	Representante do Alumnado	Videoconferencia con Salón de Graos, Fac. Farmacia
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O Decano e Presidente informa de que asistirá como invitada para o punto 4 da orde do día a Profesora Mª Ámparo Alfonso Rancaño, por petición propia. A continuación desculpa a asistencia da Profesora Beatriz Isabel Vázquez por coincidirle con docencia. Posteriormente comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Nesta ocasión non houbo informes.

2. Distribución da axuda do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a USC.

O Decano cédelle a palabra ao Coordinador o cal informa de que a Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo lle comunicou que ao abeiro do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións contempladas no protocolo de colaboración para o desenvolvemento dun plan de choque para o campus de Lugo durante o curso 2018-2019, contéplase unha axuda de 3.300 € para as actividades do MINSTA.

O Coordinador indicou que, co obxecto de facer unha axeitada distribución desta axuda, se pediu a colaboración do profesorado do Título para que indicara as necesidades detectadas. Tras analizar e revisar detalladamente todas as propostas recibidas, finalmente os asistentes **aproban por unanimidade a distribución da axuda do Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a USC** a cal se centrará en dúas accións: axudas para sufragar os custes de conferencias e seminarios e axudas para prácticas segundo se detalla no ANEXO que se acompaña á presente acta.

3. Seguimento do MINSTA 2017-18: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

O Decano informa de que, tal e como se veu facendo nos últimos anos cos títulos impartidos no Centro, realizase o seguimento do MINSTA para o curso 2017-18, durante o cal tivo lugar a implantación do 1º curso. Unha vez acadada a acreditación institucional da Facultade, este seguimento lévase a cabo de xeito conxunto para todos os títulos impartidos na mesma a través da Memoria de Calidade do Centro.

O Coordinador do Título indica que recompilou e puxo á disposición da Comisión todos os datos necesarios para realizar as diferentes análises de resultados do Máster, establecer accións mellora ou propostas de modificacións do mesmo. A continuación fixo un resumo dos datos máis relevantes que, ao ser o primeiro ano de implantación, non son tan amplos coma os das restantes titulacións.

A Comisión analizou a información proporcionada para levar a cabo o seguimento do Título e elaborou os informes correspondentes que se incorporan nas directrices da Memoria de Calidade

do Centro do curso 2017-18 e que recollen as reflexións levadas a cabo polos membros da Comisión. O Coordinador do Título dará traslado á Comisión de Calidade do Centro das áreas de mellora detectadas e as propostas e accións a adoptar.

A continuación, a Responsable de Calidade do Centro informou do estado das accións de mellora do curso 2017-18 e indica que non se xerou ningunha acción de mellora vinculada ao MINSTA, por tratarse do primeiro curso que se realiza o seguimento, sen embargo viuse beneficiado polas accións de mellora previstas a nivel de Centro e das que se dá conta minuciosamente do seu contido e estado na Memoria de Calidade do Centro para o curso 2017-18 no seu apartado 3.

En canto ás accións de mellora para o vindeiro curso 2018-19, o Coordinador do Título e a Responsable de Calidade do Centro, tendo en conta as reflexións e achegas debatidas nesta Comisión, propoñen as seguintes:

- Elaboración e aprobación do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias. Neste caso trátase da continuación dunha acción de mellora que quedou pendente de execución no curso 2017-18.
- Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras para favorecer os intercambios.
- Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do Centro para aumentar a matrícula do MINSTA.
- Instalación de novas infraestruturas, así como da adquisición de material e equipamento docente como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.
- Mellorar a información da páxina Web da Facultade de Ciencias e das súas titulacións.

Finalmente, os asistentes **acordan por unanimidade aprobar os informes e accións de mellora propostos que figurarán incorporados na Memoria de Calidade do Centro 2017-18** que se atopará dispoñible no enlace: <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>, unha vez aprobada na Comisión de Calidade do Centro e posteriormente pola Xunta de Facultade co informe previo favorable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

4. Titorización e defensa do TFM.

O Decano previamente á intervención dos asistentes, lembrou os contidos da normativa de TFM do MINSTA aprobada pola Xunta de Centro e posteriormente polo Consello de Goberno da USC. Incidiu no titor e as súas funcións, defensa dos TFM, tribunais de avaliación e as súas funcións e tamén sobre a Rúbrica para a avaliación dos TFM aprobada pola Comisión do Título o pasado 2 de marzo de 2018.

Tamén aclarou que o titor orientará ao alumnado na elaboración do TFM, pero o alumno é o que decide finalmente se o presenta ou non, aínda que o titor non se atope conforme con esta decisión. Neste suposto, o titor tan só poderá facer constar no seu informe, preceptivo e confidencial, as consideracións sobre o seguimento do mesmo antes da data da defensa para que se teña en conta na avaliación segundo o que indica a Rúbrica aprobada. O alumnado terá dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios fixados no calendario, ante un ou varios membros do tribunal, e o procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa á avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

Tamén pediu aos asistentes o máximo respecto pola labor levada a cabo polos membros do tribunal que, ao igual que a avaliación que pode realizar o profesorado de calquera outra materia da Titulación, non debe ser posta en dúbida, para iso o alumnado dispón dos procedementos normativos para realizar as oportunas reclamacións e revisións das cualificacións.

A continuación interviron os asistentes á Comisión e expuxeron as súas consideracións con relación a este asunto, mostrando os seus diferentes puntos de vista. Tanto os membros da Comisión que actuaron como tribunais de avaliación ou como titores indicaron a súa desconformidade con algunhas actuacións levadas a cabo por uns e outros.

Finalmente o Decano indicou que queda contrastado que a normativa de TFM e a Rúbrica de Avaliación, tal e como están establecidas tomando como base a normativa da USC, están suficientemente detalladas como para poder realizar unha avaliación dos TFM coas máximas garantías respecto á imparcialidade das cualificacións outorgadas, tan só é preciso cingirse á mesma e non trasladar á titorización dos TFMs funcións que non lles corresponden.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 14/03/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Acordo sobre a esixencia do nivel de coñecemento de lingua galega ou española para a matrícula no MINSTA.

Ás 12:30 do día 14 de marzo de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Salón de Graos, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O Decano e Presidente desculpa a asistencia da Responsable de Calidade do Centro por motivos de conciliación familiar, das profesoras Mª Ángeles Romero por atoparse noutra reunión á mesma hora, Mª Lourdes Vázquez, Ana Botana e Beatriz Isabel Vázquez por coincidirles con docencia. Posteriormente comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Neste punto o Decano informou da recepción dun escrito por parte da profesora Amparo Alfonso Rancaño na que manifestou o seu malestar tras participar como membro do tribunal de avaliación dos TFM da oportunidade de febreiro de 2019. Por este motivo, solicita a baixa da docencia na materia Biotoxinas en Alimentos para o vindeiro curso 2019-20. Este mesmo escrito foi suscrito tamén polo profesorado Luis M. Botana e Mª Carmen Louzao.

2. Acordo sobre a esixencia do nivel de coñecemento de lingua galega ou española para a matrícula no MINSTA.

O Decano informou de que o pasado 28 de febreiro o Consello de Goberno aprobou o acordo sobre a esixencia do nivel de coñecemento de lingua galega ou española para a matrícula en estudos de grao, máster e doutoramento. Segundo o apartado 2 deste acordo, a comisión de cada máster deberá indicar o nivel de coñecemento de lingua española ou galega requirido para acceder a estes estudos. Se non se indicara nada, entenderase que non será esixible este requisito.

Tras un debate acerca da necesidade ou non de esixir un determinado nivel de idioma, finalmente os asistentes **acordaron** por unanimidade requirir un mínimo de **nivel B1 ou Celga II** de coñecemento de lingua española ou galega respectivamente para o alumnado que desexe acceder a os estudos do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 05/04/2019

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
4. Solicitude de modificación da Normativa de TFM.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 5 de abril de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O decano e presidente desculpa a asistencia da Responsable de Calidade do Centro por ter concedido permiso, das profesoras Olga Díaz por suplencia nun tribunal de tese, Mª Ángeles Romero, Mª Lourdes Vázquez por coincidirle con docencia á mesma hora e Mª Asunción Lage por ter un permiso concedido, A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 29/01/2019, 08/02/2019, 11/03/2019 e 14/03/2019, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

Neste punto o coordinador informa de que xa se atopa coa confección dos horarios para o vindeiro curso académico 2019-20.

3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

O decano informa de que hai 15 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2018-19, dos cales xa presentaron a proposta 14 en comisións anteriores e nesta ocasión preséntaa tan só un alumno.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar a proposta de TFM presentada e que é a seguinte:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Paz López, Lucía	Estudio de vida útil del queso "Stracchino".

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2018-19 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

Nº	ALUMNO	TÍTULO TFM	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Álvarez Álvarez, Ana María	Estudo e Deseño de Estratexias para Evitar Contaminacións Cruzadas por Alérxenos na Industria Alimentaria.	Enrique Rafael Arbones Maciñeira	500	50%	Jorge Barros Velázquez	780	25%
2	Álvarez Vieites, Eva	Influencia de Microbiota Intestinal e Microbioma no Manexo Nutricional da Diabetes.	José Manuel Miranda López	640	50%	Carolina Graciela Nebot García	P1221	50%
3	Arias Fraga, Gloria	Estudo da Expresión Xénica en Bacterias Patóxenas nos Alimentos.	Carlos Manuel Franco Abuín	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%
4	Barreiro Astray, Sandra	Comparación de Métodos para el Análisis de Melatonina en Complementos Alimenticios.	Mª Julia Celia López Hernández	640	50%	Mª Asunción Lage Yusty	640	50%
5	Durán Durán, Rosa Ivelia	Caracterización de Materiales en Contacto con los Alimentos Mediante Espectroscopia FTIR.	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%
6	Figueiras Borrajo, Nerea	Deseño dun Produto Alimenticio Vegano Enriquecido con Nanoemulsións de Vitamina B12.	Jorge Barros Velázquez	780	50%	María Pilar Calo Mañá	780	50%
7	Gabian Dominguez, Lucía	Tendencias Actuales en la Clarificación de Vinos.	Juan Manuel Mesas Mesas	780	100%			
8	García Layerle, María Sol	Lípidos de la Dieta con Potencial Efecto Saciante: Mecanismos y Evidencia.	Angel Cobos García	780	50%	Olga Díaz Rubio	780	50%
9	Guisantes Alonso, María	Estudio Sociobiológico de Biofilms Polimicrobianos de Listeria Monocytogenes Presentes en Focos de Contaminación de Plantas de Procesado.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Juan José Rodríguez Herrera	P1221	25%
10	Leiva Lopez, Ayla	Análisis Emocional de Bebidas Alcohólicas Mediante Técnicas de Neuromarketing.	María Lourdes Vázquez Oderiz	640	50%	Maruxa García Quiroga	P1221	50%
11	Martín García, Begoña	Definición de Marcadores Peptídicos para la Caracterización de Especies Bacterianas Gram-positivas.	María Pilar Calo Mañá	780	50%	Jorge Barros Velázquez	780	25%
12	Paz López, Lucía	Estudio de vida útil del queso "Stracchino".	Patricia Regal López	640	50%	Alba Campo Cacharrón	P1221	50%
13	Pérez Osorio, Alba	Caracterización de Cepas Productoras de Aminoácidos Biogénicos Mediante Herramientas Ómicas.	María Pilar Calo Mañá	780	50%	Tomás González Villa	630	25%
14	Sánchez Campaña, Brais	Simulación por Ordenador de una Planta de Producción de Agar a partir de Algas Rojas.	Manuel Vázquez Vázquez	780	100%			
15	Teixeira López, Sandra	Productos Cárnicos Funcionales.	Olga Díaz Rubio	780	50%	Angel Cobos García	780	50%

4. Solicitude de modificación da Normativa de TFM.

O decano informa de que se recibiu un correo electrónico da profesora M^a Asunción Lage no que solicita a modificación da actual Normativa de TFM do MINSTA indicando literalmente o seguinte:

“Solicitud de Modificación de la Normativa de trabajos Fin de Mater:

1) Modificación del Art. 2. Naturaleza del trabajo fin de master

Punto 2.3

Eliminar el nº aproximado de 50 páginas cuando el trabajo sea de investigación y con estructura de artículo científico, e incluir si es posible que pueda ser escrito en inglés. Esto estaba admitido en el Máster en Innovación en Seguridad y Tecnología Alimentarias y al ser el máster actual una reconversión del anterior, no debería ser más restrictivo.

2) Modificación del Art. 6 Evaluación.

Punto 6.1: La evaluación de los trabajos se hará en la Facultad de Ciencias.

Incluir en este punto, que la evaluación puede ser realizada también en la Facultad de Farmacia, nombrando un tribunal con los Profesores del campus de Santiago, además del tribunal del campus de Lugo, de acuerdo con lo planteado en la reunión del día 29 de enero de 2019.”

Os asistentes analizaron e debateron sobre todas estas cuestións. No caso do inglés non é posible a modificación, xa que a Normativa de TFM indica que a elaboración e defensa do traballo poderá efectuarse en calquera das linguas nas que se imparte o máster, conforme á memoria de verificación do título, e nesta só se atopan recollidos o castelán e o galego.

Tras analizar a experiencia adquirida, e os pros e contras de levar a cabo unha modificación, finalmente **os asistentes acordaron por unanimidade non modificar a Normativa de TFM do MINSTA por considerala axeitada.**

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 26/04/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Proposta de horarios para o curso 2019-20.

Ás 10:00 do día 26 de abril de 2019 reúnen-se os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias

O decano e presidente desculpa a asistencia da Responsable de Calidade do Centro por ter un compromiso previo e da profesora Marta López por motivos laborais. Tamén informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo Álvarez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Neste punto o decano deu lectura a o correo recibido da Vicerreitoría de Planificación e Proxección Estratéxica referente a accións e recomendacións para aumentar a participación nas enquisas dos diferentes colectivos. Tamén informou de que o alumnado poderá realizar as enquisas de opinión sobre a docencia recibida no 2º semestre do 8 de abril ao 13 de maio. En relación a esta cuestión, dada a importancia das enquisas no ámbito da calidade e co obxecto de

fomentar a participación do alumnado, o coordinador facilitará o acceso do alumnado á aula de informática ou no caso de non ser posible remitir-lles directamente un correo solicitando a súa participación, como se ven facendo noutras titulacións do Centro desde fai anos.

2. Proposta de horarios para o curso 2019-20.

O decano informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina Web co obxecto de que se fixeran as suxestións e modificacións oportunas.

A continuación o coordinador indicou que foi preciso coordinar as incompatibilidades horarias do profesorado e os horarios co Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos pola vinculación de dúas materias entre os dous títulos.

Sobre a proposta inicial, recibíronse diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e a información recibida, os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar a proposta de horarios para o curso 2019-20 do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias** que se someterá nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade.

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosmasteres.html>

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 25/06/2019

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Proposta de modificación de representantes do alumnado e egresados.
4. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2019-20.
5. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 25 de xuño de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias

O decano e presidente desculpa a asistencia da profesora Ana Botana por coincidirle con un curso, M^a Lourdes Vázquez Oderiz por coincidirle co exame dunha das materias que imparte e Marta López Cabo por problemas de conexión co seu equipo. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 05/04/2019 e 26/04/2019, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente

antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O decano, ante a proximidade de emisión por parte dos titores de TFM do informe de seguimento, indicou que sería moi axeitado que neste informe o profesorado indique que efectivamente se someteu o TFM ao Turnitin e no caso de que detecte plaxio marcar o recadro habilitado a tal fin na aplicación Xescampus e anexar o documento reducido resultante do Turnitin.

Tamén informou de que con posterioridade á convocatoria desta comisión recibiu un email da profesora Nieves Muñoz manifestando, tal e como xa indicara nalgunha ocasión anterior, o seu desexo de renunciar á coordinación docente do TFM. **O decano dirixiuse aos asistentes co obxecto de que alguén asumira a coordinación docente do TFM e finalmente foi proposta por unanimidade a profesora Olga Díaz Rubio.**

3. Proposta de modificación de representantes do alumnado e egresados.

O decano informa de que dado que o curso académico está a piques de rematar é preciso substituír ao representante do alumnado que xa finalizou a titulación e aproveitar para designar ao representante dos egresados.

Os asistentes acordaron por unanimidade propoñer a designación como representante do alumnado a Alexandre Sánchez Campaña e como representante dos egresados a Ana Álvarez Álvarez. O decano informou de que se elevará esta proposta para a súa aprobación na vindeira Xunta de Centro que teña lugar.

4. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2019-20.

O Decano indicou que nesta ocasión os distintos coordinadores das respectivas áreas do Título realizaron unha revisión exhaustiva das programacións docentes das materias que se impartirán o vindeiro curso académico e detectáronse algunhas materias que precisan levar a cabo modificacións.

Os asistentes acordan por unanimidade aprobar as programacións docentes para o curso 2019-20 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias unha vez que se verifique que todos os cambios que é preciso realizar se levaron a cabo, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

As modificacións que é preciso realizar son as seguintes:

- a) P1221210 Técnicas analíticas avanzadas e sistemas de xestión da calidade e da seguridade alimentarias.
- Nos contidos falta por completar o programa da materia.
- b) P1221213 Nutrición funcional, especial e ergoxenética.
- O apartado Sistema de avaliación da aprendizaxe debe adaptarse a ficha da memoria de verificación do título e respectar as porcentaxes en cada un dos intervalos:

5.5.1.8 SISTEMAS DE EVALUACIÓN		
SISTEMA DE EVALUACIÓN	PONDERACIÓN MÍNIMA	PONDERACIÓN MÁXIMA
Examen final	0.0	30.0
Evaluación continua	0.0	40.0
Trabajos	0.0	60.0

Tendo en conta isto o exame non pode superar o 30%.

- Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.
- c) P1221212 Alimentación e saúde.
- Apartado Sistema de avaliación da aprendizaxe debe adaptarse a ficha da memoria de verificación do título e respectar as porcentaxes en cada un dos intervalos:

5.5.1.8 SISTEMAS DE EVALUACIÓN		
SISTEMA DE EVALUACIÓN	PONDERACIÓN MÍNIMA	PONDERACIÓN MÁXIMA
Examen final	0.0	100.0
Trabajos	0.0	35.0
Prácticas	0.0	35.0
Presentación de las prácticas	0.0	40.0

- Revisar que queden feitos estes cambios en todos os idiomas nos que figura a programación docente.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 28/06/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de tribunais de avaliación de TFM.

Ás 10:00 do día 28 de xuño de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias

O decano e presidente desculpa a asistencia da profesora Marta López Cabo por problemas de conexión co seu equipo. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O coordinador informa de que recibiu da Agencia Española de Seguridade Alimentaria unha enquisa para completar. O decano indicou que era mellor contactar coa USC xa que é posible que esta enquisa afecte a máis titulacións co obxecto de coordinarse.

2. Nomeamento de tribunais de avaliación de TFM.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2018-2019. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
Arias Fraga, Gloria	Estudo da Expresión Xénica en Bacterias Patóxenas nos Alimentos.
Leiva Lopez, Ayla	Análise Emocional de Bebidas Alcohólicas Mediante Técnicas de Neuromarketing.
Martín Garcia, Begoña	Definición de Marcadores Peptídicos para a Caracterización de Especies Bacterianas Gram-positivas.
Paz López, Lucía	Estudo de vida útil do queixo Stracchino
Sánchez Campaña, Brais	Simulación por Ordenador dunha Planta De Producción de Agar a partir de Algas Vermellas

Os asistentes **acordan por unanimidade nomear como tribunal para a avaliación dos TFM da 2ª oportunidade do curso 2018-2019 que terá lugar o vindeiro día 12 de xullo o seguinte:**

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Olga Díaz Rubio Secretario: Julia Barciela García Vocal: Beatriz Vázquez Belda	Mª Ángeles Romero Rodríguez Alejo Becerra Díaz

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 22/07/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2019-20.

Ás 10:30 do día 22 de xullo de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias

O decano e presidente desculpa a asistencia do coordinador Manuel Vázquez por estar en tribunais de TFG na Facultade de veterinaria, da profesora Marta López Cabo por atoparse de vacacións e da representante do alumnado por ter finalizado xa o Máster. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou sobre a evolución da matrícula para o vindeiro curso.

2. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2019-20.

O decano indica que é preciso publicar a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do MINSTA para o vindeiro curso 2019-20 da que ser remitiu unha proposta xunto coa

convocatoria desta Comisión. A continuación foi dando lectura á mesma e tamén ás datas máis destacadas en relación coa convocatoria resaltando que ao igual que o curso anterior o titor académico sería en todos os casos o coordinador Manuel Vázquez.

Finalmente, os asistentes **aprobaron por unanimidade a “Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do MINSTA para o curso 2019-20”** a cal se publicará nos vindeiros días e que se acompaña como ANEXO á presente acta. Tamén acordaron por unanimidade **delegar no Decano e Presidente da Comisión a facultade para realizar todos os restantes actos e publicacións derivados da presente convocatoria, sempre e cando non se produzan reclamacións**, xa que neste caso será preciso reunir á Comisión para a resolución das mesmas.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 18/09/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
3. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2019-20.
4. Consolidación de actas curso 2018-19.

Ás 10:00 do día 18 de setembro de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias

O decano e presidente desculpa a asistencia da profesora Marta López Cabo por motivos laborais. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano deu a palabra ao coordinador o cal informou sobre a evolución da matrícula para o vindeiro curso.

2. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha lista das propostas presentadas, e de que hai 19 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2019-20, dos cales presentaron a proposta todos eles.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar as propostas de TFM presentadas e que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Castrillo Aldecoa, Paula	Utilización de técnicas microscópicas como sistema de identificación de la procedencia del pan.
Guisantes Alonso, María	Estudio Sociobiológico de Biofilms Polimicrobianos de <i>Listeria Monocytogenes</i> Presentes en Focos de Contaminación de Plantas de Procesado.
Iglesias Cimadevila, Sandra	Investigación de curcumina en produtos alimenticios.
López Quintiero, Lucía Inés	Empleo de ω -3 y polifenoles como agentes antimicrobianos en la industria ganadera.
López Santamarina, Aroa	Capacidad prebiótica de las algas de Galicia.
Mañana López, Adriana	Determinación de contaminantes orgánicos e inorgánicos en alimentos mediante técnicas espectrométricas y cromatográficas.
Martínez Sánchez, Andrés	Estudio de la calidad sensorial en alimentos mediante técnicas de estadística multivariante.
Mayo García, Iván	Bacteriófagos: Nuevas herramientas en seguridad alimentaria.
Millán Sánchez, Beatriz	Contaminantes en materiales en contacto con alimentos: estudio de su comportamiento químico durante el proceso de digestión gastrointestinal.
Montero Lage, Ángel	Compuestos naturales como antimicrobianos.
Novo Otero, Marina	Desenvolvemento dun método cromatográfico para a determinación de homólogos de cloruro de benzalconio en produtos de consumo.
Pérez Monzón, Patricia	Detección de toxinas marinas del grupo de la palytoxina con métodos biológicos.
Pérez Osorio, Alba	Caracterización de Cepas Productoras de Aminas Biogenas Mediante Herramientas Omicas.
Ramos Castro, Judit	Nanotecnología aplicada a materiales activos de contacto alimentario.
Salegui Franco, Vanessa	Seguridad química de los materiales empleados en la fabricación de las cápsulas de café.
Sánchez Campaña, Alexandre	Aplicaciones recientes de bacteriocinas en seguridad alimentaria.
San Julián Fernández, Laura	Micro-ARN en leche bovina e implicaciones en la salud del consumidor.
Valle Mourenza, Helena Eugenia del	Obesidad humana: Implicaciones genéticas y dietéticas.
Veiga Galán, Aida	Riesgos microbiológicos emergentes en alimentos de origen marino en la comunidad de Galicia. Una primera aproximación.

Os asistentes **acordan por unanimidade aprobar para o curso 2019-20 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	ALUMNO	TÍTULO TFM	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Castriño Aldecoa, Paula	Utilización de técnicas microscópicas como sistema de identificación de la procedencia del pan.	Mª Angeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Lourdes Vázquez Oderiz	640	25%	Matilde Lombardero Fernández	25	25%
2	Guisantes Alonso, María	Estudio Sociobiológico de Biofilms Polimicrobianos de Listeria Monocytogenes Presentes en Focos de Contaminación de Plantas de Procesado.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Juan José Rodríguez Herrera	P1221	25%	María López Cabo	P1221	25%
3	Iglesias Cimadevila, Sandra	Investigación de curcumina en produtos alimenticios.	Mª Asunción Lage Yusty	640	50%	Mª Julia Cella López Hernández	640	50%			
4	López Quinteiro, Lucía Inés	Empleo de ω -3 y polifenoles como agentes antimicrobianos en la industria ganadera.	María Trinidad de Miguel Bouzas	630	50%	Miriam Sánchez Fernández	P1221	50%			
5	López Santamarina, Aroa	Capacidad prebiótica de las algas de Galicia.	José Manuel Miranda López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
6	Mañana López, Adriana	Determinación de contaminantes orgánicos e inorgánicos en alimentos mediante técnicas espectrométricas y cromatográficas.	Carlos Herrero Laborre	750	50%	Jorge Moreda Piñeiro	P1221	25%	Mª Isabel Turnes Carou	P1221	25%
7	Marlín Sánchez, Andrés	Estudio de la calidad sensorial en alimentos mediante técnicas de estadística multivariante.	María Nieves Muñoz Ferreiro	265	50%	Maruxa García Quiroga	P1221	50%			
8	Mayo García, Iván	Bacteriólogos: Nuevas herramientas en seguridad alimentaria.	Jorge Barros Velázquez	780	50%	María Pilar Calo Mata	780	50%			
9	Millán Sánchez, Beatriz	Contaminantes en materiales en contacto con alimentos: estudio de su comportamiento químico durante el proceso de digestión gastrointestinal.	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Letícia Barbosa Pereira	640	25%
10	Montero Lage, Ángel	Compuestos naturales como antimicrobianos.	Carlos Manuel Franco Abuiñ	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
11	Novo Otero, Marina	Desenvolvemento dun método cromatográfico para a determinación de homólogos de cloruro de benzalconio en produtos de consumo.	José Francisco Huidobro Canales	640	50%	María José González Castro	P1221	50%			
12	Pérez Monzón, Patricia	Detección de toxinas marinas del grupo de la palytoxina con métodos biológicos.	Natalia Vilarinho del Río	315	50%	Botana López Luis Miguel	315	25%	Mª Carmen Louzado Ojeda	315	25%
13	Pérez Osorio, Alba	Caracterización de Cepas Productoras de Aminoácidos Biogénicos Mediante Herramientas Ómicas.	María Pilar Calo Mata	780	50%	Tomás González Villa	630	25%	Ignacio Ortega García	P1221	25%
14	Ramos Castro, Judit	Nanotecnología aplicada a materiales activos de contacto alimentario.	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Raquel Sendón García	640	25%	Letícia Barbosa Pereira	640	25%
15	Salegui Franco, Vanessa	Seguridad química de los materiales empleados en la fabricación de las cápsulas de café.	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Letícia Barbosa Pereira	640	25%
16	Sánchez Campaña, Alexandre	Aplicaciones recientes de bacteriocinas en seguridad alimentaria.	Jorge Barros Velázquez	780	50%	María Pilar Calo Mata	780	50%			
17	Sanjulán Fernández, Laura	Micro-ARN en leche bovina e implicaciones en la salud del consumidor.	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
18	Valle Mourenza, Helena Eugenia del	Obesidad humana: Implicaciones genéticas y dietéticas.	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
19	Veiga Galán, Aida	Riesgos microbiológicos emergentes en alimentos de origen marino en la comunidad de Galicia. Una primera aproximación.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Juan José Rodríguez Herrera	P1221	25%	María López Cabo	P1221	25%

O decano informa de que entre os cotitores vinculados a Área Externa (P1221), como ven sendo habitual, case todos son profesionais, excepto tres profesores pertencentes a outras universidades e un contratado con cargo ao capítulo VI, pertencente a un proxecto de investigación. Neste último caso recibíuse por parte da directora do proxecto xustificación da súa profesionalización, tal e como se require nestes casos, que se acompaña como ANEXO á presente acta.

A continuación cando proceda solicitarase á Vicerreitoría correspondente a modificación do PDA para axustalo a estas asignacións e tamén se lle comunicarán as cotitorías de persoal alleo á USC (Área Externa) tal e como indica a normativa.

3. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2019-20.

O decano indicou que, segundo o Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado na USC, corresponde a esta Comisión aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa tramitación pola Vicerreitoría competente.

As materias impartidas total ou parcialmente por profesorado da Área Externa son: Nutrición Clínica, Percepción Sensorial e Gastronomía e Microbioloxía e Tecnoloxía de Produtos Mariños. O profesorado da Área Externa proposto para a docencia é o mesmo que o do curso anterior coa incorporación de dúas novas profesoras que se atopan sinaladas cun asterisco:

- Alma M^a Prieto Tenreiro
- Cristina Guillín Amarelle
- Juan José Rodríguez Herrera
- M^a Cristina Porca Fernández (*)
- M^a Gemma Rodríguez Carnero
- Manuel Antonio Botana López
- Manuel Penín Álvarez
- Marta López Cabo
- Maruxa García Quiroga
- Nazaret Rodríguez Novo (*)
- Patricia Pérez Castro
- Rocío Villar Taibo
- Rosa Argüeso Armesto

Os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de colaboración docente do persoal externo á USC** para o curso 2019-20.

4. Consolidación de actas curso 2018-19.

O decano cédelle a palabra ao Coordinador o cal indica que por primeira vez desde que se implantou o Máster no curso 2018-19 é preciso a cobertura e sinatura das actas consolidadas de Prácticas Externas e Traballos Fin de Máster. No caso de Prácticas Externas non parece oportuno outorgar a matrícula de honra xa que, dada a ampla variedade de titores non se conta con criterios obxectivos para poder outorgala.

No caso do TFM pódese outorgar 1 matrícula de honra. Solicitouse información aos integrantes dos tribunais de avaliación de TFM do curso 2018-19, tal e como indica a normativa, e unha vez oídos os argumentos expostos polos integrantes dos tribunais e á vista das cualificacións do alumnado, finalmente os asistentes **acordaron por unanimidade para o curso 2018-19 outorgar a matrícula de honra no TFM á alumna Lucía Paz López, e no caso das Prácticas Externas non outorgala.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 02/10/2019

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación se procede das liñas temáticas e titores de TFM.

Ás 13:00 do día 2 de outubro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O decano e presidente desculpa a asistencia das profesoras Ana Botana por ter docencia, Mª Ángeles Romero por ter unha conferencia en Santiago e Lourdes Vázquez por cita médica. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou da necesidade de ter una reunión co alumnado do 4º curso do Grao en Nutrición Humana e Dietética para insistir sobre as posibilidades que lles ofrece o MINSTA, xa que no presente curso académico tan só hai un alumno matriculado pertencente a ese Grao.

Tamén informou dunha reunión da Comisión de Titulacións do Claustro na que polo momento non houbo noticias acerca da supresión de titulacións.

2. Aprobación se procede das liñas temáticas e titores de TFM.

O decano indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFM do MINSTA, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFM en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFM para o MINSTA que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título

Reunión ordinaria: 21/11/2019

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Modificación de calendario de exames curso 2019-20.
4. Propostas de modificación da Normativa de Traballo Fin de Máster e do Procedemento de Asignación de Tutores e Presentación de Propostas de TFM.
5. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 21 de novembro de 2019 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O decano e presidente desculpa a asistencia das profesoras Mª Ángeles Romero por cita médica, Nieves Muñoz e Lourdes Vázquez por ter docencia. Tamén informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo Álvarez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 25/06/2019, 28/06/2019, 22/07/2019, 18/09/2019 e 02/10/2019, co obxecto de que os membros tiveran a

oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O decano indicou que se vai ampliar a valla publicitaria situada na parte exterior do centro para incorporar tamén publicidade do MEPA; e tamén da reunión mantida coa Vicerreitora de Comunicación na que se se informou de que teñen previsto celebrar unha serie de feiras en distintas localizacións de Galicia para a difusión das titulacións da USC.

3. Modificación de calendario de exames curso 2019-20.

O decano indica que, tras a publicación do Decreto 81/2019, do 27 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2020, tivemos coñecemento de que o día 24 de xuño de 2020 foi considerado como día festivo e dáse a circunstancia de que ese día se atopan fixados exames nas distintas titulacións do centro. Tras consultar co alumnado e profesorado propóñense as seguintes modificacións no calendario de exames:

Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias		
Materia	Data e hora inicial	Data e hora final
Estatística Aplicada (P1221101)	24/06/2020 9-10 h	25/06/2020 16-17 h

Os asistentes **aproban por unanimidade a modificación do calendario de exames 2019-20.**

4. Propostas de modificación da Normativa de Traballo Fin de Máster e do Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas de TFM.

O decano informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha proposta de modificación da Normativa de TFM e os correspondentes anexos, e tamén do Procedemento de Asignación de titores e Propostas de TFM e o seu anexo. A continuación foi dando lectura aos mesmos, estando as modificacións centradas na variación da forma de presentación dos traballos fin de máster e das correspondentes propostas que agora o alumnado realiza a través da secretaría virtual polo que xa non é preciso facer a entrega en papel. Os asistentes fixeron as achegas que consideraron procedentes e foron discutidas.

Tras incorporar as modificacións oportunas, os asistentes **acordan por unanimidade aprobar a modificación da Normativa de TFM do MINSTA e tamén do Procedemento de Asignación de Titores e Propostas de TFM, que se acompañan como ANEXOS I e II respectivamente á presente acta.**

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 24/01/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2020-21.

Ás 12:00 do día 24 de xaneiro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	Por Skype co Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC de Vigo

O decano e presidente desculpa a asistencia das profesoras Mª Asunción Lage Yusty por atoparse na Jornada de Innovación Terapéutica en Madrid, Mª Ángeles Romero e Mª Lourdes Vázquez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou das cifras de matrícula do curso actual e comentou cos asistentes da necesidade de melloralas para cumprir co requisito do número de alumnos mínimo establecido polo Decreto 222/2011. Tamén indicou que se ían poñer carteis no exterior da Facultade para promocionar as titulacións do centro

2. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2020-21.

O decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2020-21 para os títulos de máster e deu lectura aos aspectos mais relevantes

da mesma.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, **os asistentes acordaron por unanimidade non modificar a oferta de prazas para o Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o curso 2020-21 con respecto á do presente curso** (procedemento de admisión matrícula directa, oferta total 25 prazas: 22 ordinarias, 3 sistemas educativos alleos EEES e 15% a tempo parcial sobre o total).

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 07/02/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. PDA curso 2020-21.
3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

Ás 12:00 do día 7 de febreiro de 2020 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Lugar de asistencia
Francisco José Fraga López	Decano	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	Videoconferencia con Sala de Xuntas, Fac. Farmacia
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	Sala de Reunións, Fac. Ciencias

O decano e presidente desculpa a asistencia das profesoras Beatriz Vázquez e Lourdes Vázquez por coincidirles con docencia, M^a Ángeles Romero por ter outra reunión programada previamente e Marta López Cabo por motivos técnicos. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou do escrito recibido do profesorado que imparte a materia P1221218 Biotoxinas en Alimentos coa intención de deixar de impartir a materia de cara ao curso 2020-21. Neste sentido o decano indicou que xa lle comunicou ao profesorado que ata o momento en que, os departamentos que teñen encargada a docencia da materia se pronuncien, non procede tratalo no centro.

2. PDA curso 2020-21.

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2020-21 da titulación de Máster co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

A continuación o decano indicou as modificacións propostas que afectan á materia P1221107 Traballo Fin de Máster na que se introduciu a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2019-20 e á asignación de titores aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2020-21 da titulación de Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, as cuestións que poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

O Decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2019-2020. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
Castrillo Aldecoa, Paula	Utilización de técnicas microscópicas como sistema de identificación da procedencia do pan
Guisantes Alonso, María	Estudo sociobiolóxico de biopelículas polimicrobianas de <i>Listeria monocytogenes</i> presentes en focos de contaminación de plantas de procesamento
López Quintiero, Lucía Inés	Emprego de omega-3 e polifenóis como axentes antimicrobianos na industria gandeira
López Santamarina, Aroa	Capacidade prebiótica das algas de Galicia
Mañana López, Adriana	Determinación de contaminantes orgánicos e inorgánicos en alimentos mediante técnicas espectrométricas e cromatográficas
Martínez Sánchez, Andrés	Estudo da calidade sensorial en alimentos mediante técnicas de estadística multivariante.
Sánchez Campaña, Alexandre	Aplicacións recentes de bacteriocinas en seguridade alimentaria
Sanjulian Fernández, Laura	Micro-ARN en leite bovino e implicacións na saúde do consumidor
Valle Mourenza, Helena Eugenia del	Obesidade humana: implicacións xenéticas e dietarias
Veiga Galán, Aida	Riscos microbiolóxicos emerxentes en alimentos de orixe mariño na comunidade de Galicia. Unha primeira aproximación.

Os asistentes **acordan por unanimidade nomear como tribunal para a avaliación dos TFM**

da 1ª oportunidade do curso 2019-2020 que terá lugar o vindeiro día 21 de febreiro o seguinte:

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Luis M. Botana López Secretario: Cristina A. Fente Sampayo Vocal: Ángel Cobos García	Alberto Cepeda Sáez Eugenio Fernández Carrasco Carlos M. Franco Abuín

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 01/04/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

Ás 11:30 do día 1 de abril de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Email
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC
Ana Álvarez Álvarez	Representante dos egresados	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a reunión realízase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015.

A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

Neste punto o decano fixo un repaso dos acontecementos que tiveron lugar desde a declaración do estado de alarma, resolucións reitorais e recomendacións do equipo de goberno da USC, modificacións das programacións docentes para adaptalas a nova situación, enquisas realizadas ao alumnado desde a USC, docencia online, prácticas externas, TFM, etc. Os membros foron intervindo para comentar e intercambiar impresións e información acerca de todas estas cuestións.

2. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

O decano informa de que hai 20 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2019-20, dos cales xa presentaron todos a proposta en anteriores comisións e nesta ocasión preséntaa tan só un alumno.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar a proposta de TFM presentada e que é a seguinte:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Pacheco Valdivia, Adriana Betty del Carmen	Deseño e simulación dunha planta de produción de ceviche por altas presións hidrostáticas: comparación co proceso tradicional.

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2019-20 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	DATA AP.	ALUMNO	TÍTULO TFM	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	18/09/2019	Castrillo Aldecoa, Paula	Utilización de técnicas microscópicas como sistema de identificación de la procedencia del pan.	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Lourdes Vázquez Oderiz	640	25%	Matilde Lombardero Fernández	25	25%
2	20/09/2018	Guisantes Alonso, María	Estudio Sociobiológico de Biofilms Polimicrobianos de Listeria Monocytogenes Presentes en Focos de Contaminación de Plantas de Procesado.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Juan José Rodríguez Herrera	P1221	25%	María López Cabo	P1221	25%
3	18/09/2019	Iglesias Cimadevila, Sandra	Investigación de curcumina en produtos alimenticios.	Mª Asunción Lage Yusty	640	50%	Mª Julia Celia López Hernández	640	50%			
4	18/09/2019	López Quintero, Lucía Inés	Empleo de u-3 y polifenoles como agentes antimicrobianos en la industria ganadera.	María Trinidad de Miguel Bouzas	630	50%	Miriam Sánchez Fernández	P1221	50%			
5	18/09/2019	López Santamarina, Aroa	Capacidad prebiótica de las algas de Galicia.	José Manuel Miranda López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
6	18/09/2019	Mañana López, Adriana	Determinación de contaminantes orgánicos e inorgánicos en alimentos mediante técnicas espectrométricas y cromatográficas.	Carlos Herrero Latorre	750	50%	Jorge Moreda Piñeiro	P1221	25%	Mª Isabel Turnes Carou	P1221	25%
7	18/09/2019	Martínez Sánchez, Andrés	Estudio de la calidad sensorial en alimentos mediante técnicas de estadística multivariante.	María Nieves Muñoz Ferreira	265	50%	Maruxa García Quiroga	P1221	50%			
8	18/09/2019	Mayo García, Iván	Bacteriófagos: Nuevas herramientas en seguridad alimentaria.	Jorge Barros Velázquez	780	50%	María Pilar Calo Mata	780	50%			
9	18/09/2019	Millán Sánchez, Beatriz	Contaminantes en materiales en contacto con alimentos: estudio de su comportamiento químico durante el proceso de digestión gastrointestinal.	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%
10	18/09/2019	Montero Lage, Ángel	Compuestos naturales como antimicrobianos.	Carlos Manuel Franco Abián	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
11	18/09/2019	Novo Otero, Marina	Desenvolvemento dun método cromatográfico para a determinación de homólogos de cloruro de benzalconio en produtos de consumo.	José Francisco Huidobro Canales	640	50%	María José González Castro	P1221	50%			
12	01/04/2020	Pacheco Valdivia, Adriana Betty del Carmen	Diseño e simulación dunha planta de produción de ceviche por altas presións hidrostáticas: comparación co proceso tradicional.	Manuel Vázquez Vázquez	780	100%						
13	18/09/2019	Pérez Monzón, Patricia	Detección de toxinas marinas del grupo de la palytoxina con métodos biológicos.	Natalia Vilariño del Río	315	50%	Botana López Luis Miguel	315	25%	Mª Carmen Louzao Ojeda	315	25%
14	20/09/2018	Pérez Osorio, Alba	Caracterización de Cepas Productoras de Aminoácidos Biotecnológicos.	María Pilar Calo Mata	780	50%	Tomás González Villa	630	25%	Ignacio Ortea García	P1221	25%
15	18/09/2019	Ramos Castro, Judit	Nanotecnología aplicada a materiales activos de contacto alimentario.	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Raquel Sendón García	640	25%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%
16	18/09/2019	Salegui Franco, Vanessa	Seguridad química de los materiales empleados en la fabricación de las cápsulas de café.	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%
17	18/09/2019	Sánchez Campaña, Alexandre	Aplicaciones recientes de bacteriocinas en seguridad alimentaria.	Jorge Barros Velázquez	780	50%	María Pilar Calo Mata	780	50%			
18	18/09/2019	San Julián Fernández, Laura	Micro-ARN en leche bovina e implicaciones en la salud del consumidor.	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
19	18/09/2019	Valle Mourenza, Helena Eugenia del	Obesidad humana: Implicaciones genéticas y dietéticas.	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
20	18/09/2019	Veiga Galán, Aida	Riesgos microbiológicos emergentes en alimentos de origen marino en la comunidad de Galicia. Una primera aproximación.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Juan José Rodríguez Herrera	P1221	25%	María López Cabo	P1221	25%

A continuación informou de que tamén se fará a oportuna modificación do PDA 2019-20.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 29/04/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación das modificacións das programacións docentes e dos horarios e calendarios do curso 2019-20 do MINSTA, motivados pola situación extraordinaria orixinada pola COVID-19.
3. Seguimento do MINSTA 2018-19: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

Ás 10:00 do día 29 de abril de 2020 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	Email
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á declaración do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a reunión realízase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Tamén desculpa a asistencia da profesora Nieves Muñoz por coincidirlle con docencia, ademais informa de que

asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano pediu desculpas aos membros pola cantidade de correos electrónicos remitidos nos últimos días e indicou que era preciso que se informara por parte do profesorado no caso de detectar alumnado con dificultades de acceso para seguir a docencia a través das canles habilitadas ou para a avaliación co obxecto de comunicalo á USC.

Tamén deu unhas breves indicacións acerca do proceso de reincorporación, segundo as reunións mantidas nos últimos días, á espera de que se publique unha resolución reitoral ao respecto e agradeceu de xeito expreso ao profesorado da titulación pola súa colaboración na docencia, modificación das guías docentes e tamén nas cuestións referente á avaliación das materias.

2. **Aprobación das modificacións das programacións docentes e dos horarios e calendarios do curso 2019-20 do MINSTA, motivados pola situación extraordinaria orixinada pola COVID-19.**

O decano informou de que seguindo o indicado no Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019-20 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19 foi preciso modificar as guías docentes e os calendarios de exames. Os departamentos dispoñían ata o 28 de abril para introducir a data de aprobación das modificacións das guías docentes e os centros ata o 30, tanto para a aprobación das citadas modificacións como para a publicación da modificación do calendario de exames.

“Artigo 7. Publicación de calendarios e modificación das guías docentes

1. Ata o 24 de abril a dirección do Departamento deberá comunicar ao Centro cales van ser as materias con probas finais, tanto do segundo cuatrimestre e anuais (primeira e segunda oportunidades), coma do primeiro cuatrimestre (segunda oportunidade), co fin de que se poidan elaborar os calendarios de exames.

2. As modalidades de avaliación para cada materia, así como as datas de celebración dos exames, deberán facerse públicas e poñerse en coñecemento do estudantado antes do 30 de abril.

3. Paralelamente tramitarase a modificación das guías docentes a través de Xescampus”.

A continuación o coordinador do título informou do estado das guías docentes e tamén deu indicacións acerca da modificación do calendario de exames.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento a aprobación para o curso 2019-20 da modificación das guías docentes e calendario de exames correspondentes ao Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, os cales se atoparán dispoñibles nos enlaces habituais da páxina web:

<https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/titulacions.html?plan=17094&estudio=17095&codEstudio=16408&valor=9>
<https://www.usc.gal/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html>

Estes horarios someteranse á aprobación da Xunta de Centro na vindeira reunión.

3. Seguimento do MINSTA 2018-19: análise de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

O decano informa de que, tal e como se veu facendo nos últimos anos cos títulos impartidos no Centro, realizase o seguimento do MINSTA para o curso 2018-19. Unha vez acadada a acreditación institucional da Facultade, este seguimento lévase a cabo de xeito conxunto para todos os títulos impartidos na mesma a través da Memoria de Calidade do Centro.

O Coordinador do Título recompilou e puxo á disposición da Comisión todos os datos necesarios para realizar as diferentes análises de resultados do máster, establecer accións mellora ou propostas de modificacións do mesmo.

A Comisión analizou a información proporcionada para levar a cabo o seguimento do Título e elaborou os informes correspondentes que se incorporan nas directrices da Memoria de Calidade do Centro do curso 2018-19 e que recollen as reflexións levadas a cabo polos membros da Comisión. O Coordinador do Título dará traslado á Comisión de Calidade do Centro das áreas de mellora detectadas e as propostas e accións a adoptar.

A continuación, a Responsable de Calidade do Centro informou do estado das accións de mellora do curso 2018-19 relacionadas co título que foron formuladas como accións de mellora de Centro e das que se dá conta minuciosamente do seu contido e estado na Memoria de Calidade do Centro para o curso 2018-19 no seu apartado 3, das que se fixo un breve resumo. Quedou pendente de executar tan só a correspondente á elaboración e aprobación do Plan Estratéxico do Centro.

En canto ás accións de mellora para o curso 2019-20, o Coordinador do Título e a Responsable de Calidade do Centro, tendo en conta as reflexións e achegas debatidas na Comisión, propuxeron as seguintes:

- Elaboración e aprobación do plan estratéxico da Facultade de Ciencias. Neste caso trátase da continuación da acción de mellora que quedou pendente de execución no curso 2018-19.
- Modificación das normativas de Traballo Fin de Grao e de Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro.

- Revisión das rúbricas de avaliación do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro.
- Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras e nacionais para todas as titulacións do centro. Charlas informativas ó estudantado da Facultade sobre mobilidade nacional e internacional.
- Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do centro para aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan.
- Instalación de novas infraestruturas e adquisición de material e equipamento docente.
- Modificación da valla publicitaria situada no ingreso da Facultade e instalación dun cartel grande na fachada da Facultade que inclúa ademais do nome da Facultade de Ciencias tamén os nomes dos graos e mestrados que se imparten na mesma.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar os informes e accións de mellora propostos que figurarán incorporados na Memoria de Calidade do Centro 2018-19** que se atopará dispoñible no enlace: <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>, unha vez aprobada na Comisión de Calidade do Centro e posteriormente pola Xunta de Facultade co informe previo favorable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 29/06/2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2020-21.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 29 de xuño de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	VC
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade e de que desculpa asistencia a profesora Beatriz Vázquez Belda por coincidirle con tribunal de tese e de Marta López Cabo por coincidirle con outra reunión. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 21/11/2019, 24/01/2020, 07/02/2020, 01/04/2020, e 29/04/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento

2. Informes.

O decano informou dos motivos polos que foi preciso modificar día e hora da reunión que en principio estaba prevista para o 26 as 11.30 e por motivos de axenda foi preciso poñela o 29 á mesma hora.

A continuación o decano fixo un breve recorrido polas últimas normativas publicadas pola USC, e máis detalladamente das Bases para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura e Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021. Sobre esta normativa e as súas implicacións tanto nos horarios, programacións docentes, ... falouse amplamente.

A continuación o decano tamén mencionou o contido da Instrución 3/2020 sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20, sobre todo no relacionado coa presentación e defensa dos TFG e TFM por medios telemáticos, procedemento a seguir, protección de datos, ... que nas vindeiras semanas afectará directamente á presentación e defensa dos TFM.

3. Proposta de horarios para o curso 2020-21.

O decano informa de que se elaborou a proposta de horarios tendo en conta toda a normativa emitida ao respecto pola USC, e da que se deu conta no apartado de informes, e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas. Os horarios elaboráronse tendo en conta o disposto entre outras nas Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021, no relativo aos escenarios, posible redución de horas de prácticas,

O coordinador informou de que ao longo dos últimos días foi incorporando algunhas modificacións e que os horarios se confeccionaron co obxecto de que se puidieran adaptar de xeito sinxelo aos distintos escenarios en función das indicacións recibidas da USC, por mor da evolución da situación sanitaria orixinada pola COVID-19 para os vindeiros meses do curso

2020-21.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por unanimidade aprobar a proposta de horarios para o curso 2020-21 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias** que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade.

Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosgraos.html>

4. Rogos e preguntas.

O decano informa de que o pasado día 26 de xuño rematou o prazo para a presentación dos TFM, e detectouse que unha alumna cubriu todos os datos da solicitude na secretaría virtual pero non incorporou o pdf co TFM correspondente. Ante esta situación tanto a alumna como os titores do TFM manifestaron a súa preocupación xa que non contaban que se producira esta incidencia.

O decano consultou aos membros da comisión sobre que facer con este caso, xa que de non permitir a resolución desta incidencia provocaría que a alumna tivera que matricularse o vindeiro curso e defender o TFM como moi pronto no mes de febreiro de 2021.

Os asistentes, tras debater sobre este asunto, **acordaron por unanimidade e con carácter excepcional permitir que a alumna suba o TFM que lle quedou pendente á secretaría virtual.**

O decano insistiu aos asistentes de que isto non se debe producir, salvo que a incidencia sexa debida a motivos técnicos, noutro caso poderá rexeitarse.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 03/07/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

Ás 11:30 do día 3 de xullo de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade e de que desculpa asistencia a profesora Ángeles Romero por ter concedido permiso por asuntos particulares. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou de que ata que a situación sanitaria mellore se seguirán facendo as reunións

por medios telemáticos, xa que, tanto a Lei 40/2015 como o Regulamento de Réxime Interno do centro recollen esta posibilidade, e ademais desenvólvense de xeito moi satisfactorio.

O decano volveu incidir unha vez máis nas recentes normativas publicadas pola USC en especial toda a relacionada coa defensa dos TFG/TFM como son a Instrución 3/2020 da Secretaría Xeral sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20 e a Guía para a realización de probas finais telemáticas. A continuación o os asistentes comentaron diversos aspectos sobre a presentación e defensa dos TFG/TFM indicados nas mesmas de cara a clarificar o xeito de proceder por parte dos tribunais que terán que xulgar estes traballos nas vindeiras semanas.

O coordinador informou de que o vindeiro 7 e 8 de xullo terán lugar os Encontros virtuais da USC para dar a coñecer a titulación e resolver dúbidas aos potenciais alumnos do MINSTA.

2. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2019-2020. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
Iglesias Cimadevila Sandra	Investigación de curcumina en produtos alimenticios
Mayo García Iván	Bacteriófagos: novas ferramentas na seguridade alimentaria
Millán Sánchez Beatriz	Contaminantes en materiais en contacto cos alimentos: estudo do seu comportamento químico durante o proceso de dixestión gastrointestinal.
Pacheco Valdivia Adriana Betty del Carmen	Deseño e simulación dunha planta de produción de ceviche por altas presións hidrostáticas: comparación co proceso tradicional.
Perez Monzon Patricia	Detección de toxinas marinas do grupo da palitoxina con métodos biolóxicos
Ramos Castro Judit	Nanotecnoloxía aplicada a materiais activos de contacto alimentario.
Salegui Franco Vanessa	Presenza de micro e nanoplásticos no medio ambiente e alimentos

Os asistentes **acordan por unanimidade nomear como tribunal para a avaliación dos TFM da 2ª oportunidade do curso 2019-2020 que terá lugar o vindeiro día 17 de xullo o seguinte:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: José Vázquez Tato Secretario: Eugenio Fernández Carrasco Vocal: Alberto Cepeda Sáez	Carlos Manuel Franco Abuín

O decano indica que a alumna Vanesa Salegui modificou o título do seu TFM e neste caso non se solicitou á comisión esta modificación segundo o procedemento establecido na normativa de TFM do MINSTA. O coordinador indicou que estivera en conversas coa alumna e cos titores e

cotitores e que por mor da situación de emerxencia sanitaria e por descoñecemento dos prazos para efectuar a solicitude de modificación do título do TFM, a alumna non puido realizar este trámite a tempo.

Os asistentes, tras valorar este asunto e dado que o traballo está finalizado e conta co aval dos titores e cotitores, **decidiron por asentimento e con carácter excepcional aceptar a modificación do título do TFM para permitir a defensa por parte da alumna.**

Tamén **acordan por unanimidade**, segundo o recollido na Instrución 3/2020 sobre o desenvolvemento das probas finais telemáticas no curso académico 2019-20, **que a presentación e defensa dos TFM da 2ª oportunidade do curso 2019-2020 se realizará por medios telemáticos.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 29/07/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2020-21.
3. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2020-21.

Ás 11:30 do día 29 de xullo de 2020 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	email
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma, tendo en conta o indicado na Lei 40/2015. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade e de que desculpa asistencia a profesora Ana Botana por reunión dun proxecto de investigación e Marta López Cabo por atoparse de vacacións. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano empezou indicando que non tiña noticias sobre a intención da USC en canto ao escenario no que se iniciará a docencia para o vindeiro curso 2020-21, o día 31 é o previsto para que o reitor indique algo ao respecto.

A continuación informou de que se están facendo as xestións oportunas coa Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade para a instalación nas aulas dun sistema que permita ao profesorado impartir a materia simultaneamente de xeito presencial e tamén a través de medios electrónicos. En principio parece que a Vicerreitoría vai a subministrar 4 equipos, co cofinanciamento da Facultade, e outros 2 virán a través dos másteres con outras fontes de financiamento. O que non é moi probable é que vaian a estar todas funcionando para o inicio do curso no mes de setembro.

Informou tamén acerca dos recortes económicos aplicados pola USC e de que a estas alturas do ano aínda non se pode facer o reparto económico.

Por outra banda, indicou que houbo diversas consultas ao longo das últimas semanas para o MINSTA e xa hai alumnos matriculados para o curso 2020-21.

2. **Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2020-21.**

O decano informou de que dentro do período de aprobación das programacións docentes por parte dos departamentos, se remitiu un modelo orientativo que recollía as especificacións indicadas entre outras normativas nas Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021. Ademais o coordinador de título revisou todas as programacións e fóronse introducindo as modificacións necesarias para cumprir a normativa e ao mesmo tempo adaptarse aos intervalos indicados na Memoria de Verificación do Título vixente.

Tras confirmar polo coordinador que todo estaba conforme, os asistentes acordan por unanimidade **aprobar as programacións docentes para o curso 2020-21 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

3. **Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2020-21.**

O decano indica que é preciso publicar a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do MINSTA para o vindeiro curso 2020-21 da que se remitiu unha proposta xunto coa

convocatoria desta Comisión. A continuación foi dando lectura á mesma e tamén ás datas máis destacadas en relación coa convocatoria.

Finalmente tras os comentarios oportunos, **os asistentes aprobaron por unanimidade a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do MINSTA para o curso 2020-21** a cal se acompaña como ANEXO á presente acta.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 21/09/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2020-21.

Ás 10:00 do día 21 de setembro de 2020 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que desculpa asistencia a profesora Olga Díaz Rubio por atoparse de baixa médica. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano indicou que no presente curso académico a evolución da matrícula está sendo moi satisfactoria e probablemente se cubra toda a oferta.

2. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2020-21.

O decano indica que en relación á convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do

MINSTA curso 2020-21, no día de hoxe está previsto publicar a lista provisional de asignación de destinos, tendo en conta as solicitudes recibidas e as prelacións que corresponden segundo a normativa. A continuación deu lectura á proposta de lista provisional e tamén indicou que todo o alumnado se lle adxudicou a praza solicitada en 1ª opción polo que non deberían producirse reclamacións.

Finalmente, os asistentes **aprobaron por unanimidade a lista provisional de asignación de destinos da Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do MINSTA para o curso 2020-21** a cal se publicará no taboleiro electrónico da USC e posteriormente na páxina web: <https://www.usc.es/gl/centros/ciencias/MINSTA-Practicas-Externas.html>, establecendo un período de reclamacións ata o vindeiro 24 de setembro.

Tamén acordaron por unanimidade **delegar no decano e presidente da Comisión a facultade para realizar todos os restantes actos e publicacións derivados da Convocatoria de Prácticas Académicas Externas, sempre e cando non se produzan reclamacións**, xa que neste caso será preciso reunir á Comisión para a resolución das mesmas.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión extraordinaria: 02/10/2020

Orde do día:

1. Informes.
2. Aprobación se procede de liñas temáticas e títos de TFM.
3. Consolidación de actas curso 2019-20.
4. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2020-21.

Ás 10:00 do día 2 de outubro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apellidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	VC
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade e de que desculpa a asistencia da profesora Olga Díaz Rubio por cita médica, Beatriz Vázquez por motivos de traballo e Aida por docencia e outras reunións. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Informes.

O decano informou sobre a posibilidade dun positivo en COVID da evolución da matrícula que acada os 21 alumnos e de que para o caso de que sexa preciso facer algunha modificación en

horarios ou cambio de espazos debe ser en primeiro lugar autorizado por esta comisión.

O coordinador informou de que tivera noticias de que nalgún momento a Xunta de Galicia propuxera extinguir o Máster por non acadar o número mínimo de 20 alumnos o cal parece que foi xustificado pola USC en base a que o Título constitúe un complemento para o alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética.

2. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.

O decano indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFM do MINSTA, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFM en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFM para o MINSTA que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

Tamén acordaron por unanimidade delegar no decano a aprobación das liñas temáticas e titores de TFM para os vindeiros cursos sempre e cando non se produzan cambios.

3. Consolidación de actas curso 2019-20.

O decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de máster correspondentes ao curso 2019-20 é preciso a cobertura e sinatura das actas consolidadas de Traballos Fin de Máster e tamén de Prácticas Externas. No caso de Prácticas Externas non parece oportuno outorgar a matrícula de honra xa que, dada a ampla variedade de titores non se conta con criterios obxectivos para poder outorgala.

No caso do TFM pódese outorgar 1 matrícula de honra. Solicitouse información aos integrantes dos tribunais de avaliación de TFM do curso 2019-20, tal e como indica a normativa, e unha vez oídos os argumentos expostos e á vista das cualificacións do alumnado, finalmente os asistentes **acordaron por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFM presentados no curso 2019-20 á alumna Laura San Julián Fernández e no caso das Prácticas Externas non outorgala.**

4. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2020-21.

O decano indicou que, segundo o Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado na USC, corresponde a esta Comisión aprobar as propostas de colaboración docente do persoal

externo á USC, para a súa tramitación pola Vicerreitoría competente.

As materias impartidas total ou parcialmente por profesorado da Área Externa son: Nutrición Clínica, Percepción Sensorial e Gastronomía e Microbioloxía e Tecnoloxía de Produtos Mariños. O profesorado da Área Externa proposto é o mesmo que o do curso anterior, salvo no caso da profesora Cristina Guillín Amarelle que foi substituída por Cristina Gil Mouce. A proposta é a seguinte:

- Alma M^a Prieto Tenreiro
- Cristina Gil Mouce
- Juan José Rodríguez Herrera
- M^a Cristina Porca Fernández
- M^a Gemma Rodríguez Carnero
- Manuel Antonio Botana López
- Manuel Penín Álvarez
- Marta López Cabo
- Maruxa García Quiroga
- Nazaret Rodríguez Novo
- Patricia Pérez Castro
- Rocío Villar Taibo
- Rosa Argüeso Armesto

Os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de colaboración docente do persoal externo á USC** para o curso 2020-21. Tamén acordan por unanimidade **delegar no decano para os vindeiros cursos a aprobación desta proposta e comunicación á Vicerreitoría correspondente.**

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 20/10/2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:15 do día 20 de outubro de 2020 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade e de que desculpa a asistencia da profesora Nieves Muñoz por coincidirlle con docencia. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no

que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 29/06/2020, 03/07/2020, 29/07/2020, 21/09/2020 e 02/10/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

2. Informes.

O decano informou sobre cuestións de contido económico e tamén relativas a COVID19, informando de contaxios, cribado ao alumnado da USC e solicitude tamén para PDI e PAS.

Tamén informou da proposta para o premio ao/á estudante mellor valorado/a nas prácticas extracurriculares do Consello Social de unha alumna do MINSTA.

3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha lista das propostas presentadas, e de que hai 11 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2020-21, dos cales presentaron proposta 10 deles. No caso da alumna Marina Novo tan só se trata dunha modificación de titor por xubilación do que tiña asignado polo que a presentou novamente para aprobación.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar as propostas de TFM presentadas e que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Beiroa Rey, Romina Micaela	Influencia de los procesos migratorios en la cultura alimentaria latinoamericana.
Bustillos Ortiz, Diana	Evaluación de la correlación entre el cambio climático y la aparición de problemas de seguridad alimentaria. Una aproximación meta-analítica a dos casos de estudio: los moluscos bivalvos en Galicia y los productos de la pesca de relevancia socio-económica en Ecuador.
Flórez Mora, María	Potencial prebiótico de la quitina en sujetos adultos
García Roldán, Aitor	Estudio de autenticidad de vino D.O. Douro. Hibridación del ADN del vino mediante transistores de efecto de campo de grafeno
Gómez Roncal, Saioa	Miniaturización de dispositivos para la amplificación de DNA y su aplicación en la detección de variedades de uva y vid con Denominación de Origen Douro y de microorganismos alterantes responsables del deterioro en un preparado de frutas comercial.
Lago Lestón, María	Seguridade alimentaria en algas mariñas da costa de Galicia
López Veiga, Vanesa	Estudo de MicroARN como biomarcadores de diabetes mellitus tipo 2 en pacientes prediabéticos
Novo Otero, Marina	Desenvolvemento dun método cromatográfico para a determinación de homólogos de cloruro de benzalconio en produtos de consumo.
Rodríguez Cañas, Inés	Desenvolvemento dun método para a análise de micotoxinas en queixos baseado na cromatografía de líquidos acoplada á detección por espectrometría de masas
Santos Velasco, Isabel	Desarrollo y Aplicación de Kits Sensoriales para la Detección de Anosmia y Ageusia

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2020-21 a seguinte táboa de**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

asignación de títolos e cotítolos a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotítolos leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar máis estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.

	ALUMNO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Beiroa Rey, Romina Micaela	Influencia de los procesos migratorios en la cultura alimentaria latinoamericana.	Mª Asunción Lage Yusty	640	50%	Mª Julia Celia López Hernández	640	50%			
2	Bustillos Ortiz, Diana	Evaluación de la correlación entre el cambio climático y la aparición de problemas de seguridad alimentaria. Una aproximación meta-analítica a dos casos de estudio: los moluscos bivalvos en Galicia y los productos de la pesca de relevancia socio-económica en Ecuador.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Juan José Rodríguez Herrera	P1221	25%	Marta López Cabo	P1221	25%
3	Flórez Mora, María	Potencial prebiótico de la quinoa en sujetos adultos	José Manuel Miranda López	640	100%						
4	García Roldán, Aitor	Estudio de autenticidad de vino D.O. Douro. Hibridación del ADN del vino mediante transistores de efecto de campo de grafeno	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Marta Prado Rodríguez	P1221	50%			
5	Gómez Roncal, Saioa	Miniaturización de dispositivos para la amplificación de DNA y su aplicación en la detección de variedades de uva y vid con Denominación de Origen Douro y de microorganismos alterantes responsables del deterioro en un preparado de frutas comercial.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Marta Prado Rodríguez	P1221	50%			
6	Lago Lestón, María	Seguridade alimentaria en algas mariñas da costa de Galicia	Leticia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
7	López Veiga, Vanesa	Estudo de MicroARN como biomarcadores de diabetes mellitus tipo 2 en pacientes prediabéticos	Alberto Cepeda Sáez	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
8	Novo Otero, Marina	Desenvolvemento dun método cromatográfico para a determinación de homólogos de cloruro de benzalconio en produtos de consumo.	Manuel Vázquez Vázquez	640	50%	María José González Castro	P1221	50%			
9	Rodríguez Cañás, Inés	Desenvolvemento dun método para a análise de micotoxinas en queixos baseado na cromatografía de líquidos acoplada á detección por espectrometría de masas	Luis Miguel Botana López	315	50%	Jesús Mª González Jarín	P1221	50%			
10	Santos Velasco, Isabel	Desarrollo y Aplicación de Kits Sensoriales para la Detección de Anosmia y Ageusia	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Maruxa García Quiroga	P1221	50%			

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 18/12/2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Solicitude de modificación de proposta de TFM e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 18 de decembro de 2020 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade e de que desculpa a asistencia da profesora Olga Díaz, Mª Ángeles Romero e Lourdes Vazquez por coincidirles con docencia, e de Marta López por problemas técnicos. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 20/10/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou que nesta ocasión non hai nova información, o coordinador fixo a mesma consideración.

3. Solicitude de modificación de proposta de TFM e asignación de titores.

O decano informa de que se recibiu unha solicitude de modificación de proposta de TFM da alumna Marina Novo Otero que foi remitida xunto coa convocatoria.

Tras unha análise da mesma que implica modificación do título e tamén do titor, os asistentes **acordaron por unanimidade aceptar a modificación da proposta de TFM presentada e que é a seguinte:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Novo Otero, Marina	Determinación de compostos de amonio cuaternario en alimentos

Motivado por este cambio, os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2020-21 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

Nº	DATA AP.	ALUMNO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	20/10/2020	Beiroa Rey, Romina Micaela	Influencia de los procesos migratorios en la cultura alimentaria latinoamericana.	Mª Asunción Lage Yusty	640	50%	Mª Julia Celia López Hernández	640	50%			
2	20/10/2020	Bustillos Ortiz, Diana	Evaluación de la correlación entre el cambio climático y la aparición de problemas de seguridad alimentaria. Una aproximación meta-analítica a dos casos de estudio: los moluscos bivalvos en Galicia y los productos de la pesca de relevancia socio-económica en Ecuador.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Juan José Rodríguez Herrera	P1221	25%	Marta López Cabo	P1221	25%
3	20/10/2020	Flórez Mora, María	Potencial prebiótico de la quítina en sujetos adultos	José Manuel Miranda López	640	100%						
4	20/10/2020	García Roldán, Aitor	Estudio de autenticidad de vino D.O. Douro. Hibridación del ADN del vino mediante transistores de efecto de campo de grafeno	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Marta Prado Rodríguez	P1221	50%			
5	20/10/2020	Gómez Roncal, Saioa	Miniaturización de dispositivos para la amplificación de DNA y su aplicación en la detección de variedades de uva y vid con Denominación de Origen Douro y de microorganismos alterantes responsables del deterioro en un preparado de frutas comercial.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Marta Prado Rodríguez	P1221	50%			
6	20/10/2020	Lago Lestón, María	Seguridade alimentaria en algas mariñas da costa de Galicia	Leticia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
7	20/10/2020	López Veiga, Vanesa	Estudo de MicroARN como biomarcadores de diabetes mellitus tipo 2 en pacientes prediabéticos	Alberto Cepeda Sáez	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
8	18/12/2020	Novo Otero, Marina	Determinación de compostos de amonio cuaternario en alimentos	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	María José González Castro	P1221	50%			
9	20/10/2020	Rodríguez Cañas, Inés	Desenvolvemnto dun método para a análise de micotoxinas en queixos baseado na cromatografía de líquidos acoplada á detección por espectrometría de masas	Luis Miguel Botana López	315	50%	Jesús Mª González Jarín	P1221	50%			
10	20/10/2020	Santos Velasco, Isabel	Desarrollo y Aplicación de Kits Sensoriales para la Detección de Anosmia y Ageusia	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Maruxa García Quiroga	P1221	50%			

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 14/01/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Solicitude de modificación de proposta de TFM e asignación de titores.
4. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2021-22.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 14 de xaneiro de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade, e de que desculpa a asistencia da profesora Olga Díaz e Nieves Muñoz por coincidirles coa realización do exame das materias que imparten. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 18/12/2020, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou da reunión mantida co reitor o pasado día 7 de xaneiro, na que se indicou que tanto a programación dos exames como da docencia do 2º semestre se manterían segundo o previsto. A continuación informou de que xa se rematou de instalar as cámaras e tamén de que se vai a impartir formación ao profesorado acerca do uso das mesmas.

A continuación o coordinador destacou o alto interese amosado en cursar o MINSTA por parte do alumnado procedente de países de latinoamérica, o cal espera que redunde no número de matriculados no vindeiro curso.

3. Solicitud de modificación de proposta de TFM e asignación de titores.

O decano informa de que se recibiron o pasado mes de decembro dúas solicitudes de modificación de propostas de TFM que foron remitidas xunto coa convocatoria.

Tras unha análise das mesmas, que implican tan só modificación do título, os asistentes **acordaron por unanimidade aceptar as modificacións de propostas de TFM presentada e que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
García Roldán, Aitor	Desenvolvemento dun dispositivo miniaturizado baseado en ADN e transistores de efecto de campo de grafeno para identificación varietal de uvas en viños D.O. Douro e Porto
Gómez Roncal, Saioa	Desenvolvemento dun dispositivo miniaturizado para a amplificación de ADN de forma isoterma e a súa aplicación na detección de microorganismos patóxenos responsables da deterioración nun preparado de froitas comercial.

Motivado por este cambio, os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2020-21 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	ALUMNO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Beiroa Rey, Romina Micaela	Influencia de los procesos migratorios en la cultura alimentaria latinoamericana.	Mª Asunción Lage Yusty	640	50%	Mª Julia Celia López Hernández	640	50%			
2	Bustillos Ortiz, Diana	Evaluación de la correlación entre el cambio climático y la aparición de problemas de seguridad alimentaria. Una aproximación meta-analítica a dos casos de estudio: los moluscos bivalvos en Galicia y los productos de la pesca de relevancia socio-económica en Ecuador.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Juan José Rodríguez Herrera	P1221	25%	Marta López Cabo	P1221	25%
3	Flórez Mora, María	Potencial prebiótico de la quinoa en sujetos adultos	José Manuel Miranda López	640	100%						
4	García Roldán, Aitor	Desenvolvemento dun dispositivo miniaturizado baseado en ADN e transistores de efecto de campo de grafeno para identificación varietal de uvas en viños D.O. Douro e Porto	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Marta Prado Rodríguez	P1221	50%			
5	Gómez Roncal, Saioa	Desenvolvemento dun dispositivo miniaturizado para a amplificación de ADN de forma isoterma e a súa aplicación na detección de microorganismos patóxicos responsables da deterioración nun preparado de froitas comercial.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Marta Prado Rodríguez	P1221	50%			
6	Lago Lestón, María	Seguridade alimentaria en algas mariñas da costa de Galicia	Letícia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
7	López Veiga, Vanesa	Estudo de MicroARN como biomarcadores de diabetes mellitus tipo 2 en pacientes prediabéticos	Alberio Cepeda Sáez	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
8	Novo Otero, Marina	Determinación de compostos de amonio cuaternario en alimentos	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	María José González Castro	P1221	50%			
9	Rodríguez Cañás, Inés	Desenvolvemento dun método para a análise de micotoxinas en queixos baseado na cromatografía de líquidos acoplada á detección por espectrometría de masas	Luis Miguel Botana López	315	50%	Jesús Mª González Jartín	P1221	50%			
10	Santos Velasco, Isabel	Desarrollo y Aplicación de Kits Sensoriales para la Detección de Anosmia y Ageusia	Mª Angeles Romero Rodríguez	780	50%	Maruxa García Quiroga	P1221	50%			

4. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2021-22.

O decano informa de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de comunicación de límite de prazas para o curso 2021-22. Indica que a oferta aprobada o curso pasado por esta comisión e posteriormente pola Xunta de Centro foi modificada por parte da Secretaría Xeral de Universidades e que parece conveniente mantela de cara ao vindeiro curso, por considerala bastante axustada, xa que a matrícula estivo arredor dos 20 alumnos e cada vez o alumnado estranxeiro mostra un maior interese en cursar o MINSTA.

O coordinador do título manifestou o seu desexo de ofertar máis prazas.

Despois dun intercambio de impresións sobre este asunto, **os asistentes acordaron por unanimidade, para o Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, manter a mesma oferta de prazas para o curso 2021-22 que a do curso actual:** procedemento de admisión matrícula directa, **oferta total 20 prazas:** 10 ordinarias, 10 sistemas educativos alleos EEES e 15% a tempo parcial sobre o total de prazas ofertadas.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 08/02/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
4. PDA curso 2021-22.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 8 de febreiro de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade, e de que desculpa a asistencia da profesora Aida Jover e Ángeles Romero por coincidirles con docencia e Olga Díaz por cita médica. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 14/01/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou de que a docencia seguiría online ata o vindeiro día 17 de febreiro, tal e como estaba previsto e a partir desa data estaremos ao que as autoridades sanitarias e a USC indiquen.

3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2020-2021. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
1	Beiroa Rey, Romina Micaela	Influencia de los procesos migratorios en la cultura alimentaria latinoamericana.
2	Flórez Mora, María	Potencial prebiótico de la quitina en sujetos adultos
3	García Roldán, Aitor	Desenvolvemento dun dispositivo miniaturizado baseado en ADN e transistores de efecto de campo de grafeno para identificación varietal de uvas en viños D.O. Douro e Porto
4	Gómez Roncal, Saioa	Desenvolvemento dun dispositivo miniaturizado para a amplificación de ADN de forma isoterma e a súa aplicación na detección de microorganismos patóxenos responsables da deterioración nun preparado de froitas comercial.
5	López Veiga, Vanesa	Estudo de MicroARN como biomarcadores de diabetes mellitus tipo 2 en pacientes prediabéticos
6	Rodríguez Cañas, Inés	Desenvolvemento dun método para a análise de micotoxinas en queixos baseado na cromatografía de líquidos acoplada á detección por espectrometría de masas
7	Santos Velasco, Isabel	Desarrollo y Aplicación de Kits Sensoriales para la Detección de Anosmia y Ageusia

Os asistentes **acordan por unanimidade nomear como tribunal para a avaliación dos TFM indicados o seguinte:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Carlos Manuel Franco Abuín Secretario: Ana Isabel Rodríguez Bernaldo de Quirós Vocal: Carlos Herrero Latorre	Mª Jesús Sáinz Osés Patricia Regal López Mª Pilar Calo Mata

Tamén **acordan por unanimidade**, segundo o recollido na Normativa de TFM do MINSTA e tendo en conta a Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-21, **que a presentación e defensa dos TFM da 1ª oportunidade do curso 2020-2021 se realizará por medios telemáticos.**

A continuación a representante do PAS advirte dun erro no calendario dos TFM colgado na páxina web, e da necesidade de substituír na táboa a data de revisión de cualificacións que indicaba 25 e 26 de marzo de 2021 por 25 e 26 de febreiro de 2021.

O coordinador do título foi consultado sobre a proposta de tribunais e indicou que os membros do mesmo vanse rotando en cada oportunidade de defensa.

4. PDA curso 2021-22.

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2021-22 da titulación de Máster co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

A continuación o decano indicou as modificacións propostas que afectan á materia P1221107 Traballo Fin de Máster na que se introduciu a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2020-21 e á asignación de titores aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2021-22 da titulación de Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, as cuestións que poidan xurdir ata o remate do prazo, **someteranse á aprobación da Xunta de Centro** que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto comentouse a situación da materia optativa Envases Alimentarios ao tratarse dunha materia moi específica e atoparse de baixa médica o profesor que normalmente a imparte.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 09/04/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2021-22.
4. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
5. Seguimento do MINSTA 2019-20: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
6. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 9 de abril de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que desculpa a asistencia das profesoras Nieves Muñoz, Lourdes Vázquez, Olga Díaz e Mª Ángeles Romero por coincidirllles con docencia; tamén a da profesora Marta López por ter outra reunión á mesma hora. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 08/02/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou de que, dada a complexidade cada vez maior para a organización dos horarios derivado do incremento do nº de cursos e das necesidades de compatibilizar o horario do profesorado nos distintos centros, vaise dispoñer dunha nova aula de informática, a nº4, de cara ao vindeiro curso, que contará con 19 postos e estará situada detrás da aula de informática nº2.

Tamén de que aínda se atopa pendente de asinar o convenio acordado coa Secretaría Xeral de Universidades para o acondicionamento de 2 novos laboratorios para o Grao en Bioquímica, que ao mesmo tempo se utilizarán para outras titulacións, permitindo un maior flexibilidade e dispoñibilidade de cara á impartición das prácticas de laboratorio.

A continuación tamén indicou que se vai acometer proximamente a 1ª parte da reparación da climatización do edificio de laboratorios, quedando a 2ª parte para o vindeiro curso.

Tamén informou que xa manifestara a USC a súa desconformidade coas datas previstas para a confección dos horarios que, tras o retraso do calendario académico e ao coincidir a Semana Santa nese mesmo período, dificultaron a elaboración e aprobación, a cal foi preciso realizar en moi pouco tempo.

A continuación cedeulle a palabra ao coordinador do título o cal informou sobre a convocatoria para a concesión da mención de excelencia a titulacións universitarias oficiais de máster impartidas polas universidades do Sistema Universitario de Galicia no curso académico 2020-2021, para o cal foron convocados a unha xuntanza coa vicerreitora de Titulacións. Para poder optar á mención é preciso cumprir un gran número de requisitos entre os que esta o nº de alumnos polo que non se acudirá á convocatoria, ademais o número de concesións é moi baixo, tan só 3 para todo o SUG.

3. Proposta de horarios para o curso 2021-22.

O decano informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados na páxina Web co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do calendario académico e as incompatibilidades horarias do profesorado que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso coordinar.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración.

Sobre a proposta inicial, recibíronse diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días e nesta mesma reunión.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2021-22 do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias** que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<https://www.usc.es/gl/centros/ciencias/horariosmasteres.html>

4. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

O decano informa de que hai 11 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2020-21, dos cales 10 presentaron a súa proposta en anteriores comisións e nesta ocasión preséntaa tan só 1 alumno.

Os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar a proposta de TFM presentada e que é a seguinte:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Marín De Jesús, Andrés	Posta en marcha e elaboración dun protocolo de funcionamento dun esterilizador de superficie raspada para produtos viscosos

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2020-21 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	ALUMNO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Beiroa Rey, Romina Micaela	Influencia de los procesos migratorios en la cultura alimentaria latinoamericana.	Mª Asunción Lage Yusty	640	50%	Mª Julia Celia López Hernández	640	50%			
2	Bustillos Ortiz, Diana	Evaluación de la correlación entre el cambio climático y la aparición de problemas de seguridad alimentaria. Una aproximación meta-analítica a dos casos de estudio: los moluscos bivalvos en Galicia y los productos de la pesca de relevancia socio-económica en Ecuador.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Juan José Rodríguez Herrera	P1221	25%	María López Cabo	P1221	25%
3	Flórez Mora, María	Potencial prebiótico de la quinoa en sujetos adultos	José Manuel Miranda López	640	100%						
4	García Roldán, Aitor	Desenvolvemento dun dispositivo miniaturizado baseado en ADN e transistores de efecto de campo de grafeno para identificación varietais de uvas en viños D.O. Douro e Porto	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	María Prado Rodríguez	P1221	50%			
5	Gómez Roncal, Saioa	Desenvolvemento dun dispositivo miniaturizado para a amplificación de ADN de forma isoterma e a súa aplicación na detección de microorganismos patóxenos responsables da deterioración nun preparado de froitas comercial.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	María Prado Rodríguez	P1221	50%			
6	Lago Lestón, María	Seguridade alimentaria en algas mariñas da costa de Galicia	Letícia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
7	López Veiga, Vanesa	Estudo de MicroARNs como biomarcadores de diabetes mellitus tipo 2 en pacientes prediabéticos	Alberto Cepeda Sáez	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
8	Marín De Jesús, Andrés	Posla en marcha e elaboración dun protocolo de funcionamento dun esterilizador de superficie raspada para produtos viscosos	Angel Cobos García	780	50%	Luis Aldeanueva Potel	P1221	50%			
9	Novo Otero, Marina	Determinación de compostos de amonio cuaternario en alimentos	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	María José González Castro	P1221	50%			
10	Rodríguez Cañas, Inés	Desenvolvemento dun método para a análise de micotoxinas en queixos baseado na cromatografía de líquidos acoplada á detección por espectrometría de masas	Luis Miguel Botana López	315	50%	Jesús Mª González Jartín	P1221	50%			
11	Santos Velasco, Isabel	Desarrollo y Aplicación de Kits Sensoriales para la Detección de Anosmia y Ageusia	Mª Angeles Romero Rodríguez	780	50%	Maruxa García Quiroga	P1221	50%			

A continuación informou de que tamén se fará a oportuna modificación do PDA 2020-21.

5. Seguimento do MINSTA 2019-20: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do MINSTA para o curso 2019-20 que se acompaña como ANEXO a este acta**, que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 07/06/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2021-22.
4. Solicitude de modificación de proposta de TFM e asignación de titores.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 7 de xuño de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que desculpa a asistencia das profesoras Aida Jover por ter exame da materia que imparte, M^a Lourdes Vázquez por ter revisión de exames e M^a Ángeles Romero por ter outra reunión previamente concertada. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 09/04//2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou sobre o protocolo para os actos de graduación do alumnado da USC que indica que os actos académicos de graduación só se poderán celebrar nas instalacións da Universidade, en horario de mañá e coa asistencia só de membros da comunidade universitaria. Os actos que non se celebren nas instalacións da Universidade non terán a consideración de acto académico de graduación e serán responsabilidade dos organizadores e dos titulares dos establecementos nos que se realicen, sendo a eventual participación de membros da comunidade universitaria a título persoal.

Tamén indicou que o inicio do vindeiro curso académico a docencia está prevista de xeito presencial pero que aínda non se concretou pola administración a separación a ter en conta nos espazos docentes das universidades, aínda que xa se concretou para outros niveis educativos, esperando que a situación mellore con respecto á actual.

A continuación tamén informou de que se modificou o sistema de matrícula nos estudos de máster por parte da USC non permitindo a matrícula de forma directa, senón mediante solicitude, logo lista de admisión e posteriormente data para a matrícula. É un sistema un pouco máis complexo que o de cursos pasados, sobre todo para o alumnado estranxeiro que adicionalmente precisa obter na páxina do Ministerio competente a declaración de equivalencia da nota media do seu expediente académico pero espérase que non afecte de xeito negativo á matrícula.

Tamén informou de que, como consecuencia de que non se presentou ningún alumno como representante a Xunta de Centro, quedaríamos sen representación do alumnado na comisión polo que co acordo dos asistentes solicitou ao coordinador que a principios de curso se designe un delegado entre o alumnado para acudir en calidade de invitado ás comisións.

3. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2021-22.

O decano informou de que dentro do período de aprobación das programacións docentes por parte dos departamentos, se remitiu un modelo orientativo que recollía as especificacións indicadas no plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-22, acompañado do citado plan e do enlace á memoria do título. Ademais os coordinadores correspondentes revisaron todas as programacións e fóronse introducindo as modificacións necesarias para cumprir a normativa e ao mesmo tempo adaptarse ao indicado na citada

memoria. A continuación, o coordinador do título informou de xeito resumido da situación das distintas materias.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2021-22 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

4. Solicitude de modificación de proposta de TFM e asignación de titores.

O decano informa de que o pasado 18 de maio se recibiu solicitude de modificación da proposta de TFM da alumna María Lago Lestón que foi remitida xunto coa convocatoria.

Tras unha análise da mesma, que non implica cambio nos titores e cotitores, os asistentes **acordaron por unanimidade aceptar a modificación da proposta de TFM presentada e que é a seguinte:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Lago Lestón, María	Algas mariñas da costa de Galicia: unha achega á seguridade alimentaria e o seu interese como alimento funcional

A continuación o decano informa de que no caso da cotitorización do TFM do alumno Andrés Marín de Jesús, a vicerreitoría non autorizou a cotitorización de Luis Aldeanueva Potel á espera de regulamentar as cotitorizacións realizadas polo PAS da USC, polo que se retira a cotitorización outorgándolle ao titor Ángel Cobos a totalidade da titorización.

Motivado por estes dous cambios, os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2020-21 a táboa de asignación de titores e cotitores a TFM que se acompaña como ANEXO, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar máis estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

A continuación informou de que tamén se fará a oportuna modificación do PDA 2020-21.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 02/07/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 2 de xullo de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade, e de que desculpa a asistencia da profesora Beatriz Vázquez e Lourdes Vázquez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/06/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou de que a Facultade está a facer una difusión das súas titulacións nas redes sociais de xeito rotatorio, promocionando cada día unha titulación de grao ou máster do centro a cal está tendo boa acollida e conta con un número importante de visitas.

Tamén que se recibiu o borrador do Regulamento de uso dos espazos da Universidade de Santiago de Compostela o cal se remitirá para que todos podan facer ao mesmo as suxestións que estimen oportunas.

Xa para finalizar informou de segue sen concretarse polo momento a separación a ter en conta nos espazos docentes das universidades de cara ao vindeiro curso académico.

A continuación o coordinador do título informou da solicitude e concesión dunha axuda económica de 1.500 € para a realización de actividades de investigación e/ou transferencia no ámbito do desenvolvemento rural no Campus de Lugo, as cales se financian ao abeiro do Convenio de cooperación entre a Excm. Deputación de Lugo e a USC.

3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa o 16 de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2020-2021. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
1	Bustillos Ortiz, Diana	Avaliación da correlación entre o cambio climático e a aparición de problemas de seguridade alimentaria. Unha aproximación metaanalítica a dous estudos de caso: os moluscos bivalvos en Galicia e os produtos da pesca socioeconóm. relevante no Ecuador
2	Marín De Jesús, Andrés	Posta en marcha e elaboración dun protocolo de funcionamento dun esterilizador de superficie raspada para produtos viscosos

Os asistentes **acordan por unanimidade nomear como tribunal para a avaliación dos TFM indicados o seguinte:**

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: M ^a Pilar Calo Mata Secretario: Raquel Sendón García Vocal: Patricia Regal López	M ^a Asunción Lage Yusty M ^a Trinidad de Miguel Bouzas Vicente Ángel López López

Tamén **acordan por unanimidade**, segundo o recollido na Normativa de TFM do MINSTA e tendo en conta a Instrución 5/2020 da Secretaría Xeral pola que se establecen medidas para o uso seguro dos medios telemáticos na docencia, a avaliación e o funcionamento dos órganos colexiados no curso 2020-21, **que a presentación e defensa dos TFM da 2ª oportunidade do curso 2020-2021 se realizará por medios telemáticos.**

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 23/07/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2021-22.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 23 de xullo de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que desculpa asistencia a profesora Olga Díaz Rubio e Marta López Cabo e de que asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 02/07/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou que en relación ao inicio do curso académico aínda non hai novas e está previsto levar a cabo unha reunión na última semana do mes de agosto para que a universidade indique as medidas a adoptar de cara ao vindeiro curso.

Tamén comentou que os decanos manifestaran á universidade o seu descontento por fixar como día de celebración de apertura do curso académico o 10 de setembro, data na que na maioría dos centros hai clases fixadas nos horarios.

A continuación informou da evolución da matrícula das distintas titulacións do centro e tamén da celebración os días 14, 15 e 16 de setembro das actividades de benvinda para o alumnado de novo ingreso que está a organizar a Área de Cultura do Campus de Lugo.

3. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2021-22.

O decano indica que é preciso publicar a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do MINSTA para o vindeiro curso 2021-22 da que se remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. A continuación indicou que na presente edición se simplificou a convocatoria e o procedemento de solicitude, xa que a maioría dos anexos salvo a oferta de prazas estarán dispoñibles na nova web que se creou para as prácticas externas na intranet da USC e ademais vaise a utilizar un formulario de solicitude confeccionado a través de Microsoft Forms que facilitará e simplificará o proceso para o alumnado.

A continuación a coordinadora de prácticas externas informou das prazas dispoñibles e dalgunhas que aínda estaban pendentes de sinatura de convenios. Tamén se informou do calendario aproximado de solicitudes, listas, reclamacións e renuncias, para finalmente incorporarse o alumnado a principios do mes de outubro.

Finalmente tras os comentarios oportunos, **os asistentes aprobaron por unanimidade a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do MINSTA para o curso 2021-22** a cal se acompaña como ANEXO á presente acta, e tamén acordaron **autorizar ao decano a incorporar á oferta as prazas pendentes dalgún trámite** ata a publicación da convocatoria que se fará no taboleiro electrónico da USC e **delegar no decano a elaboración e publicación** das listas provisionais e definitivas sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 07/10/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Solicitude de recoñecemento.
4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.
5. Consolidación de actas curso 2020-21.
6. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2021-22.
7. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 7 de outubro de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados por medios electrónicos co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	VC
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	VC
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	VC
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	VC
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

VC-videoconferencia Microsoft Teams Email-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que debido á situación sanitaria ocasionada pola COVID-19, a reunión realizase por videoconferencia a través de Microsoft Teams e tamén a través do correo electrónico para os que non podan conectarse á mesma. Informa de que desculpa asistencia a profesora Aida Jover Ramos e de que asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 23/07/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou dos seguintes temas:

- Da celebración na Facultade da festividade de San Alberte Magno o vindeiro día 15 de novembro.
- Sobre o recoñecemento por parte da Xunta de Galicia do Campus Terra como campus de especialización do Sistema Universitario Galego nas áreas estratéxicas de agricultura, gandería e sector forestal sostibles, o cal suporá un importante aporte económico distribuído en varias anualidades que espera repercuta tamén nas titulacións do centro.
- A mellora da situación sanitaria polo que é de esperar que axiña desaparezan algunhas das restricións existentes na actualidade.

A continuación, o coordinador informou de que habería que valorar, de cara á oferta de prazas do vindeiro curso, se sería de interese ou non subir un pouco a oferta de prazas, porque coas renuncias de última hora que se producen provoca que ás veces a matrícula se quede un pouco por debaixo da cifra dos 20 alumnos. O decano indicou neste sentido que tamén habería que valorar que se se sube o nº de prazas, seguemos tendo a obriga de cubrilas na súa totalidade e que non debemos esquecer que a cifra actual dos 20 alumnos é a que foi recomendada tanto pola USC como pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia.

3. Solicitud de recoñecemento.

O decano informou que se recibiu dunha alumna unha solicitude de recoñecemento das prácticas externas. Neste sentido o Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que ese establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, establece no seu artigo 6, apartados 2 e 5, a posibilidade de que poda ser recoñecida a experiencia profesional e laboral acreditada en forma de créditos que computarán a efectos da obtención dun título oficial, sempre que estea relacionada coas competencias inherentes a dito título. En todo caso, as universidades deberán incluír e xustificar na memoria dos plans de estudos que presenten a verificación os criterios de recoñecemento da mesma.

A Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES

da USC (C. Goberno 14/03/2008) e a Resolución reitoral de 15 de abril de 2011 pola que se desenvolve o procedemento para o recoñecemento da competencias nas titulacións de grao e máster, tamén recolle esta posibilidade de recoñecemento da experiencia laboral ou profesional acreditada.

Sen embargo, aínda que existe esta posibilidade, a Comisión Redactora da memoria do título do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias non estableceu recoñecemento de créditos por acreditación de experiencia laboral e profesional, tal e como indica a memoria verificada do título, polo que non é posible o recoñecemento.

Tendo en conta todo isto os asistentes acordan por asentimento **informar desfavorablemente o recoñecemento solicitado pola alumna por experiencia laboral ou profesional e delegar no decano da Facultade**, como presidente da Comisión do Título, para **emitir desde agora os informes de recoñecemento** de créditos en función da valoración recibida polos profesores encargados da docencia das materias obxecto de recoñecemento. No caso de producirse unha reclamación por parte do alumnado a este informe, esta será resolta pola Comisión.

4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.

O decano indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFM do MINSTA, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFM en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFM para o MINSTA que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

5. Consolidación de actas curso 2020-21.

O decano indica que unha vez presentados todos os traballos fin de máster correspondentes ao curso 2020-21 é preciso a cobertura e sinatura das actas consolidadas de Traballos Fin de Máster e tamén de Prácticas Externas. No caso de Prácticas Externas non parece oportuno outorgar a matrícula de honra xa que, dada a ampla variedade de titores non se conta con criterios obxectivos para poder outorgala.

No caso do TFM pódese outorgar 1 matrícula de honra. Solicitouse información aos integrantes dos tribunais de avaliación de TFM do curso 2020-21, tal e como indica a normativa, e unha vez oídos os argumentos expostos e á vista das cualificacións do alumnado, finalmente os asistentes

acordaron por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFM presentados no curso 2020-21 ao alumno Andrés Marín de Jesús e no caso das Prácticas Externas non outorgala.

6. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2021-22.

O decano indicou que, segundo o Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado na USC, corresponde a esta Comisión aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa tramitación pola Vicerreitoría competente.

As materias impartidas total ou parcialmente por profesorado da Área Externa son: Nutrición Clínica, Percepción Sensorial e Gastronomía e Microbioloxía e Tecnoloxía de Produtos Mariños. O profesorado da Área Externa proposto é o mesmo que o do curso anterior. A proposta é a seguinte:

- Alma M^a Prieto Tenreiro
- Cristina Gil Mouce
- Juan José Rodríguez Herrera
- M^a Cristina Porca Fernández
- M^a Gemma Rodríguez Carnero
- Manuel Antonio Botana López
- Manuel Penín Álvarez
- Marta López Cabo
- Maruxa García Quiroga
- Nazaret Rodríguez Novo
- Patricia Pérez Castro
- Rocío Villar Taibo
- Rosa Argüeso Armesto

Os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2021-22.**

7. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 02/11/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 2 de novembro de 2021 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	P
Aida Jover Ramos	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	P
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto M^a Asunción Lage, que comunicou a necesidade de asistencia por medios electrónicos. Informa de que desculpa asistencia a profesora Nieves Muñoz e Marta López e de que asisten como invitados a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade e o alumno Alejandro Toral Sobrino. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/10/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou dos seguintes temas:

- De que se invitará ao alumno Alejandro Toral a asistir ás reunións da comisión co obxecto de paliar en certa medida a falta de representación do alumnado na mesma, ao non contar con representación en Xunta de Facultade. Isto permitirá coñecer a opinión do alumnado nos temas a tratar, a posibilidade de transmitirnos as súas inquietudes e ser informados de primeira man das cuestións máis relevantes sobre a titulación.
- Tendo en conta o indicado na Instrución 2/2021 da Secretaría Xeral e o acordo da Xunta de Facultade de 28 de outubro de 2021, no caso de os membros da comisión que por causa xustificada precisen asistir por medios electrónicos á mesma, deben comunicalo a fcdeca@usc.es nas 24 horas seguintes ao envío da convocatoria e remitiráselles a correspondente ligazón. Nestes casos a sesión considerarase mixta.
- Que no prazo de presentación de propostas de TFM o alumnado afectado pola Resolución Reitoral sobre o procedemento de avaliación previa de traballos fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, tivo a oportunidade de presentar a documentación correspondente tal e como se lles comunicou a través do correo electrónico.

A continuación o decano cedeu a palabra ao coordinador do MINSTA que informou de que o contactara o catedrático Jesús Simal Gándara da Universidade de Vigo para estudar a posibilidade de levar a cabo a modificación do MINSTA co obxecto de convertelo nun máster interuniversitario no que se incorpore un módulo de sostibilidade e medio ambiente. Os asistentes valoraron dúas posibles dificultades neste proceso, por unha banda a necesidade de verificación dun novo máster xa que os cambios son de tal calado que non se poderían realizar a través da modificación do mesmo senón como unha nova proposta, e pola outra a entrada en vigor do Real decreto 822/2021 no pasado mes de outubro que introduce modificacións no proceso de elaboración e verificación de títulos.

Os asistentes acordaron por asentimento que o coordinador solicite máis información ao respecto para ser tratada nunha reunión da comisión e decidir ao respecto.

3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

O decano informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha lista das propostas presentadas, e de que hai 18 alumnos matriculados no TFM no momento actual no

curso 2021-22, dos cales presentaron proposta 16 e os 2 restantes xa a tiñan aprobada e en vigor. A continuación o decano deu lectura ás mesmas e os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar as propostas de TFM presentadas e que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Barrios Rodriguez, Camila	Deseño dun sistema de autocontrol de hixiene centrado nos principios de Análise de Perigos e Puntos Críticos de Control (APPCC) adaptado a unha empresa que produce produtos de pastelería en Galicia. Proposta para o inicio das actividades.
Bouso Paz, Sara	Estudo da implementación de sistemas de xestión da calidade e seguridade alimentaria en empresas da industria alimentaria
Campello López, Laura	Probióticos, prebióticos e simbióticos na alimentación do lactante
Carpintero Maggiori, Charo Andrea	Desenvolvemento dun método de qPCR para determinar as frecuencias xenotípicas e alélicas das variantes A1 e A2 do xene da beta-caseína en vacas leiteiras de Galicia
Gómez Cabaleiro, Abel	Transmisión alimentaria de micobacterias
González Arnejo, Inés	Caracterización e clasificación de diferentes mostras de lúpulo do Brasil
Jiménez Mediavilla, Alicia	Técnicas de aceleración da crianza do viño
López Perrino, Carmen	Verificación do sistema APPCC da liña de produtos artesanais Santa Teresa Gourmet e implementación de melloras
Martínez González, Raúl	As algas como fonte de compostos antimicrobianos de interese alimentario
Otero Felpete, Ángela	Estudo da actividade antimicrobiana dos compostos fenólicos de dous extractos de <i>Cytisus scoparius</i>
Polo Fernández, Iria	Avaliación da presenza de antibióticos no leite e estimación do risco para a saúde humana
Santos Domínguez, Laura	Repercusións na saúde humana do consumo de beta caseínas lácteas A1 e A2
Velazquez Martinez, Rafael Izai	Cambios temporais na actividade esterásica salival durante o consumo de alimentos e o seu efecto na percepción do aroma
Verdial Voces, Natalia	Almidón resistente como ingrediente funcional na industria alimentaria
Villarino Fernández, Rosa Antía	Estudo da actividade antimicrobiana de extractos naturais ricos en polifenóis fronte a tres bacterias: dúas potencialmente infecciosas e unha beneficiosa para a saúde humana.
Yáñez Barreiro, Begoña	Riscos asociados á presenza de parasitos con potencial zoonótico no peixe e estratexias de control

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2021-22 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

O decano informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (P1221).

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	ALUMNO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Barrios Rodriguez, Camila	Deseño dun sistema de autocontrol de hixiene centrado nos principios de Análise de Perigos e Puntos Críticos de Control (APCC) adaptado a unha empresa que produce produtos de pastelería en Galicia. Proposta para o inicio das actividades.	Beatriz I. Vázquez Belda	640	50%	Rosa Elvira Gavilán García	P1221	50%			
2	Bouso Paz, Sara	Estudo da implementación de sistemas de xestión da calidade e seguridade alimentaria en empresas da industria alimentaria	Julia Barciela García	750	100%						
3	Campello López, Laura	Probióticos, prebióticos e simbióticos na alimentación do lactante	Cristina Asunción Fente Sampaio	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
4	Carpintero Maggiori, Charo Andrea	Desenvolvemento dun método de qPCR para determinar as frecuencias xenotípicas e alélicas das variantes A1 e A2 do xene da beta-caseína en vacas leiteiras de Galicia	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	P1221	50%			
5	Gómez Cabaleiro, Abel	Transmisión alimentaria de micobacterias	Tomás González Vila	630	50%	Jorge Barros Velázquez	780	50%			
6	González Arnejo, Inés	Caracterización e clasificación de diferentes mostras de lúpulo do Brasil	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%
7	Jiménez Mediavilla, Alicia	Técnicas de aceleración da crianza do viño	Ángel Cobos García	780	100%						
8	Lago Lestón, María	Algas mariñas da costa de Galicia: unha achega á seguridade alimentaria e o seu interese como alimento funcional	Letricia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
9	López Perrino, Carmen	Verificación do sistema APPCC da liña de produtos artesanais Santa Teresa Gourmet e implementación de melloras	Patricia Regal López	640	50%	Mercades Pérez Llorente	P1221	50%			
10	Martínez González, Raúl	As algas como fonte de compostos antimicrobianos de interese alimentario	Jorge Barros Velázquez	780	50%	José Manuel Miranda López	640	50%			
11	Novo Otero, Marina	Determinación de compostos de amonio cuaternario en alimentos	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	María José González Castro	P1221	50%			
12	Otero Felpete, Ángela	Estudo da actividade antimicrobiana dos compostos fenólicos de dous extractos de <i>Cytisus scoparius</i>	María Trinidad de Miguel Bouzas	630	100%						
13	Polo Fernández, Iria	Avaliación da presenza de antibióticos no leite e estimación do risco para a saúde humana	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampaio	640	50%			
14	Santos Domínguez, Laura	Repercusións na saúde humana do consumo de beta caseínas lácteas A1 e A2	Patricia Regal López	640	50%	José Manuel Miranda López	640	50%			
15	Velázquez Martínez, Rafael Izai	Cambios temporais na actividade esterásica salival durante o consumo de alimentos e o seu efecto na percepción do aroma	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Mª Angeles del Pozo Bayón	P1221	25%	Carolina Muñoz González	P1221	25%
16	Verdial Voces, Natalia	Almidón resistente como ingrediente funcional na industria alimentaria	Olga Díaz Rubio	780	100%						
17	Villarino Fernández, Rosa Antía	Estudo da actividade antimicrobiana de extractos naturais ricos en polifenóis fronte a tres bacterias: dúas potencialmente infecciosas e unha beneficiosa para a saúde humana.	María Trinidad de Miguel Bouzas	630	100%						
18	Yáñez Barreiro, Begoña	Riscos asociados á presenza de parásitos con potencial zoonótico no peixe e estratexias de control	Patricia Regal López	640	50%	Josune Larrañaga Larrañaga	P1221	50%			

4. Rogos e preguntas.

Neste punto o alumno consultou acerca da posibilidade de contar con un espazo da USC para seguir as clases por videoconferencia, ao que o decano indicou que o alumnado pode utilizar para a conexión a internet calquera instalación da USC na maior parte dos seus centros docentes e bibliotecas entre outros.

Tamén manifestou a súa inquietude sobre as prácticas externas ao que a Coordinadora das mesmas indicou de que se levarán a cabo varias reunións para tratar este asunto ao longo do curso académico e informar axeitadamente sobre todo o proceso ao alumnado.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 29/11/2021

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Modificación de asignación de títos en proposta de TFM.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 29 de novembro de 2021 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto M^a Asunción Lage e Marta López Cabo, que comunicaron a necesidade de asistencia por medios electrónicos. Informa de que desculpan asistencia M^a Ángeles Romero, Lourdes Vázquez, Olga Díaz e Aida Jover e de que asisten como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 02/11/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou de que, tal e como se acordara na anterior reunión da comisión, o coordinador contactou coa Universidade de Vigo para ampliar información acerca da proposta de modificación do MINSTA para convertelo nun máster interuniversitario. Tras as conversas mantidas e a información proporcionada, o decano propón non levar a cabo a modificación do MINSTA polos seguintes motivos: propoñen un máster totalmente online e a proposta de modificación non implicaría un enriquecemento do actual máster, resultando unha oferta pouco orixinal e duplicada, xa contemplada nalgúns títulos existentes na actualidade vinculada ao medio ambiente na industria alimentaria. Os asistentes aceptan por asentimento esta proposta polo que o coordinador porase en contacto cos promotores desta modificación para comunicarlles esta decisión.

3. Modificación de asignación de titores en proposta de TFM.

O decano indica que en relación á cotitorización de Alexandre Lamas Freire no TFM da alumna Charo Andrea Carpintero Maggiori, non foi autorizada pola correspondente Vicerreitoría dado que durante o período do seu contrato como investigador posdoutoral da Xunta, está en estadía no estranxeiro. Estes contratos durante a fase de estadía non contemplan a posibilidade de impartir docencia na USC, polo que a Vicerreitoría non autoriza a colaboración docente nin en materias/ TFG/TFM como área externa nin en docencia vinculada a un área da USC (POD da área). Por este motivo, tras comunicarllo ao titor e cotitor do TFM afectado, convocouse esta reunión da Comisión do Título para retirar esta cotitorización, non sendo preciso que a alumna solicite a modificación da proposta, ao non autorizalo a Vicerreitoría.

Os asistentes acordan por asentimento retirar a cotitorización de Alexandre Lamas Freire no TFM da alumna Charo Andrea Carpintero Maggiori, polo que a táboa de asignación de titores e cotitores a TFM para o curso 2021-22 quedará configurada do seguinte xeito:

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	ALUMNO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Barrios Rodríguez, Camila	Deseño dun sistema de autocontrol de hixiene centrado nos principios de Análise de Perigos e Puntos Críticos de Control (APCC) adaptado a unha empresa que produce produtos de pastelería en Galicia. Proposta para o inicio das actividades.	Beatriz I. Vázquez Belda	640	50%	Rosa Elvira Gavilán García	P1221	50%			
2	Bouso Paz, Sara	Estudo da implementación de sistemas de xestión da calidade e seguridade alimentaria en empresas da industria alimentaria	Julia Barciela García	750	100%						
3	Campello López, Laura	Probióticos, prebióticos e simbióticos na alimentación do lactante	Cristina Asunción Fente Sampaio	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
4	Carpintero Maggiori, Charo Andrea	Desenvolvemento dun método de qPCR para determinar as frecuencias xenotípicas e alélicas das variantes A1 e A2 do xene da beta-caseína en vacas leiteiras de Galicia	Patricia Regal López	640	100%						
5	Gómez Cabaleiro, Abel	Transmisión alimentaria de micobacterias	Tomás González Vila	630	50%	Jorge Barros Velázquez	780	50%			
6	González Arnejo, Inés	Caracterización e clasificación de diferentes mostras de lúpulo do Brasil	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%
7	Jiménez Mediavilla, Alicia	Técnicas de aceleración da crianza do viño	Ángel Cobos García	780	100%						
8	Lago Lestón, María	Algas mariñas da costa de Galicia: unha achega á seguridade alimentaria e o seu interese como alimento funcional	Letricia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
9	López Perrino, Carmen	Verificación do sistema APPCC da liña de produtos artesanais Santa Teresa Gourmet e implementación de melloras	Patricia Regal López	640	50%	Mercades Pérez Llorente	P1221	50%			
10	Martínez González, Raúl	As algas como fonte de compostos antimicrobianos de interese alimentario	Jorge Barros Velázquez	780	50%	José Manuel Miranda López	640	50%			
11	Novo Otero, Marina	Determinación de compostos de amonio cuaternario en alimentos	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	María José González Castro	P1221	50%			
12	Otero Felipe, Ángela	Estudo da actividade antimicrobiana dos compostos fenólicos de dous extractos de <i>Cytisus scoparius</i>	María Trinidad de Miguel Bouzas	630	100%						
13	Polo Fernández, Iria	Avaliación da presenza de antibióticos no leite e estimación do risco para a saúde humana	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampaio	640	50%			
14	Santos Domínguez, Laura	Repercusións na saúde humana do consumo de beta caseínas lácteas A1 e A2	Patricia Regal López	640	50%	José Manuel Miranda López	640	50%			
15	Velázquez Martínez, Rafael Izai	Cambios temporais na actividade esteráctica salival durante o consumo de alimentos e o seu efecto na percepción do aroma	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Mª Angeles del Pozo Bayón	P1221	25%	Carolina Muñoz González	P1221	25%
16	Verdial Voces, Natalia	Almidón resistente como ingrediente funcional na industria alimentaria	Olga Díaz Rubio	780	100%						
17	Villarino Fernández, Rosa Antía	Estudo da actividade antimicrobiana de extractos naturais ricos en polifenóis fronte a tres bacterias: dúas potencialmente infecciosas e unha beneficiosa para a saúde humana.	María Trinidad de Miguel Bouzas	630	100%						
18	Yáñez Barreiro, Begoña	Riscos asociados á presenza de parasitos con potencial zoonótico no peixe e estratexias de control	Patricia Regal López	640	50%	Josune Larrañaga Larrañaga	P1221	50%			

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 12/01/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Solicitude de modificación de propostas de TFM e asignación de titores.
4. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2022-23.
5. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 12 de xaneiro de 2022 reúnen os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	P
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto M^a Asunción Lage, que solicitou asistencia por medios electrónicos e por acordo de Xunta de Facultade aproba a súa asistencia por estes medios tal e como acordou a Xunta de Facultade o 28/10/2021. Informa de que desculpan asistencia Olga Díaz Rubio e Marta López Cabo e de que asiste como invitada a profesora Asteria M^a Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 29/11/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou da comunicación efectuada en días pasados polo reitor indicando que se mantén a presencialidade para o período de exames garantíndose o cumprimento dos protocolos e normas que afectan á seguridade sanitaria nos espazos universitarios. Tamén sobre o contido da Instrución 1/2022 da Secretaría Xeral sobre o aprazamento ou cambio nas probas de avaliación por incidencia da COVID-19 que garante o dereito de todo o estudantado a ser avaliado.

3. Solicitud de modificación de propostas de TFM e asignación de titores.

O decano informa de que se recibiu o pasado mes de decembro unha solicitude de modificación de proposta de TFM que foi remitida xunto coa convocatoria.

Tras unha análise da mesma, que implica a modificación do título e contido, os asistentes **acordaron por unanimidade aceptar a modificacións de proposta de TFM presentada e que é a seguinte:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Yáñez Barreiro, Begoña	Avaliación do impacto de Anisakis spp. nos produtos pesqueiros e medidas de control aplicables en España

Motivado por este cambio, os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2021-22 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	DATA AP.	ALUMNO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	02/11/2021	Barrios Rodriguez, Camila	Deseño dun sistema de autocontrol de hixiene centrado nos principios de Análise de Perigos e Puntos Críticos de Control (APCC) adaptado a unha empresa que produce produtos de pastelería en Galicia. Proposta para o inicio das actividades.	Beatriz I. Vázquez Belda	640	50%	Rosa Elvira Gavilán García	P1221	50%			
2	02/11/2021	Bouso Paz, Sara	Estudo da implementación de sistemas de xestión da calidade e seguridade alimentaria en empresas da industria alimentaria	Julia Barciela García	750	100%						
3	02/11/2021	Campello López, Laura	Probióticos, prebióticos e simbióticos na alimentación do lactante	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
4	02/11/2021	Carpintero Maggiori, Charo Andrea	Desenvolvemento dun método de qPCR para determinar as frecuencias xenotípicas e alélicas das variantes A1 e A2 do xene da beta-caseína en vacas leiteiras de Galicia	Patricia Regal López	640	100%						
5	02/11/2021	Gómez Cabaleiro, Abel	Transmisión alimentaria de micobacterias	Tomás González Villa	630	50%	Jorge Barros Velázquez	780	50%			
6	02/11/2021	González Arnejo, Inés	Caracterización e clasificación de diferentes mostras de lúpulo do Brasil	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Letícia Barbosa Pereira	640	25%
7	02/11/2021	Jiménez Mediavilla, Alicia	Técnicas de aceleración da crianza do viño	Ángel Cobos García	780	100%						
8	07/06/2021	Lago Lestón, María	Algas mariñas da costa de Galicia: unha achega á seguridade alimentaria e o seu interese como alimento funcional	Letícia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
9	02/11/2021	López Perrino, Carmen	Verificación do sistema APPCC da liña de produtos artesanais Santa Teresa Gourmet e implementación de melloras	Patricia Regal López	640	50%	Mercedes Pérez Llorente	P1221	50%			
10	02/11/2021	Martínez González, Raúl	As algas como fonte de compostos antimicrobianos de interese alimentario	Jorge Barros Velázquez	780	50%	José Manuel Miranda López	640	50%			
11	18/12/2020	Novo Otero, Marina	Determinación de compostos de amonio cuaternario en alimentos	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	María José González Castro	P1221	50%			
12	02/11/2021	Otero Felpete, Ángela	Estudo da actividade antimicrobiana dos compostos fenólicos de dous extractos de <i>Cytisus scoparius</i>	María Trinidad de Miguel Bouzas	630	100%						
13	02/11/2021	Polo Fernández, Iria	Avaliación da presenza de antibióticos no leite e estimación do risco para a saúde humana	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%			
14	02/11/2021	Santos Domínguez, Laura	Repercusións na saúde humana do consumo de beta caseínas lácteas A1 e A2	Patricia Regal López	640	50%	José Manuel Miranda López	640	50%			
15	02/11/2021	Velázquez Martínez, Rafael Izai	Cambios temporais na actividade esteráxica salival durante o consumo de alimentos e o seu efecto na percepción do aroma	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Mª Angeles del Pozo Bayón	P1221	25%	Carolina Muñoz González	P1221	25%
16	02/11/2021	Verdial Voces, Natalia	Almidón resistente como ingrediente funcional na industria alimentaria	Olga Díaz Rubio	780	100%						
17	02/11/2021	Villarino Fernández, Rosa Antía	Estudo da actividade antimicrobiana de extractos naturais ricos en polifenóis fronte a tres bacterias: dúas potencialmente infecciosas e unha beneficiosa para a saúde humana.	María Trinidad de Miguel Bouzas	630	100%						
18	12/01/2022	Yañez Barreiro, Begoña	Avaliación do impacto de <i>Anisakis</i> spp. nos produtos pesqueiros e medidas de control aplicables en España	Patricia Regal López	640	50%	Josune Larrañaga Larrañaga	P1221	50%			

4. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2022-23.

O decano informou de que se recibiu da Vicerreitoría solicitude de proposta de oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2022-23 para os títulos do centro. A continuación informou das cuestións máis salientables da comunicación recibida.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, os asistentes **acordaron por asentimento**, para o Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, **manter para o curso 2022-23** a oferta de prazas do curso actual que ascende a **20 prazas**: 10 ordinarias, 10 sistemas educativos alleos EEES e 15% a tempo parcial sobre o total de prazas ofertadas.

En relación con este asunto o coordinador informou de que se vai realizar unha presentación informativa do MINSTA para estudantes estranxeiros interesados no mesmo o vindeiro 17 de febreiro pola tarde, organizado pola Vicerreitora de Titulacións e Captación Internacional dentro do programa de actividade dixital de mercadotecnia internacional das titulacións de máster oficial da USC.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto consultouse sobre a posibilidade de modificar horarios do curso actual ao que o decano informou de que a estas alturas do curso académico non hai posibilidades.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/02/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. PDA curso 2022-23.
4. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
5. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 3 de febreiro de 2022 reúnense os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	P
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Ana M ^a Botana López	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Olga Díaz, Beatriz Vázquez e M^a Asunción Lage, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia M^a Ángeles Romero. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 12/01/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano informou da existencia dunha alta incidencia de contaxios que provoca retrasos na comunicación por parte da oficina COVID, polo que pediu ao profesorado que tal e como indica o Protocolo para a xestión de casos COVID-19 se facilite ao alumnado que pasa a unha situación de illamento o dereito de recibir a docencia de forma non presencial. Tamén informou da necesidade de seguir mantendo unha correcta ventilación e hixiene nos distintos espazos do centro.

3. PDA curso 2022-23.

O decano indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2022-23 da titulación de Máster co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

A continuación o decano indicou as modificacións propostas que afectan á materia P1221107 Traballo Fin de Máster na que se introduciu a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2021-22 e á asignación de titores aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2022-23 da titulación de Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, as cuestións que poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

4. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

O decano indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2021-2022. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
1	Barrios Rodriguez, Camila	Deseño dun sistema de autocontrol de hixiene centrado nos principios de Análise de Perigos e Puntos Críticos de Control (APPCC) adaptado a unha empresa que produce produtos de pastelería en Galicia. Proposta para o inicio das actividades.
2	Bouso Paz, Sara	Estudo da implementación de sistemas de xestión da calidade e seguridade alimentaria en empresas da industria alimentaria

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
3	Gómez Cabaleiro, Abel	Transmisión alimentaria de micobacterias
4	Jiménez Mediavilla, Alicia	Técnicas de aceleración da crianza do viño
5	López Perrino, Carmen	Verificación do sistema APPCC da liña de produtos artesanais Santa Teresa Gourmet e implementación de melloras
6	Otero Felpete, Ángela	Estudo da actividade antimicrobiana dos compostos fenólicos de dous extractos de <i>Cytisus scoparius</i>
7	Verdial Voces, Natalia	Almidón resistente como ingrediente funcional na industria alimentaria
8	Villarino Fernández, Rosa Antía	Estudo da actividade antimicrobiana de extractos naturais ricos en polifenóis fronte a tres bacterias: dúas potencialmente infecciosas e unha beneficiosa para a saúde humana.

A continuación, o coordinador fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta o indicando na normativa de TFM:

TRIBUNAL: 18 de febreiro de 2022	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Manuel Vázquez Vázquez	Mª Trinidad de Miguel Bouzas
Secretaria: Zaira Camoiras Rodríguez	Mª del Carmen Vale González
Vocal: Mª del Carmen Louzao Ojeda	Vicente Ángel López López

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFM da oportunidade de febreiro do curso 2021-2022, segundo a táboa precedente.**

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título Reunión ordinaria: 17/03/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Seguimento do MINSTA 2020-21: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 do día 17 de marzo de 2022 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Francisco José Fraga López	Decano	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta López Cabo, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpan asistencia Beatriz Vázquez Belda, Olga Díaz Rubio, Asunción Lage Yusty e Ana Mª Botana López e de que asiste como invitada a profesora Asteria Mª Luzardo, vicedecana da Facultade. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 03/02/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O decano, en primeiro lugar, despediuse como presidente da comisión debido á súa próxima incorporación ao novo equipo reitoral da USC como vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo e pediu aos membros que mantiveran a súa colaboración co equipo decanal que quedará en funcións ata a celebración de eleccións. Os asistentes felicitárono polo seu próximo nomeamento.

A continuación informou de que de cara ao vindeiro curso a USC ten previsto elaborar normativa que permita atender ás necesidades de conciliación do persoal docente e investigador na elaboración dos horarios e POD. Non foi posible facelo para este curso, polo que nos vindeiros días remitirase aos centros e departamentos unhas indicacións que se deberán observar no proceso de programación do vindeiro curso.

3. Seguimento do MINSTA 2020-21: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

O decano cedeu a palabra ao coordinador do título, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do MINSTA para o curso 2020-21 que se acompaña como ANEXO a este acta**, que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente da por finalizada a reunión.

Vº e Prace

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 01/04/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2022-23.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:30 do día 1 de abril de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Decana en funcións	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	P
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Ana Mª Botana López	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Mª Asunción Lage e Marta López Cabo, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpa asistencia Mª Ángeles Romero. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 17/03/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta informou de que o Comité de Xestión COVID-19 adaptou recentemente o Protocolo de xestión de casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela de conformidade co establecido polo protocolo de “Vixilancia e control do SARS-CoV-2 na etapa de transición en Galicia” da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Indica que como principal novidade e con carácter xeral, elimínase a necesidade de illamento e corentena para as persoas que sexan casos sospeitosos ou confirmados de COVID-19, polo que só se deberá comunicar á Oficina de Xestión COVID aquelas situacións nas que a intensidade dos síntomas non permitan realizar a actividade diaria, de conformidade co previsto no Protocolo de Xestión de Casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, o persoal que pertenza a un colectivo vulnerable poderá solicitar o traballo a distancia durante o período de 10 días establecido nas recomendacións para casos confirmados e casos sospeitosos de COVID-19.

Tamén informou de que ao longo do día se remitirá un correo a todo o profesorado para que remitan as súas propostas para a convocatoria para o financiamento de equipamentos e infraestruturas docentes, no marco do convenio de financiamento da Xunta de Galicia, que serán comunicadas á Vicerreitoría de Planificación Científica.

Ademais indicou que están convocadas as eleccións a decano/a da Facultade, o cal se fixo o antes posible para tratar de dotar ao centro dun equipo de traballo completo e estable. A votación terá lugar na Xunta de Centro que se celebrará o vindeiro 28 de abril.

Xa para rematar, a presidenta informa de que o Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanza universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia establece un número mínimo de alumnado de novo ingreso (20 para másteres; 50 graos Santiago; 45 graos Lugo) para que as titulacións se poidan impartir. O pasado día 21 de marzo publicouse a Resolución do 10 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se fixan os criterios para a determinación do carácter singular de titulacións oficiais de grao e máster no Sistema Universitario de Galicia (SUG), segundo a cal, aquelas titulacións cuxa media de alumnos de novo ingreso durante tres cursos consecutivos sexa inferior ao esixido polo Decreto 222/2011, poderán solicitar a declaración de singularidade. Esta declaración suporá a exención

do cumprimento do nº mínimo de alumnado de novo ingreso, por un período temporal de 5 anos. A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización estima necesario solicitar o carácter de singularidade para o MINSTA ao non cubrir o nº mínimo de alumnado de novo ingreso, polo que será preciso elaborar unha proposta de singularidade segundo os criterios indicados no apartado cuarto da citada Resolución.

A presidenta indicou que non se esperaba que para o MINSTA fora preciso facer este proceso, por atoparse moi próximo ao cumprimento do nº de alumnos, pero ao longo desta mañá foi comunicado pola Vicerreitoría a necesidade de facer esta solicitude para a determinación do carácter singular, polo que se disporá dun prazo moi curto para elaborar a proposta.

3. Proposta de horarios para o curso 2022-23.

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fíxeran as suxestións oportunas.

Tamén indicou as dificultades xurdidas á hora da elaboración dos horarios motivado polo retraso na aprobación do calendario académico e as incompatibilidades horarias do profesorado que imparte docencia en varios centros da USC e que é preciso coordinar.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración, o cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días e mesmo foron propostos cambios durante a reunión.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2022-23 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias** que se se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios>.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 06/06/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2022-23.
4. Proposta de publicación de traballos fin de máster no repositorio institucional da USC (Minerva).
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:15 do día 6 de xuño de 2022 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Decana	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	P
M ^a Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A decana e presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Olga Díaz, Beatriz Vázquez, M^a Asunción Lage e Marta López Cabo, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpa asistencia Ana M^a Botana López. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 01/04/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana informou dos seguintes asuntos:

A USC atópase en proceso de renovación de diversas normativas para adaptalas ao RD 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade. Como novidade estase traballando no desenvolvemento dunha normativa que regule a semipresencialidade nas titulacións.

En relación ás prácticas de campo, a USC vai mellorar a dotación económica destinada ás mesmas.

A Xerencia informou de que ten previsto a creación dun centro de formación que englobe as actividades organizadas a través do Centro de Linguas Modernas, Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe, Programa de Formación e Innovación Docente, ... co obxecto de formar ao colectivo de PDI, PAS e persoal investigador con formación específica axeitada a cada un dos sectores.

Tamén informou de que se mantivo unha reunión coa área TIC xa que se vai dispoñer de financiamento procedente do Ministerio de Universidades para a renovación de equipos obsoletos vinculados a docencia, considerando como tales os que teñen unha antigüidade de 10 anos ou máis, xa que orixinan riscos na seguridade da información. A revisión dos equipos afectados e a substitución levaraa a cabo de xeito centralizado a USC e xestionarase a través da área TIC, polo que non vai depender do centro. Afectará aos equipos dos docentes e tamén aos dalgunhas aulas de informática.

3. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2022-23.

A decana informou de que, como cada curso académico, os respectivos coordinadores revisaron todas as programacións docentes introducidas polo profesorado responsable de cada materia e aprobadas polos correspondentes departamentos.

A continuación cedeu a palabra ao coordinador, o cal informou que tras revisar todas as

programacións non se detectaron ou xa se corrixiron os erros detectados, sobre todo relacionados con contidos algo distintos nas versións en inglés.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2022-23 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

4. Proposta de publicación de traballos fin de máster no repositorio institucional da USC (Minerva).

A decana informou de que a normativa de TFM recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueloutros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

Tamén informou de que este proceso aínda se atopa pendente de levar a cabo coas titulacións do centro, polo que sería preciso decidir que TFM se propoñen para a súa publicación.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, finalmente acordaron por asentimento, para os traballos defendidos desde os inicios da titulación ata o curso 2020-21, remitir ao repositorio institucional da USC aqueles traballos que acadaron a mención de matrícula de honra na materia, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación. De cara aos vindeiros cursos académicos, na consolidación de actas académicas poderá a comisión decidir se incorpora algún máis.

5. Rogos e preguntas.

O coordinador do título indicou que non foi posible acudir á convocatoria de axudas 2022 para a realización de actividades de investigación e/ou transferencia no Campus de Lugo, ao non cumprir cos requisitos polo que este curso non se disporá de financiamento para a colaboración de conferenciantes externos. A decana indicou que estudaría outras posibilidades para intentar de obter financiamento.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 30/06/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 30 de xuño de 2022 reúnense na aula 5 da segunda planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Ramiro Barcia Vieitez	Presidente e responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
Mª Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	P
Mª Asunción Lage Yusty	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

O presidente da Comisión indica que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, o vicedecano substitúe á decana como presidenta desta Comisión, pola súa ausencia accidental ao ser convocada pola USC a unha reunión imprevista.

O presidente indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Olga Díaz, Mª Asunción Lage e Marta López Cabo, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpa asistencia Beatriz Vázquez e Mª Ángeles Romero. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 06/06/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O presidente sinala que nesta ocasión non hai informes.

3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

O presidente indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa o 15 de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2021-2022. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
1	González Arnejo, Inés	Caracterización e clasificación de diferentes mostras de lúpulo do Brasil
2	Santos Domínguez, Laura	Repercusións na saúde humana do consumo de beta caseínas lácteas A1 e A2
3	Velazquez Martinez, Rafael Izai	Cambios temporais na actividade esterásica salival durante o consumo de alimentos e o seu efecto na percepción do aroma
4	Yáñez Barreiro, Begoña	Avaliación do impacto de Anisakis spp. nos produtos pesqueiros e medidas de control aplicables en España

A continuación, o coordinador fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta o indicando na normativa de TFM:

TRIBUNAL	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Carlos Herrero Latorre Vocal: Beatriz I. Vázquez Belda Secretaria: Natalia Vilariño del Río	Luis Manuel Botana López Alberto Cepeda Sáez Julia Barciela García

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFM da oportunidade de xullo do curso 2021-2022, segundo a táboa precedente.**

4. Rogos e preguntas.

O coordinador do título informou sobre as cifras da matrícula de novo ingreso para o curso 2022-23, hai un total de 5 alumnos matriculados a través da opción de matrícula anticipada (alleos ao EEES), e hai 25 solicitudes de admisión para as restantes 15 prazas, polo que é optimista en canto á posibilidade de cobertura de todas as prazas ofertadas.

Sen máis temas que tratar o Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 22/07/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2022-23.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 22 de xullo de 2022 reúnen-se na aula 5 da segunda planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	VC
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Manuel Vázquez Vázquez, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpa asistencia M^a Lourdes Vázquez Oderiz e Beatriz Vázquez Belda. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 30/06/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta informa de que a USC vai organizar unha xornada de benvinda para todos os membros da comunidade universitaria durante os días 13, 14 e 15 de setembro. Desenvolveranse actividades moi variadas (culturais, deportivas, ...) en horarios de mañá e tarde e en puntos diversos do campus universitario.

Tamén indicou que o colexio de decanos solicitou á USC aclaracións sobre a normativa de revisión de exames do cal se informará en cato teña novas sobre este asunto.

3. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2022-23.

A decana indica que é preciso publicar a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do MINSTA para o vindeiro curso 2022-23 da que se remitiu unha proposta xunto coa convocatoria desta Comisión. A continuación indicou que a convocatoria é moi similar á do curso anterior e informou das prazas dispoñibles e dalgunhas que aínda estaban pendentes dalgún trámite. Tamén se informou do calendario aproximado de solicitudes, listas, reclamacións e renuncias, para finalmente incorporarse o alumnado a principios do mes de outubro.

Finalmente tras os comentarios oportunos, **os asistentes aprobaron por unanimidade a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do MINSTA para o curso 2022-23** a cal se acompaña como ANEXO á presente acta, e tamén acordaron **autorizar á decana a incorporar á oferta as prazas pendentes dalgún trámite** ata a publicación da convocatoria que se fará no taboleiro electrónico da USC e **delegar na decana a elaboración e publicación** das listas provisionais e definitivas sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 27/09/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2022-23: reclamacións á lista provisional.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:30 do día 27 de setembro de 2022 reúnen no Salón de Graos planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Olga Díaz e Marta López, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpa asistencia Nieves Muñoz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 22/07/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. A profesora Beatriz Vázquez indicou que faltaría por incluír na acta a súa desculpa de asistencia xa que na data de celebración da comisión tiña concedido un permiso. A decana somete a aprobación a acta da sesión anterior unha vez incorporado este cambio proposto e non habendo ningún outro reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta informa sobre as axudas aos másteres da Consellería de Educación da Xunta de Galicia que aínda está pendente de materializarse.

Tamén informou sobre a consulta sobre a posibilidade de que os estudantes no exercicio do seu dereito de acceso aos seus propios exames e revisión das cualificacións, poidan asistir acompañados doutras persoas para o seu asesoramento.

A Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións, establece no artigo 8.3 que “... A revisión será persoal e a realizará o profesorado encargado da docencia, salvo casos excepcionais debidamente autorizados polo director do departamento...” Concíbese así a revisión de cualificacións como un acto académico que se integra no proceso formativo, como parte da avaliación, que o/a estudante ha de realizar persoalmente e no que ten dereito a obter unha explicación verbal por parte do profesor/a das razóns polas que lle outorga unha determinada cualificación. Sendo así, non cabe neste proceso a actuación do/a estudante por representación nin coa asistencia de terceiras persoas.

No caso das reclamacións contra a cualificación outorgada estamos ante un procedemento formalizado no que o/a estudante pode exercer os dereitos que lle corresponden como persoa interesada, con todas as garantías do procedemento administrativo. Por iso, de acordo co art. 53.1 a) da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo o previsto no artigo 9 da normativa da Universidade, unha vez realizada a revisión e co propósito de formular reclamación o/a estudante tería en dereito a acceder ao exame e a obter copia do mesmo, logo de solicitalo ao decanato ou dirección do centro e de acreditar o pago das taxas correspondentes. Tamén podería contar con asesoramento para formular a reclamación sobre a cualificación cando o considere adecuado na defensa dos seus intereses ou actuar mediante representante, coa acreditación correspondente (artigos 53.1.g) e 9 da Lei 39/2015 respectivamente).

Xa para finalizar indicou que tras a xubilación da profesora M^a Asunción Lage Yusty sería preciso propoñer á Xunta de Facultade un representante do profesorado para a súa substitución

nesta comisión.

3. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2022-23: reclamacións á lista provisional.

A decana indica que no período de reclamacións á lista provisional de asignación de destinos do MINSTA se recibiron dúas alegacións por parte do alumnado:

- A primeira da alumna Marta Arias que solicita o cambio de praza da empresa Sparks, Circuits and Robotics, S.L. por Iberconsa Seafood Processing, S.L.U. ao contactar coa empresa e non cumprir coas súas expectativas.
- A segunda do alumno Anthony Cespón que solicita o cambio de praza da empresa Grupo Profand, S.L. por Lago Aves Huevos y Caza, S.A. xa que contaba con facer as prácticas en Vigo pero finalmente a empresa destinábao ao seu centro de Vilagarcía e tiña dificultades para o desprazamento.

A Coordinadora das Prácticas Externas explicou un pouco máis sobre estas incidencias e indicou que os destinos solicitados se atopaban libres.

Tras un intercambio de opinións sobre este asunto os asistentes **acordaron por unanimidade aceptar as modificacións propostas** e asignarlle á alumna Marta Arias a praza de Prácticas Externas na entidade Iberconsa Seafood Processing, S.L.U. e ao alumno Anthony Cespón na entidade Lago Aves Huevos y Caza, S.A.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 04/10/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación se procede de liñas temáticas e títors de TFM.
4. Consolidación de actas curso 2021-22.
5. Proposta de publicación de TFM 2021-22 no repositorio institucional da USC (Minerva).
6. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2022-23.
7. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 4 de outubro de 2022 reúnense no Salón de Graos planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Lourdes Vázquez Odériz	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Beatriz Vázquez e Marta López, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpa asistencia Lourdes Vázquez, Nieves Muñoz, Olga Díaz e M^a Ángeles Romero. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 27/09/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. A profesora Beatriz Vázquez indicou que faltaría por incluír na acta a súa desculpa de asistencia xa que na data de celebración da comisión tiña concedido un permiso. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indicou que no caso de que o profesorado realice modificación dos contidos da guía docente, independentemente de que o poña en coñecemento do seu departamento, é preciso que o poña en coñecemento do coordinador do título pola incidencia que poda ter tanto en cuestións vinculadas a calidade como de recoñecementos de materias doutras titulacións.

Tamén informou de que no caso do título de Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, ao non cumprir o artigo 6 do Decreto 222/2011, relativo ao nº de estudantes de novo ingreso, a Vicerreitoría de Titulacións solicitoulle, a instancias da Secretaria Xeral de Universidades, e sen prazo para convocar comisións ou xunta de centro, optar para o título entre as alternativas seguintes: extinción, modificación, substitución ou fusión. As opcións elixidas foron fusión ou substitución, o cal foi comunicado á Xunta de Galicia e estase á espera de que nos indiquen a opción que deberemos acometer.

3. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.

A decana indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFM do MINSTA, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFM en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFM para o MINSTA que se acompaña como ANEXO á presente acta.**

4. Consolidación de actas curso 2021-22.

A decana indica que unha vez presentados todos os traballos fin de máster correspondentes ao curso 2021-22 é preciso a cobertura e sinatura das actas consolidadas de Traballos Fin de Máster e tamén de Prácticas Externas.

No caso de Prácticas Externas non parece oportuno outorgar a matrícula de honra xa que, dada a ampla variedade de titores non se conta con criterios obxectivos para poder outorgala.

No caso do TFM pódese outorgar 1 matrícula de honra. Solicitouse información aos integrantes dos tribunais de avaliación de TFM do curso, tal e como indica a normativa, e unha vez oídos os argumentos expostos e á vista das cualificacións do alumnado, finalmente os asistentes **acordaron por unanimidade outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFM presentados no curso 2021-22 á alumna Carmen López Perrino e no caso das Prácticas Externas non outorgala.**

5. Proposta de publicación de TFM 2021-22 no repositorio institucional da USC (Minerva).

A decana informou de que a normativa de TFM recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueloutros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, finalmente acordaron por unanimidade, para os TFM do curso 2021-22, remitir ao repositorio institucional da USC aqueles traballos que acadaron a mención de matrícula de honra na materia, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

6. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2022-23.

A decana indicou que, segundo o Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado na USC, corresponde a esta Comisión aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa tramitación pola Vicerreitoría competente.

As materias impartidas total ou parcialmente por profesorado da Área Externa son: Nutrición Clínica, Percepción Sensorial e Gastronomía e Microbioloxía e Tecnoloxía de Produtos Mariños.

O profesorado da Área Externa proposto é o mesmo que o do curso anterior, incorporando adicionalmente a Alicia Santamaría Nieto, sendo a proposta a seguinte:

- Alicia Santamaría Nieto
- Alma M^a Prieto Tenreiro
- Cristina Gil Mouce
- Juan José Rodríguez Herrera
- M^a Cristina Porca Fernández
- M^a Gemma Rodríguez Carnero
- Manuel Antonio Botana López
- Manuel Penín Álvarez
- Marta López Cabo
- Maruxa García Quiroga

- Nazaret Rodríguez Novo
- Patricia Pérez Castro
- Rocío Villar Taibo
- Rosa Argüeso Armesto

Os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de colaboración docente do persoal externo á USC** para o curso 2022-23.

7. Rogos e preguntas.

Neste punto a decana informou de que a proposta de substitución da profesora M^a Asunción Lage Yusty debido a súa recente xubilación, recaeu na profesora Raquel Sendón García, polo que se levará a aprobación na vindeira xunta de centro.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 07/11/2022

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 7 de novembro de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta López, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpa asistencia Beatriz Vázquez, Olga Díaz, Ramiro Barcia, Lourdes Vázquez e Raquel Sendón. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 04/10/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana informou sobre as axudas de apoio á docencia de másteres oficiais 2022, procedente da Xunta de Galicia, que se conceden aos distintos másteres da USC en función de diversos criterios. No caso do MINSTA concedeuse a axuda básica que deberá estar executada e xustificada antes do 25 de novembro.

3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

A decana informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha lista das propostas presentadas, e de que hai 21 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2022-23, dos cales presentaron proposta 16, 4 xa a tiñan aprobada e en vigor e 1 non presentou nesta oportunidade.

A continuación deu lectura ás mesmas e os asistentes, tras facer os comentarios oportunos, **acordaron por asentimento aceptar as propostas de TFM presentadas, que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Álvarez López, Lucía	Illamento e caracterización de bacteriófagos de bacterias causantes da mastite bovina
Arbeteta García, Santiago José	Estado da arte da produción de celulosa bacteriana
Arias Pereira, Marta	Compostos volátiles presentes en subprodutos da industria alimentaria
Arnos Martínez, Felipe	Determinación da presenza de fariñas cárnicas en pienso de vacuno mediante microscopía óptica e cromatografía de gases acoplada a espectrometría de masas
Bonillo Alvarez, Aida	Análise de micotoxinas en cervexa mediante un método baseado na cromatografía líquida acoplada á detección por espectrometría de masas
Caceres Aguilar, Alexandra Maria	Propiedades físico-químicas das suspensións de algas Saccharina Latissima relevantes para o seu uso en alimentos.
Cespón Pena, Anthony	Desenvolvemento e caracterización dun recubrimento comestible a partir de subprodutos da industria alimentaria
Covelo Tizón, Eva	Formulación dunha bebida láctea realizada con cascarilla de cacao e avaliación do grao de aceptación da mesma.
Domeneche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por Salmonella Spp en leite e produtos lácteos
Ecarri Pérez, Isabela	Guía de oligonucleótidos para a determinación de grupos bacterianos no leite mediante qPCR
Fernández Labrada, Tamara	Envases comestibles a base de proteínas do leite e a súa aplicación en distintos alimentos
San Martín Alonso, Alicia	O papel do etiquetado nos produtos alimentarios. Perspectiva e impacto no comportamento do consumidor.
Souto Prieto, Antonio	Extracción e propiedades tecno-funcionais de proteínas e fibra de algas mariñas.
Suárez Pérez, Ana	Obtención e propiedades do agar-agar de cultivo ecolóxico de orixe galega
Toral Sobrino, Alejandro	Estudio do efecto da leite A2 na microbiota intestinal mediante un modelo animal
Vázquez Ordas, Silvia	Microorganismos modificados como vacinas comestibles e a resposta inmune do intestino

Os asistentes **acordaron por asentimento aprobar para o curso 2022-23 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

acordaron que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.

A decana informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (P1221).

Nº	ALUMNO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Álvarez López, Lucía	Illamento e caracterización de bacteriófagos de bacterias causantes da mastite bovina	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Silvio Roberto Branco dos Santos	991	50%			
2	Arbeteta García, Santiago José	Estado da arte da produción de celulosa bacteriana	Manuel Vázquez Vázquez	780	100%						
3	Arias Pereira, María	Compostos volátiles presentes en subprodutos da industria alimentaria	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
4	Arnoso Martínez, Felipe	Determinación da presenza de farías cárnicas en pienso de vacuno mediante microscopía óptica e cromatografía de gases acoplada a espectrometría de masas	Patricia Regal López	640	50%	Beatriz I. Vázquez Belda	640	25%	Mónica Díaz Bao	991	25%
5	Bonillo Alvarez, Aida	Análise de micotoxinas en cervexa mediante un método baseado na cromatografía líquida acoplada á detección por espectrometría de masas	Mª Amparo Alfonso Rancaño	315	50%	Jesús Mª González Jarín	315	50%			
6	Caceres Aguilar, Alexandra María	Propiedades físico-químicas das suspensións de algas Saccharina Latissima relevantes para o seu uso en alimentos.	Patricia López Sánchez	780	100%						
7	Campello López, Laura	Probióticos, prebióticos e simbióticos na alimentación do lactante	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
8	Carpintero Maggiori, Charo Andrea	Desenvolvemento dun método de qPCR para determinar as frecuencias xenotípicas e alélicas das variantes A1 e A2 do xene da beta-caseína en vacas leiteiras de Galicia	Patricia Regal López	640	100%						
9	Cespón Pena, Anthony	Desenvolvemento e caracterización dun recubrimento comestible a partir de subprodutos da industria alimentaria	Letricia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
10	Covelo Tizón, Eva	Formulación dunha bebida láctea realizada con cascariña de cacao e avaliación do grao de aceptación da mesma.	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Lourdes Vázquez Oderiz	640	25%	Maruxa Quiroga García	P1221	25%
11	Domeneche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por Salmonella Spp en leite e produtos lácteos	Carlos M. Franco Abuiñ	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
12	Ecarri Pérez, Isabela	Guía de oligonucleótidos para a determinación de grupos bacterianos no leite mediante qPCR	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
13	Fernández Labrada, Tamara	Envases comestibles a base de proteínas do leite e a súa aplicación en distintos alimentos	Ángel Cobos García	780	100%						
14	Lago Lestón, María	Algas mariñas da costa de Galicia: unha achega á seguridade alimentaria e o seu interese como alimento funcional	Letricia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
15	Polo Fernández, Iria	Avaliación da presenza de antibióticos no leite e estimación do risco para a saúde humana	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%			
16	San Martín Alonso, Alicia	O papel do etiquetado nos produtos alimentarios. Perspectiva e impacto no comportamento do consumidor.	Sandra Castro González	95	100%						
17	Souto Prieto, Antonio	Extracción e propiedades tecnolóxicas de proteínas e fibra de algas mariñas.	Patricia López Sánchez	780	50%	Ángel Cobos García	780	50%			
18	Suárez Pérez, Ana	Obtención e propiedades do agar-agar de cultivo ecolóxico de orixe galega	Ana Mª Bolana López	750	50%	Aida Jover Ramos	755	50%			
19	Toral Sobrino, Alejandro	Estudio do efecto da leite A2 na microbiota intestinal mediante un modelo animal	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
20	Vázquez Ordas, Silvia	Microorganismos modificados como vacinas comestibles e a resposta inmune do intestino	Tomás González Villa	630	50%	Ana González Abril	630	50%			

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 11/01/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Solicitud de modificación de proposta de TFM e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 11 de xaneiro de 2023 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Ramiro Barcia Vieitez	Presidente e responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	VC
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental.

O presidente indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Olga Díaz e Raquel Sendón, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpa asistencia Beatriz Vázquez, Lourdes Vázquez, Nieves Muñoz e Ángeles Romero. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/11/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O presidente informou da aprobación polo Consello de Goberno o pasado 28 de outubro do procedemento de admisión e matrícula condicionada nos estudos de máster universitario, e deu lectura ao mesmo, indicando que poderán matricularse nas titulacións de máster os estudantes que, segundo o artigo 18.4 do RD 822/2021, estean a cursar un grao e lles reste por superar o TFG e ata un máximo de 9 créditos ECTS. Non se poderá obter o título de máster ata obter o grao.

Neste punto o presidente indicou que se o alumnado se matricula no 2º semestre do 1º curso, ao ano seguinte só podería cursar o 1º semestre do 1º curso, xa que coincide temporalmente coas materias do 1º semestre do 2º curso (prácticas externas e TFM). O coordinador indicou que esta problemática xa se detectou no pasado a raíz dunha solicitude, sen embargo neste curso non debería producirse ningunha matrícula nova porque xa están todas as prazas cubertas.

Os asistentes concluíron maioritariamente que de producirse esta casuística extraordinaria no futuro ou algunha outra similar o aconsellable sería reunir á comisión para tratar de facilitar algunha flexibilidade no calendario das prácticas externas que permitira a este alumnado a súa realización no 2º semestre do 2º curso, sempre e cando non existan impedimentos vinculados á matrícula ou convocatorias da materia e teñamos empresas ou entidades dispostas a acoller ao alumnado noutras datas, entre outras cuestións.

3. Solicitude de modificación de proposta de TFM e asignación de titores.

O presidente informa de que se recibiu o pasado mes de decembro unha solicitude de modificación de proposta de TFM da alumna Charo Andrea Carpintero Maggiori a cal consiste en engadir como cotitor a Alexandre Lamas Freire, o resto da proposta non se modifica.

Tras unha análise da mesma, os asistentes **acordaron por unanimidade aceptar a modificación da proposta de TFM presentada.**

Motivado por este cambio, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar para o curso 2022-23 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	ALUMNO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Álvarez López, Lucía	Illamento e caracterización de bacteriófagos de bacterias causantes da mastite bovina	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Silvio Roberto Branco dos Santos	991	50%			
2	Arbeleta García, Santiago José	Estado da arte da produción de celulosa bacteriana	Manuel Vázquez Vázquez	780	100%						
3	Arias Pereira, Marta	Compostos volátiles presentes en subprodutos da industria alimentaria	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Leticia Barbosa Pereira	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
4	Arnos Martínez, Felipe	Determinación da presenza de farías cárnicas en pienso de vacuno mediante microscopía óptica e cromatografía de gases acoplada a espectrometría de masas	Patricia Regal López	640	50%	Beatriz I. Vázquez Belda	640	25%	Mónica Díaz Bao	991	25%
5	Bonillo Alvarez, Aida	Análise de micotoxinas en cervexa mediante un método baseado na cromatografía líquida acoplada á detección por espectrometría de masas	Mª Amparo Alfonso Rancaño	315	50%	Jesús Mª González Jartín	315	50%			
6	Caceres Aguilar, Alexandra Maria	Propiedades físico-químicas das suspensións de algas Saccharina Latissima relevantes para o seu uso en alimentos.	Patricia López Sánchez	780	100%						
7	Campello López, Laura	Probióticos, prebióticos e simbióticos na alimentación do lactante	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
8	Carpintero Maggiori, Charo Andrea	Desenvolvemento dun método de qPCR para determinar as frecuencias xenotípicas e alélicas das variantes A1 e A2 do xene da beta-caseína en vacas leiteiras de Galicia	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
9	Cespón Pena, Anthony	Desenvolvemento e caracterización dun recubrimento comestible a partir de subprodutos da industria alimentaria	Leticia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
10	Covelo Tizón, Eva	Formulación dunha bebida láctea realizada con cascarilla de cacao e avaliación do grao de aceptación da mesma.	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Lourdes Vázquez Oderiz	640	25%	Maruxa Quiroga García	P1221	25%
11	Domenche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por Salmonella Spp en leite e produtos lácteos	Carlos M. Franco Abuín	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
12	Ecarri Pérez, Isabela	Guía de oligonucleótidos para a determinación de grupos bacterianos no leite mediante qPCR	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
13	Fernández Labrada, Tamara	Envases comestibles a base de proteínas do leite e a súa aplicación en distintos alimentos	Ángel Cobos García	780	100%						
14	Lago Lestón, María	Algas mariñas da costa de Galicia: unha achega á seguridade alimentaria e o seu interese como alimento funcional	Leticia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
15	Polo Fernández, Iria	Avaliación da presenza de antibióticos no leite e estimación do risco para a saúde humana	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%			
16	San Martín Alonso, Alicia	O papel do etiquetado nos produtos alimentarios. Perspectiva e impacto no comportamento do consumidor.	Sandra Castro González	95	100%						
17	Souto Prieto, Antonio	Extracción e propiedades tecnolóxicas de proteínas e fibra de algas mariñas.	Patricia López Sánchez	780	50%	Ángel Cobos García	780	50%			
18	Suárez Pérez, Ana	Obtención e propiedades do agar-agar de cultivo ecolóxico de orixe galega	Ana Mª Botana López	750	50%	Aida Jover Ramos	755	50%			
19	Toral Sobrino, Alejandro	Estudio do efecto da leite A2 na microbiota intestinal mediante un modelo animal	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
20	Vázquez Ordas, Silvia	Microorganismos modificados como vacinas comestibles e a resposta inmune do intestino	Tomás González Villa	630	50%	Ana González Abril	630	50%			

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/02/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2023-24.
4. PDA curso 2023-24.
5. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
6. Rogos e preguntas.

Ás 9:45 do día 3 de febreiro de 2023 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	VC
M ^a Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Beatriz Vázquez, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpa asistencia Ángeles Romero e Marta López. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 11/01/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta indicou que nesta ocasión non tiña nova información, tan só comunicar que aínda non tiveran resposta da Xunta de Galicia sobre a solicitude de singularidade realizada no curso pasado. A continuación, cedulle a palabra ao coordinador que deu conta da celebración o 25 e 26 de xaneiro das xornadas de difusión internacional de másteres, organizadas pola Oficina de Captación Internacional. Na mesma participaron preto de 300 estudantes procedentes de 23 países que amosaron o seu interese na oferta académica da USC participando activamente neste evento e nas que houbo un bo número de consultas para o MINSTA.

3. Oferta de prazas de novo ingreso para o curso 2023-24.

A decana informa que o día 22 de decembro de 2022 a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización achegou as indicacións para que os centros procedan a realizar as propostas de oferta de prazas para o curso 2023-2024 nas titulacións de máster.

A Secretaría Xeral de Universidades ditou con data do 14 de novembro de 2022 (DOG do 23 de novembro) as Instrucións sobre a determinación da oferta de prazas para as titulacións oficiais de grao e máster nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

En consecuencia, solicítase que dende o centro se comuniquen as propostas de oferta de prazas para as titulacións de máster das que son responsables ata as 14:00 horas do 7 de febreiro de 2023.

O coordinador propón solicitar un incremento de 2 prazas debido a que o alumnado de países alleos ao EEES con frecuencia realiza anulacións de matrícula moi avanzado o curso o que provoca que non se poda ocupar novamente esa praza, aínda que exista alumnado interesado, o que fai que o número de alumnos de novo ingreso quede un pouco por debaixo do mínimo de 20.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, os asistentes **acordaron por unanimidade** para o MINSTA para o curso 2023-24, incrementar a oferta de prazas para **ofertar un total de 22**: 12 prazas ordinarias, 10 para alumnado de sistemas educativos alleos ao EEES, das que o 15% poderán ser a tempo parcial (3 prazas).

4. PDA curso 2023-24.

A decana indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2023-24 da titulación

de Máster co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

A continuación a decana indicou as modificacións propostas que afectan á materia P1221107 Traballo Fin de Máster na que se introduciu a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2022-23 e á asignación de títolos aprobada pola Comisión Académica do Título. Esta previsión é a que se indica na distribución de horas por área na liña de centro correspondente.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2023-24 da titulación de Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, as cuestións que poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

5. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliarán os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2022-2023. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
1	Álvarez López, Lucía	Illamento e caracterización de bacteriófagos de bacterias causantes da mastite bovina
2	Caceres Aguilar, Alexandra Maria	Propiedades físico-químicas das suspensións de algas <i>Saccharina Latissima</i> relevantes para o seu uso en alimentos.
3	Souto Prieto, Antonio	Extracción e propiedades tecno-funcionais de proteínas e fibra de algas mariñas.

A continuación, o coordinador fai a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta o indicando na normativa de TFM:

TRIBUNAL: 17 de febreiro de 2023	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidente: Alberto Cepeda Sáez	Jorge Barros Velázquez
Secretaria: Alicia del Carmen Mondragón Portocarrero	Begoña Barreiro Fernández
Vocal: Aida Jover Ramos	Mª Lourdes Vázquez Odériz

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFM da oportunidade de febreiro do curso 2022-2023, segundo a táboa precedente.**

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título

Reunión ordinaria: 27/03/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Seguimento do MINSTA 2021-22: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
4. Proposta de horarios para o curso 2023-24.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 27 de marzo de 2023 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Ramiro Barcia Vieitez	Presidente e responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental.

O presidente indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta López e Raquel Sendón, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpa asistencia Ángeles Romero. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/02/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O presidente non ter informes nesta ocasión.

3. Seguimento do MINSTA 2021-22: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

O presidente cedeu a palabra ao coordinador do título, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Tamén informou da incorporación no informe de resultados, dunha proposta de nova acción de mellora, xa que, nos dous últimos anos non se completou o número de prazas ofertadas (20 alumnos) segundo os indicadores IN01M e IN04M, pero hai unha alta preinscrición (42 neste curso 2021-22). Isto é debido ás anulacións de matrícula correspondentes fundamentalmente ao alumnado de países alleos ao EEES que realizan con frecuencia anulacións de matrícula moi avanzado o curso, o que provoca que non se poda ocupar novamente esas prazas, aínda que exista alumnado interesado. Polo tanto, a acción de mellora consiste na modificación da oferta de prazas de novo ingreso, propoñendo á universidade incrementala a 22 prazas.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do MINSTA para o curso 2021-22** que se acompaña como ANEXO a este acta, que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

4. Proposta de horarios para o curso 2023-24.

O presidente informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos

os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración, o cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días e mesmo foron propostos cambios durante a reunión.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2023-24 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias** que se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios>.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sr. Presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 19/04/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:45 do día 19 de abril de 2023 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta informa de que desculpa asistencia Beatriz Vázquez, Nieves Muñoz e Marta López. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 27/03/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indica que nesta ocasión non hai novos informes.

3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

A decana informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha lista das propostas

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

presentadas e de que hai 21 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2022-23, dos cales 3 defenderon o seu TFM en febreiro, 16 tiñan propostas aprobadas en comisións anteriores, 1 presenta modificación da proposta previamente aprobada e 1 presenta nova proposta. A continuación a decana deu lectura ás mesmas e os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar as propostas de TFM presentadas e que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Arbeteta García, Santiago José	Estado da arte da produción de celulosa bacteriana
Seoane Sánchez, Ana	Probióticos: usos e posibles aplicacións na prevención e o tratamento da diabetes mellitus tipo 2.

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2022-23 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

Nº	ALUMNO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Álvarez López, Lucía	Illamento e caracterización de bacteriófagos de bacterias causantes da mastite bovina	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Silvio Roberto Branco dos Santos	991	50%			
2	Arbeteta García, Santiago José	Estado da arte da produción de celulosa bacteriana	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
3	Arias Pereira, Marta	Compostos volátiles presentes en subprodutos da industria alimentaria	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Leticia Barbosa Pereira	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
4	Arnos Martínez, Felipe	Determinación da presenza de larvas cárnicas en pienso de vacuno mediante microscopía óptica e cromatografía de gases acoplada a espectrometría de masas	Patricia Regal López	640	50%	Beatriz I. Vázquez Belda	640	25%	Mónica Díaz Bao	991	25%
5	Bonillo Alvarez, Aida	Análise de micotoxinas en cervexa mediante un método baseado na cromatografía líquida acoplada á detección por espectrometría de masas	Mª Amparo Alfonso Rancaño	315	50%	Jesús Mª González Jarlín	315	50%			
6	Caceres Aguilar, Alexandra Maria	Propiedades físico-químicas das suspensións de algas Saccharina Latissima relevantes para o seu uso en alimentos.	Patricia López Sánchez	780	100%						
7	Campello López, Laura	Probióticos, prebióticos e simbióticos na alimentación do lactante	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
8	Carpintero Maggiori, Charo Andrea	Desenvolvemento dun método de qPCR para determinar as frecuencias xenotípicas e alélicas das variantes A1 e A2 do xene da beta-caseína en vacas leiteiras de Galicia	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
9	Cespón Pena, Anthony	Desenvolvemento e caracterización dun recubrimento comestible a partir de subprodutos da industria alimentaria	Leticia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
10	Covelo Tizón, Eva	Formulación dunha bebida láctea realizada con cascarilla de cacao e avaliación do grao de aceptación da mesma.	Mª Angeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Lourdes Vázquez Oderiz	640	25%	Maruxa Quiroga García	P1221	25%
11	Domeneche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por Salmonella Spp en leite e produtos lácteos	Carlos M. Franco Abuiñ	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
12	Ecarri Pérez, Isabela	Guía de oligonucleótidos para a determinación de grupos bacterianos no leite mediante qPCR	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
13	Fernández Labrada, Tamara	Envases comestibles a base de proteínas do leite e a súa aplicación en distintos alimentos	Ángel Cobos García	780	100%						
14	Lago Lestón, María	Algas mariñas da costa de Galicia: unha achega á seguridade alimentaria e o seu interese como alimento funcional	Leticia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
15	Polo Fernández, Iria	Avallación da presenza de antibióticos no leite e estimación do risco para a saúde humana	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%			
16	San Martín Alonso, Alicia	O papel do etiquetado nos produtos alimentarios. Perspectiva e impacto no comportamento do consumidor.	Sandra Castro González	095	100%						
17	Seoane Sánchez, Ana	Probióticos: usos e posibles aplicacións na prevención e o tratamento da diabetes mellitus tipo 2.	Jesús A. Casabiell Pintos	410	100%						
18	Souto Prieto, Antonio	Extracción e propiedades tecnofuncionais de proteínas e fibra de algas mariñas.	Patricia López Sánchez	780	50%	Ángel Cobos García	780	50%			
19	Suárez Pérez, Ana	Obtención e propiedades do agar-agar de cultivo ecolóxico de orixe galega	Ana Mª Botana López	750	50%	Aida Jover Ramos	755	50%			
20	Toral Sobrino, Alejandro	Estudio do efecto da leite A2 na microbiota intestinal mediante un modelo animal	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
21	Vázquez Ordas, Silvia	Microorganismos modificados como vacinas comestibles e a resposta inmune do intestino	Tomás González Villa	630	50%	Ana González Abril	630	50%			

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 07/06/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2023-24.
4. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 7 de xuño de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Beatriz Vázquez, M^a Ángeles Romero, Olga Díaz e Marta López. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 19/04/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indica que a diferenza do ocorrido o ano pasado, este ano a Xunta de Galicia non vai destinar axudas para o apoio aos estudos de máster oficial. A Vicerreitoría de Titulacións está estudando a posibilidade de sacar unha convocatoria con axudas para este tipo de estudos que espera se concrete ao longo dos vindeiros meses.

3. **Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2023-24.**

A decana informou de que, como cada curso académico, os respectivos coordinadores revisaron todas as programacións docentes introducidas polo profesorado responsable de cada materia e aprobadas polos correspondentes departamentos.

A continuación cedeu a palabra ao coordinador, o cal informou que tras revisar todas as programacións detectáronse algunhas incidencias que xa foron corrixiadas en prazo, polo que todas as materias están correctas.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2023-24 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto houbo varias intervencións.

A decana cedeu a palabra á profesora Julia Barciela, que indicou que, no caso da materia que imparte xunto con outro profesorado no Máster, fai todos os cursos exame, e que neste curso o alumnado non estaba moi cómodo con esta opción debido a que gran parte das materias realizan a súa avaliación doutro xeito, mediante traballos ou similar. A profesora Nieves Muñoz tamén interveu neste mesmo sentido indicando que no seu caso tamén fai exame pero que neste curso non notou moita reticencia neste sentido, cousa que si lle ocorreu en cursos precedentes. Neste sentido os asistentes sinalaron que o alumnado se implica cada vez menos e amosa máis desinterese polas materias e polas actividades realizadas, incluso nas prácticas de laboratorio. A profesora Raquel Sendón confirma tamén esta tendencia en xeral nas titulacións e parécelle que isto debería ter o seu reflexo nas cualificacións do alumnado.

A decana indica que na xornada de presentación e benvida sería interesante falar disto ao alumnado para tratar de frear esta tendencia.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 30/06/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
4. Aprobación se procede de liñas temáticas e títolos de TFM.
5. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2023-24.
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 30 de xuño de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Beatriz Vázquez, Manuel Vázquez, Olga Díaz e Marta López e, de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/06/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta sinala que os titores de traballos fin de máster (TFM) non deben esquecer que teñen que emitir un informe e someter o TFM á ferramenta antiplaxio Turnitin, que mesmo podería nun futuro integrar a funcionalidade de detectar traballos feitos con IA e cuxa licenza está próxima á súa renovación.

A decana indica que, ao fío do indicado na reunión previa desta Comisión, a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización vai sacar unha convocatoria de axudas para o financiamento de accións de mellora de másteres oficiais da USC 2023, exceptuando os de excelencia, na cal haberá unha serie de accións cun financiamento máximo por acción, das cales se poderá elixir como moito 3. Esperan resolvelas de xeito moi rápido en dúas datas: xullo e setembro e serán canalizadas a través dos centros da USC. A decana indica que o ideal sería solicitar en xullo e no caso de que non se concedan concorrer novamente en setembro.

Tamén informou das cifras de matrícula facilitadas polo coordinador: 4 matriculados na convocatoria anticipada para estranxeiros e 38 solicitudes na ordinaria que rematará o vindeiro 17 de xullo.

3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2022-2023. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
1	Arias Pereira, Marta	Compostos volátiles presentes en subprodutos da industria alimentaria
2	Arnos Martínez, Felipe	Determinación da presenza de fariñas cárnicas en penso de vacún mediante microscopía óptica e cromatografía de gases acoplada a espectrometría de masas
3	Bonillo Alvarez, Aida	Análise de micotoxinas en cervexa mediante un método baseado na cromatografía líquida acoplada á detección por espectrometría de masas
4	Campello López, Laura	Probióticos, prebióticos e simbióticos na alimentación do lactante
5	Carpintero Maggiori, Charo Andrea	Desenvolvemento dun método de qPCR para determinar as frecuencias xenotípicas e alélicas das variantes A1 e A2 do xene da beta-caseína en vacas leiteiras de Galicia
6	Cespón Pena, Anthony	Desenvolvemento e caracterización dun recubrimento comestible a partir de subprodutos da industria alimentaria
7	Covelo Tizón, Eva	Formulación dunha bebida láctea realizada con cascarilla de cacao e avaliación do grao de aceptación da mesma.
8	Ecarri Pérez, Isabela	Guía de oligonucleótidos para a determinación de grupos bacterianos no leite mediante qPCR
9	Seoane Sánchez, Ana	Probióticos: usos e posibles aplicacións na prevención e o tratamento da diabetes mellitus tipo 2.
10	Toral Sobrino, Alejandro	Estudio do efecto do leite A2 na microbiota intestinal mediante un modelo animal

A continuación, a decana informa de que o coordinador, aínda que non puido acudir á reunión, remitiu a proposta de tribunal de avaliación, tendo en conta o indicando na normativa de TFM:

TRIBUNAL: 14 de xullo de 2023	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Jorge Barros Velázquez	Olga Díaz Rubio
Secretaria: Alejandra Cardelle Cobas	M ^a Jesús Sáinz Oses
Vocal: M ^a del Pilar Calo Mata	Carlos Manuel Franco Abuín

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFM da oportunidade de xullo do curso 2022-2023, segundo a táboa precedente.**

4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.

A decana indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFM do MINSTA, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFM en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, a decana informou de que houbo solicitudes para a incorporación ás liñas temáticas de distintas figuras de persoal investigador da USC. A decana aclarou que non se poden incorporar persoas que, segundo a normativa, non podan titorizar TFM, o que non impide que podan actuar como cotitores de TFM no caso de que a normativa o permita.

Finalmente, os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de liñas temáticas de TFM para o MINSTA que se acompaña como ANEXO I á presente acta.**

5. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2023-24.

A decana indica que é preciso publicar a finais de xullo a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do MINSTA para o vindeiro curso 2023-24, que será moi similar á do curso anterior. En relación á necesidade de dar de alta na Seguridade Social ao alumnado por parte das empresas a partir do mes de outubro, a decana indicou que se espera unha moratoria ata xaneiro de 2024, e incluso a Universidade está barallando a posibilidade de facer esta xestión na propia USC e asumir o gasto, co obxecto de que o alumnado poda seguir realizando prácticas externas. A continuación Ángeles Romero informou aos asistentes acerca das prazas que xa tiña confirmadas e tamén daquelas que tiñan pendente algún trámite, así como de que o calendario sería moi similar ao do curso actual, para finalmente incorporarse o alumnado a principios do mes de outubro.

Finalmente tras os comentarios oportunos, **os asistentes aprobaron por unanimidade a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do MINSTA para o curso 2023-24** a cal se incorporará como ANEXO II á presente acta, e tamén acordaron **autorizar á decana a incorporar á oferta as prazas pendentes dalgún trámite** ata a publicación da convocatoria que se fará no taboleiro electrónico da USC e **delegar na decana a elaboración e publicación** das listas provisionais e definitivas sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión.

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/10/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Consolidación de actas curso 2022-23.
4. Proposta de publicación de TFM 2022-23 no repositorio institucional da USC (Minerva).
5. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2023-24.
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 3 de outubro de 2023 reúnen-se na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Ramiro Barcia Vieitez	Presidente e responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental. O presidente indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón e Marta López, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Beatriz Vázquez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 30/06/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O presidente informa de que o 5 de abril de 2022, seguindo as recomendacións da Universidade, se acordou pola Xunta de Centro solicitar a determinación de carácter singular do MINSTA, tendo en conta o indicado na Resolución de 10 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral de Universidades (SXU). O pasado 25 de agosto publicouse no DOG a Resolución do 9 de agosto de 2023 da SXU pola que se declara a singularidade de máster no SUG, a cal indica en relación ao MINSTA que a SXU acordou non valoralo ao non ter unha demanda inferior á sinalada no Decreto 222/2011 e, polo tanto, aparece na resolución dentro do apartado de “*Mantemento na oferta académica do SUG*”, o cal é unha boa noticia de cara ao mantemento da oferta desta titulación.

3. Consolidación de actas curso 2022-23.

O presidente indica que unha vez presentados todos os traballos fin de máster correspondentes ao curso 2022-23 é preciso a cobertura e sinatura das actas consolidadas de Traballos Fin de Máster e tamén de Prácticas Externas.

No caso de Prácticas Externas non parece oportuno outorgar a matrícula de honra xa que, dada a ampla variedade de titores non se conta con criterios obxectivos para poder outorgala.

No caso do TFM pódese outorgar 1 matrícula de honra. O coordinador solicitou información aos integrantes dos tribunais de avaliación de TFM do curso, tal e como indica a normativa, e unha vez oídos os argumentos expostos e á vista das cualificacións do alumnado, finalmente os asistentes acordaron por unanimidade **outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFM presentados no curso 2022-23 á alumna Lucía Álvarez López e no caso das Prácticas Externas non outorgala.**

4. Proposta de publicación de TFM 2022-23 no repositorio institucional da USC (Minerva).

O presidente informou de que a normativa de TFM recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueloutros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

Tras un intercambio de impresións sobre este asunto por parte dos asistentes, finalmente acordaron por unanimidade, para os TFM do curso 2022-23, remitir ao repositorio institucional da USC aqueles traballos que acadaron a mención de matrícula de honra na materia, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

5. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2023-24.

O presidente indicou que é preciso aprobar para este curso as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa autorización pola Vicerreitoría competente. As materias impartidas total ou parcialmente por profesorado da Área Externa son: Nutrición Clínica, Percepción Sensorial e Gastronomía e Microbioloxía e Tecnoloxía de Produtos Mariños. O profesorado da Área Externa proposto é o mesmo que o do curso anterior, a única nova incorporación é a de Alejandro Garrido Maestu, sendo a proposta a seguinte:

- Alejandro Garrido Maestu
- Alicia Santamaría Nieto
- Alma M^a Prieto Tenreiro
- Cristina Gil Mouce
- Juan José Rodríguez Herrera
- M^a Cristina Porca Fernández
- M^a Gemma Rodríguez Carnero
- Manuel Antonio Botana López
- Manuel Penín Álvarez
- Marta López Cabo
- Maruxa García Quiroga
- Nazaret Rodríguez Novo
- Patricia Pérez Castro
- Rocío Villar Taibo
- Rosa Argüeso Armesto

Os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2023-24.**

6. Rogos e preguntas.

Neste punto o coordinador salientou as dificultades que ás veces supón a coordinación do profesorado externo da materia Nutrición Clínica, dado o seu elevado número. En relación a isto indicou que unha posible solución sería considerar a posibilidade de que a materia pase a ser optativa. A profesora Lourdes Vázquez e Ángeles Romero indicaron que neste momento isto non suporía ningún problema xa que se dispón dun elevado número de egresados do Grao en Nutrición con formación adecuada para poder impartir esta materia.

Sen máis temas que tratar o Sr. presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 13/11/2023

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
4. Proposta de modificación da memoria do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias. Convocatoria anual de tramitación de titulacións.
5. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 13 de novembro de 2023 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Ramiro Barcia Vieitez	Presidente e responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental. O presidente indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Beatriz Vázquez, Olga Díaz, Ángeles Romero e Marta López e de que asiste como invitado o vicedecano da Facultade Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/10/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O presidente indica que nesta ocasión non hai informes.

3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha lista das propostas presentadas, e de que hai 28 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2023-24, dos cales presentaron proposta 18, 6 xa a tiñan aprobada e en vigor e 4 non presentou nesta oportunidade. Tamén indicou que hai unha solicitude que non subiu proposta polo que será rexeitada e tamén se recibiu outra por correo electrónico ao día seguinte que non se puido admitir por estar fóra de prazo e pendente de introducir na aplicación Xescampus.

A continuación deu lectura ás mesmas e os asistentes, tras facer os comentarios oportunos, **acordaron por asentimento aceptar as propostas de TFM presentadas, que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Arias Cailleau, Tania	Determinación de residuos de pesticidas en cervexa mediante cromatografía de líquidos e espectrometría de masas
Blanco Robledo, Andrea	Perspectivas científicas sobre o consumo de leite cru
Carbayo Barrio, Jesús	Envases activos, intelixentes, biodegradables e a súa aplicación
Castillo Prieto, Zuriel Berenice	Impacto do procesamento nas propiedades físicas das dispersións de algas verdes (<i>Ulva lactuca</i>) para o seu uso como ingrediente en alimentos
Cotos Suárez, María	Análise de compoñentes en artigos de contacto alimentario a base de bambú
Da Silva Duran, Alecsandra	Estratexias de identificación rápida de produtoras e de leite A2
El arfaoui Saad allah, Hamid	Estrutura coloidal de leite enteiro, semidesnatado e desnatado, tamaños de partículas lipídicas e proteicas (micelas de caseína) observadas mediante dispersión da luz e microscopía óptica
Fagundez Fosado, Lucía	Inxestión de proteasas como complemento en casos de intolerancia ao glute e enfermidade celíaca
García Mira, Mariana Paula	Influencia das tecnoloxías da información e comunicación na insatisfacción corporal e as condutas alimentarias na mocidade: revisión bibliográfica
García Ramos, Iria	Desenvolvemento dun método baseado na tecnoloxía LAMP para a detección de <i>Salmonella</i> spp. en mostras de orixe avícola.
García Weis, Luciana Rosario	Fórmulas infantís funcionais: unha revisión da literatura
Gómez Dominguez, Irene	Determinación de xenes de resistencia a antimicrobianos en leite de diferentes sistemas de produción.
Nogueira Fojo, Laura	Uva con DO Rías Baixas. Control de maduración e análise de resultados.
Ochoa Calderón, Miriam Carolina	Desenvolvemento de biomateriais a partir de celulosa bacteriana modificada con aditivos de algas pardas.
Pérez López, Alicia Fátima	Fermentación Heteroláctica en Viños: Abordando o Cambio Climático Compreendendo o Xenoma de <i>Lachancea thermotolerans</i>
Roade Pérez, Paula	Desenvolvemento e optimización dun novo modelo dinámico in vitro para a simulación do sistema dixestivo humano e súa aplicación no ámbito das ciencias da saúde
Santos Barreiro, Alejandra	Prevalencia e perfil de resistencia a antimicrobianos de illados de <i>Klebsiella pneumoniae</i> en granxas de polos.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Yáñez Pérez, Marta	Importancia da herdanza citoplasmática na selección de animais para alimentos transxénicos

Os asistentes **acordaron por asentimento aprobar para o curso 2023-24 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordaron que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

O presidente informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (P1221).

Nº	ALUMNADO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Arbeleta García, Santiago José	Estado da arte da produción de celulosa bacteriana	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
2	Arias Cailleau, Tania	Determinación de residuos de pesticidas en cervexa mediante cromatografía de líquidos e espectrometría de masas	Isaac Rodríguez Pereiro	750	50%	María Ramil Criado	750	50%			
3	Blanco Robledo, Andrea	Perspectivas científicas sobre o consumo de leite cru	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
4	Carbayo Barrio, Jesús	Envases activos, intelixentes, biodegradables e a súa aplicación	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%
5	Castillo Prieto, Zuriel Berenice	Impacto do procesamento nas propiedades físicas das dispersións de algas verdes (<i>Ulva lactuca</i>) para o seu uso como ingrediente en alimentos	Patricia López Sánchez	780	100%						
6	Colos Suárez, María	Análise de compoñentes en artigos de contacto alimentario a base de bambú	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Raquel Sendón García	640	25%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%
7	Da Silva Duran, Alejandra	Estratexias de identificación rápida de produtoras e de leite A2	María Prado Rodríguez	780	50%	Alberto Cepeda Sáez	640	50%			
8	Domeneche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por <i>Salmonella</i> Spp en leite e produtos lácteos	Carlos M. Franco Abuín	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
9	El arbaoui Saad allah, Hamid	Estrutura coloidal de leite enteiro, semidesnatado e desnatado, tamaños de partículas lipídicas e proteicas (micelas de caseína) observadas mediante dispersión da luz e microscopía óptica	Aida Jover Ramos	755	100%						
10	Fagundez Fosado, Lucía	Inxestión de proteasas como complemento en casos de intolerancia ao glute e enfermidade celíaca	Aida Jover Ramos	755	100%						
11	García Mira, Mariana Paula	Influencia das tecnoloxías da información e comunicación na insatisfacción corporal e as condutas alimentarias na mocidade: revisión bibliográfica	Carmela Martínez Vispo	680	100%						
12	García Ramos, Iria	Desenvolvemento dun método baseado na tecnoloxía LAMP para a detección de <i>Salmonella</i> spp. en mostras de orixe avícola.	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Patricia Regal López	640	25%	Alejandro Garrido Maestu	P1221	25%
13	García Weis, Luciana Rosario	Fórmulas infantís funcionais: unha revisión da literatura	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
14	Gómez Domínguez, Irene	Determinación de xenes de resistencia a antimicrobianos en leite de diferentes sistemas de produción.	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
15	Nogueira Fojo, Laura	Uva con DO Rías Baixas. Control de maduración e análise de resultados.	Ángel Cobos García	780	50%	Carlos Herrero Labrre	750	25%	Paula Fandiño Pita	P1221	25%
16	Ochoa Calderón, Miriam Carolina	Desenvolvemento de biomateriais a partir de celulosa bacteriana modificada con aditivos de algas pardas.	Patricia López Sánchez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
17	Pérez López, Alicia Fátima	Fermentación Heteroláctica en Viños: Abordando o Cambio Climático Compreendendo o Xenoma de <i>Lachancea thermotolerans</i>	Marcos Quintela Baluja	780	50%	Jorge Barros Velázquez	780	50%			
18	Polo Fernández, Iria	Avaliación da presenza de antibióticos no leite e estimación do risco para a saúde humana	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%			
19	Roade Pérez, Paula	Desenvolvemento e optimización dun novo modelo dinámico in vitro para a simulación do sistema dixestivo humano e súa aplicación no ámbito das ciencias da saúde	Alejandra Cardelle Cobas	640	50%	Alberto Cepeda Sáez	640	50%			
20	San Martín Alonso, Alicia	O papel do etiquetado nos produtos alimentarios. Perspectiva e impacto no comportamento do consumidor.	Sandra Castro González	095	100%						
21	Santos Barreiro, Alejandra	Prevalencia e perfil de resistencia a antimicrobianos de illados de <i>Klebsiella pneumoniae</i> en granxas de polos.	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Carlos M. Franco Abuín	640	50%			
22	Suárez Pérez, Ana	Obtención e propiedades do agar-agar de cultivo ecolóxico de orixe galega	Ana Mª Bolana López	750	50%	Aida Jover Ramos	755	50%			
23	Vázquez Ordas, Silvia	Microorganismos modificados como vacinas comestibles e a resposta inmune do intestino	Tomás González Villa	630	50%	Ana González Abril	630	50%			
24	Yáñez Pérez, Marta	Importancia da herdanza citoplasmática na selección de animais para alimentos transxénicos	Tomás González Villa	630	50%	Ana González Abril	630	50%			

4. Proposta de modificación da memoria do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias. Convocatoria anual de tramitación de titulacións.

O presidente indica que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro,

polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (disposición transitoria 5ª) e a planificación proposta pola Vicerreitoría de Titulacións, é preciso levar a cabo a adscrición do MINSTA a un ámbito de coñecemento. Tamén indicou que tendo en conta o citado Real Decreto 822 e a guía da ACSUG, esta sería unha modificación non substancial do título.

Tendo en conta a convocatoria anual de tramitación de titulacións aprobada polo Consello de Goberno o pasado 11 de outubro, sería preciso presentar o Anexo V da citada convocatoria achegando a versión modificada do apartado correspondente da memoria, ademais do informe motivado da Comisión de Calidade do Centro e o acordo de Xunta de Facultade.

Os asistentes tras a revisión da normativa e da planificación das ensinanzas da memoria vixente do título **acordaron por unanimidade adscribir o Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias ao ámbito de coñecemento denominado: “*Ciencias agrarias e tecnoloxía dos alimentos*”.**

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións

Sen máis temas que tratar o Sr. presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 11/01/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Oferta de prazas para o curso 2024-25.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:15 do día 11 de xaneiro de 2024 reúnense na aula 2 da 2ª planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón e Marta López Cabo, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Nieves Muñoz, Olga Díaz e Ángeles Romero e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 13/11/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos

asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta sinala que nesta ocasión non hai informes.

3. Oferta de prazas para o curso 2024-25.

A decana informa que o día 18 de decembro de 2023 a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización achegou as indicacións para que os centros procedan a realizar as propostas de oferta de prazas para o curso 2024-2025 nas titulacións de máster.

A Secretaría Xeral de Universidades ditou con data do 14 de novembro de 2022 (DOG do 23 de novembro) as Instrucións sobre a determinación da oferta de prazas para as titulacións oficiais de grao e máster nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

En consecuencia, solicítase que dende o centro se comunique á Vicerreitoría as propostas de oferta de prazas para as titulacións de máster das que son responsables ata as 14:00 horas do 31 de xaneiro de 2024. No mes de marzo as universidades do SUG deberán comunicar á Secretaría Xeral de Universidades a proposta de prazas a ofertar para a súa análise e aprobación.

Despois dun intercambio de impresión sobre este asunto, os asistentes **acordaron por asentimento**, para o MINSTA, **manter** para o curso 2024-25 a oferta de prazas do curso actual: **un total de 22: 12 prazas ordinarias e 10 para alumnado de sistemas educativos alleos ao EEES, das que 3 poderán ser a tempo parcial sobre o total.**

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título

Reunión ordinaria: 05/02/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. PDA curso 2024-25.
4. Aprobación de modificación de asignación de titores de TFM.
5. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
6. Rogos e preguntas.

Ás 11:00 do día 5 de febreiro de 2024 reúnen na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón e Marta López Cabo, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Ramiro Barcia e Ángeles Romero e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 11/01/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta informou do traslado da aula de valoración antropométrica da planta baixa á 2ª planta despois de levar a cabo a reconversión dun antigo laboratorio, o que permitirá dispoñer dun espazo máis amplo. Este equipamento poderá utilizarse para prácticas e traballos fin de máster de carácter experimental previa reserva.

3. PDA curso 2024-25.

A decana indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2024-25 da titulación de Máster co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes.

A continuación a decana indicou as modificacións propostas que afectan á materia P1221107 Traballo Fin de Máster na que se introduciu na liña de centro a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2023-24 e á asignación de titores aprobada pola Comisión Académica do Título

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2024-25 da titulación de Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, as cuestións que poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

4. Aprobación de modificación de asignación de titores de TFM.

A decana indica que no caso da proposta de TFM da alumna Alicia Fátima Pérez López na que figuraban como titor Marcos Quintela Baluja e como cotitor Jorge Barros Velázquez, recibiu comunicación do titor e cotitor indicando que Marcos Quintela non se atopa vinculado á USC neste momento atopándose en situación de excedencia polo que é preciso modificar esta asignación quedando como titor Jorge Barros Velázquez e como cotitor Marcos Quintela Baluja porque a aplicación non permite que persoas externas á USC suban e asinen o informe que se precisa previo á defensa do traballo fin de máster.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Os asistentes acordaron por asentimento **aprobar esta proposta de modificación e tamén aprobar para o curso 2023-24 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordaron que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

Nº	ALUMNADO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Arbeleta García, Santiago José	Estado da arte da produción de celulosa bacteriana	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
2	Arias Cailleau, Tania	Determinación de residuos de pesticidas en cervexa mediante cromatografía de líquidos e espectrometría de masas	Isaac Rodríguez Pereiro	750	50%	Maria Ramil Criado	750	50%			
3	Blanco Robledo, Andrea	Perspectivas científicas sobre o consumo de leite cru	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
4	Carbayo Barrio, Jesús	Envases activos, intelixentes, biodegradables e a súa aplicación	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%
5	Castillo Prieto, Zuriel Berenice	Impacto do procesamento nas propiedades físicas das dispersións de algas verdes (Ulva lactuca) para o seu uso como ingrediente en alimentos	Patricia López Sánchez	780	100%						
6	Cotos Suárez, María	Análise de compoñentes en artigos de contacto alimentario a base de bambú	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Raquel Sendón García	640	25%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%
7	Da Silva Duran, Alejandra	Estratexias de identificación rápida de produtoras e de leite A2	Maria Prado Rodríguez	780	50%	Alberto Cepeda Sáez	640	50%			
8	Domeneche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por Salmonella Spp en leite e produtos lácteos	Carlos M. Franco Abui	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
9	El arbaoui Saad allah, Hamid	Estrutura coloidal de leite enteiro, semidesnatado e desnatado, tamaños de partículas lipídicas e proteicas (micelas de caseína) observadas mediante dispersión da luz e microscopía óptica	Aida Jover Ramos	755	100%						
10	Fagundez Fosado, Lucía	Inxestión de proteínas como complemento en casos de intolerancia ao glute e enfermidade celíaca	Aida Jover Ramos	755	100%						
11	García Mira, Mariana Paula	Influencia das tecnoloxías da información e comunicación na insatisfacción corporal e as condutas alimentarias na mocidade: revisión bibliográfica	Carmela Martínez Vispo	680	100%						
12	García Ramos, Iria	Desenvolvemento dun método baseado na tecnoloxía LAMP para a detección de Salmonella spp. en mostras de orixe avícola.	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Patricia Regal López	640	25%	Alejandro Garrido Maestu	P1221	25%
13	García Weis, Luciana Rosario	Fórmulas infantís funcionais: unha revisión da literatura	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
14	Gómez Domínguez, Irene	Determinación de xenes de resistencia a antimicrobianos en leite de diferentes sistemas de produción.	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
15	Nogueira Fojo, Laura	Uva con DO Rías Baixas. Control de maduración e análise de resultados.	Ángel Cobos García	780	50%	Carlos Herrero Laborre	750	25%	Paula Fandiño Pita	P1221	25%
16	Ochoa Calderón, Miriam Carolina	Desenvolvemento de biomateriais a partir de celulosa bacteriana modificada con aditivos de algas pardas.	Patricia López Sánchez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
17	Pérez López, Alicia Fátima	Fermentación Heteroláctica en Viños: Abordando o Cambio Climático Compreendendo o Xenoma de Lachancea thermoblastans	Jorge Barros Velázquez	780	50%	Marcos Quintela Baluja	780	50%			
18	Polo Fernández, Iria	Avaliación da presenza de antibióticos no leite e estimación do risco para a saúde humana	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%			
19	Roade Pérez, Paula	Desenvolvemento e optimización dun novo modelo dinámico in vitro para a simulación do sistema dixestivo humano e súa aplicación no ámbito das ciencias da saúde	Alejandra Cardelle Cobas	640	50%	Alberto Cepeda Sáez	640	50%			
20	San Martín Alonso, Alicia	O papel do etiquetado nos produtos alimentarios. Perspectiva e impacto no comportamento do consumidor.	Sandra Castro González	095	100%						
21	Santos Barreiro, Alejandra	Prevalencia e perfil de resistencia a antimicrobianos de illados de Klebsiella pneumoniae en granxas de polos.	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Carlos M. Franco Abui	640	50%			
22	Suárez Pérez, Ana	Obtención e propiedades do agar-agar de cultivo ecolóxico de orixe galega	Ana Mª Botana López	750	50%	Aida Jover Ramos	755	50%			
23	Vázquez Ordas, Silvia	Microorganismos modificados como vacinas comestíbles e a resposta inmune do intestino	Tomás González Villa	630	50%	Ana González Abril	630	50%			
24	Yáñez Pérez, María	Importancia da herdanza citoplasmática na selección de animais para alimentos transxénicos	Tomás González Villa	630	50%	Ana González Abril	630	50%			

5. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2023-2024. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
1	Arias Cailleau, Tania	Determinación de residuos de pesticidas en cervexa mediante cromatografía de líquidos e espectrometría de masas
2	Cotos Suárez, María	Análise de compoñentes en artigos de contacto alimentario a base de bambú

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
3	Da Silva Duran, Alecsandra	Estratexias de identificación rápida de produtoras e de leite A2
4	El arfaoui Saad allah, Hamid	Estrutura coloidal de leite enteiro, semidesnatado e desnatado, tamaños de partículas lipídicas e proteicas (micelas de caseína) observadas mediante dispersión da luz e microscopía óptica
5	García Mira, Mariana Paula	Influencia das tecnoloxías da información e comunicación na insatisfacción corporal e as conductas alimentarias na mocidade: revisión bibliográfica
6	García Weis, Luciana Rosario	Fórmulas infantís funcionais: unha revisión da literatura
7	Gómez Dominguez, Irene	Determinación de xenes de resistencia a antimicrobianos en leite de diferentes sistemas de produción.
8	Ochoa Calderón, Miriam Carolina	Desenvolvemento de biomateriais a partir de celulosa bacteriana modificada con aditivos de algas pardas.
9	Pérez López, Alicia Fátima	Fermentación Heteroláctica en Viños: Abordando o Cambio Climático Compreendendo o Xenoma de Lachancea thermotolerans
10	Roade Pérez, Paula	Desenvolvemento e optimización dun novo modelo dinámico in vitro para a simulación do sistema dixestivo humano e súa aplicación no ámbito das ciencias da saúde
11	Santos Barreiro, Alejandra	Prevalencia e perfil de resistencia a antimicrobianos de illados de Klebsiella pneumoniae en granxas de polos.

A continuación, o coordinador fai a proposta de tribunal de avaliación para a defensa que terá lugar o vindeiro 16 de febreiro, tendo en conta o indicando na normativa de TFM:

TRIBUNAL Nº1: alumnado do 1 ao 5	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: Eugenio Fernández Carrasco	Ángel Cobos García
Secretaria: M ^a del Carmen Vale Vale	Patricia López Sánchez
Vocal: Begoña Barreiro Fernández	Manuel Vázquez Vázquez
TRIBUNAL Nº2: alumnado do 6 ao 11	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente: José Vázquez Tato	Cristina Asunción Fente Sampayo
Secretaria: M ^a de las Nieves Muñoz Ferreiro	M ^a Lourdes Vázquez Oderiz
Vocal: Carolina Graciela Nebot García	Javier Turienzo Riveiro

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFM da oportunidade de febreiro do curso 2023-2024, segundo a táboa precedente.**

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 20/03/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2024-25.
4. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 20 de marzo de 2024 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC
Paula Roade Pérez	Representante do Alumnado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón e Marta López Cabo, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Lourdes Vázquez, Beatriz Vázquez, Nieves Muñoz, Ramiro Barcia e Julia Barciela. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 05/02/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana informa de que a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización comunicounos a súa intención de reiterar a solicitude de singularidade presentada pola USC o 12/04/2022 e 31/03/2023 e como non hai nada novo que achegar solicitouse remitila nos mesmos termos que na anterior ocasión.

3. Proposta de horarios para o curso 2024-25.

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

A continuación agradeceu ao coordinador do título a súa implicación e dedicación na súa elaboración e organización xa que neste momento con 3 grados e 2 másteres practicamente implantados no curso 2024-25 é unha tarefa moi complexa.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración, a cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días sobre todo motivadas por incompatibilidades docentes con materias doutros títulos.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2024-25 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias** que se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios>.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 04/04/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
4. Avaliación previa de TFM no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.
5. Rogos e preguntas.

Ás 13:30 do día 4 de abril de 2024 reúnen-se na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Lourdes Vázquez e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 20/03/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indica que non ten informes nesta ocasión e o coordinador do título tampouco.

3. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

A decana informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha lista das propostas presentadas e de que hai 28 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2023-24, dos cales 11 defenderon o seu TFM en febreiro, 13 tiñan propostas aprobadas en comisións anteriores e 4 presentan nesta oportunidade. A continuación a decana deu lectura ás mesmas e os asistentes tras facer os comentarios oportunos **acordaron por unanimidade aceptar as propostas de TFM presentadas e que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Cabrera Miranda, Daniela Sofia	Estudio da composición da matriz extracelular de biofilmes de <i>Listeria monocytogenes</i> e a súa implicación nos fenómenos de contaminación cruzada por transferencia.
Fernández Corbelle, Julia	Intoxicación por ciguatoxinas
Pérez Armada, Claudia	Percepción dos consumidores sobre os produtos da pesca
Varela Vázquez, Lucía	Ftalatos e bisfenoles en materiais en contacto con alimentos e o seu impacto na saúde humana

Os asistentes **acordan por asentimento aprobar para o curso 2023-24 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN, SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS

Nº	ALUMNADO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Arbetele García, Santiago José	Estado da arte da produción de celulosa bacteriana	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
2	Arias Cailleau, Tania	Determinación de residuos de pesticidas en cervexa mediante cromatografía de líquidos e espectrometría de masas	Isaac Rodríguez Pereiro	750	50%	María Ramil Criado	750	50%			
3	Blanco Robledo, Andrea	Perspectivas científicas sobre o consumo de leite cru	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
4	Cabrera Miranda, Daniela Sofia	Estudio da composición da matriz extracelular de biotímbes de <i>Listeria monocytogenes</i> e a súa implicación nos fenómenos de contaminación cruzada por transferencia.	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	María López Cabo	P1221	25%	Lucía Sánchez Rulloba	P1221	25%
5	Carbayo Barrio, Jesús	Envases activos, intelixentes, biodegradables e a súa aplicación	Raquel Sendón García	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Letícia Barbosa Pereira	640	25%
6	Castillo Prieto, Zuriel Berenice	Impacto do procesamento nas propiedades físicas das dispersións de algas verdes (<i>Ulva lactuca</i>) para o seu uso como ingrediente en alimentos	Patricia López Sánchez	780	100%						
7	Cotos Suárez, María	Análise de compoñentes en artigos de contacto alimentario a base de bambú	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Raquel Sendón García	640	25%	Letícia Barbosa Pereira	640	25%
8	Da Silva Duran, Alessandra	Estratexias de identificación rápida de produtoras e de leite A2	María Prado Rodríguez	780	50%	Alberto Cepeda Sáez	640	50%			
9	Domeneche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por <i>Salmonella</i> Spp en leite e produtos lácteos	Carlos M. Franco Abuín	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
10	El arfaoui Saad allah, Hamid	Estrutura coloidal de leite enteiro, semidesnatado e desnatado, tamaños de partículas lipídicas e proteicas (micelas de caseína) observadas mediante dispersión da luz e microscopía óptica	Aida Jover Ramos	755	100%						
11	Fagundes Fosado, Lucía	Inxestión de proteasas como complemento en casos de intolerancia ao glute e enfermidade celíaca	Aida Jover Ramos	755	100%						
12	Fernández Corbelle, Julia	Intoxicación por ciguaxinas	Luis Miguel Botana López	315	50%	Rebeca Alvario Romero	410	50%			
13	García Mira, Mariana Paula	Influencia das tecnoloxías da información e comunicación na insatisfacción corporal e as condutas alimentarias na mocidade: revisión bibliográfica	Carmela Martínez Vispo	680	100%						
14	García Ramos, Iria	Desenvolvemento dun método baseado na tecnoloxía LAMP para a detección de <i>Salmonella</i> spp. en mostras de orixe avícola.	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Patricia Regal López	640	25%	Alejandro Garrido Maestu	P1221	25%
15	García Weis, Luciana Rosario	Fórmulas infantís funcionais: unha revisión da literatura	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Patricia Regal López	640	50%			
16	Gómez Domínguez, Irene	Determinación de xenes de resistencia a antimicrobianos en leite de diferentes sistemas de produción.	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
17	Nogueira Fojo, Laura	Uva con DO Rías Baixas. Control de maduración e análise de resultados.	Ángel Cobos García	780	50%	Carlos Herrero Labarre	750	25%	Paula Fandiño Pita	P1221	25%
18	Ochoa Calderón, Miriam Carolina	Desenvolvemento de biomateriais a partir de celulosa bacteriana modificada con aditivos de algas pardas.	Patricia López Sánchez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
19	Pérez Armada, Claudia	Percepción dos consumidores sobre os produtos da pesca	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Belén García Gómez	991	50%			
20	Pérez López, Alicia Fátima	Fermentación Heteroláctica en Viños: Abordando o Cambio Climático Compreendendo o Xenoma de <i>Lachancea thermotolerans</i>	Jorge Barros Velázquez	780	50%	Marcos Quintela Baluja	780	50%			
21	Polo Fernández, Iria	Avaliación da presenza de antibióticos no leite e estimación do risco para a saúde humana	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%			
22	Roade Pérez, Paula	Desenvolvemento e optimización dun novo modelo dinámico in vitro para a simulación do sistema dixestivo humano e súa aplicación no ámbito das ciencias da saúde	Alejandra Cardelle Cobas	640	50%	Alberto Cepeda Sáez	640	50%			
23	San Martín Alonso, Alicia	O papel do etiquetado nos produtos alimentarios. Perspectiva e impacto no comportamento do consumidor.	Sandra Castro González	095	100%						
24	Santos Barreiro, Alejandra	Prevalencia e perfil de resistencia a antimicrobianos de illados de <i>Klebsiella pneumoniae</i> en granxas de polos.	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Carlos M. Franco Abuín	640	50%			
25	Suárez Pérez, Ana	Obtención e propiedades do agar-agar de cultivo ecolóxico de orixe galega	Ana Mª Botana López	750	50%	Aida Jover Ramos	755	50%			
26	Varela Vázquez, Lucía	Ftalatos e bisfenoles en materiais en contacto con alimentos e o seu impacto na saúde humana	Letícia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%
27	Vázquez Ordas, Silvia	Microorganismos modificados como vacinas comestibles e a resposta inmune do intestino	Tomás González Villa	630	50%	Ana González Abril	630	50%			
28	Yáñez Pérez, Marta	Importancia da herdanza citoplasmática na selección de animais para alimentos transxénicos	Tomás González Villa	630	50%	Ana González Abril	630	50%			

4. Avaliación previa de TFM no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais.

A presidenta informa de que a Resolución Reitoral 4/2021, sobre procedemento de avaliación previa de traballos de fin de estudos e outros traballos académicos no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou de datos persoais, establece o procedemento para a avaliación e informe polo Comité de Bioética da USC no caso dos TFG/TFM afectados por esta Resolución. Segundo o procedemento previsto, é preciso que a Facultade, tras a revisión da documentación emita un informe previo, o cal é obxecto deste punto da orde do día. A continuación remítese o informe e a documentación do alumnado para que o Comité de Bioética

da USC emita un informe que logo se incorpora como anexo ao TFM.

Recibiuse unha solicitude que se corresponde co seguinte TFM:

Nome e Apelidos	Título do TFM
Pérez Armada, Claudia	Percepción dos consumidores sobre os produtos da pesca

A decana deu lectura aos aspectos máis relevantes da solicitude presentada, a cal xa fora remitida xunto coa convocatoria da comisión.

Tras analizar a solicitude os asistentes **acordaron por asentimento emitir informe favorable** para a súa remisión ao Comité de Bioética da USC xunto coa restante documentación.

5. Rogos e preguntas.

Neste punto interviñeron varios asistentes para falar sobre o xeito de publicar os resultados das probas de avaliación do alumnado, para o cal se deu lectura á correspondente normativa da USC ao respecto.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/05/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Seguimento do MINSTA 2022-23: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
4. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 3 de maio de 2024 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Nieves Muñoz, Julia Barciela, Olga Díaz, Lourdes Vázquez e Ángeles Romero e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 04/04/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indica que non ten informes nesta ocasión e o coordinador do título tampouco.

3. Seguimento do MINSTA 2022-23: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

O presidente cedeu a palabra ao coordinador do título, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do MINSTA para o curso 2022-23** que se acompaña como ANEXO a este acta, que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto interviñeron varios asistentes para falar sobre o xeito de publicar os resultados das probas de avaliación do alumnado, para o cal se deu lectura á correspondente normativa da USC ao respecto.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 04/06/2024

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2024-25.
4. Rogos e preguntas.

Ás 12:00 do día 4 de xuño de 2024 reúnense na aula 2 da segunda planta do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Mª Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia de Marta López e Olga Díaz e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/05/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indica que non ten informes nesta ocasión e o coordinador do título tampouco.

3. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2024-25.

A decana informou de que, como cada curso académico, os respectivos coordinadores revisaron todas as programacións docentes introducidas polo profesorado responsable de cada materia e aprobadas polos correspondentes departamentos.

A continuación cedeu a palabra ao coordinador, o cal informou que tras revisar todas as programacións detectáronse algunhas incidencias que xa foron corrixidas en prazo, polo que todas as materias están correctas.

Finalmente, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2024-25 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título

Reunión ordinaria: 27/06/24

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.
5. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2024-25.
6. Rogos e preguntas.

Ás 13:15 do día 27 de xuño de 2024 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Ramiro Barcia Vieitez	Presidente e responsable de Calidade do Centro	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Scretaria	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental. O presidente indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia Olga Díaz e Marta López e de que asiste como invitado o vicedecano da Facultade Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 04/06/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

O presidente indica que nesta ocasión non hai informes.

3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

O presidente indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2023-2024. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO DO TFM
1	Arbeteta García, Santiago José	Estado da arte da produción de celulosa bacteriana
2	Blanco Robledo, Andrea	Perspectivas científicas sobre o consumo de leite cru
3	Cabrera Miranda, Daniela Sofia	Estudio da composición da matriz extracelular de biofilmes de <i>Listeria monocytogenes</i> e a súa implicación nos fenómenos de contaminación cruzada por transferencia.
4	Carbayo Barrio, Jesús	Envases activos, intelixentes, biodegradables e a súa aplicación
5	Fagundez Fosado, Lucía	Inxestión de proteasas como complemento en casos de intolerancia ao glute e enfermidade celiaca
6	García Ramos, Iria	Desenvolvemento dun método baseado na tecnoloxía LAMP para a detección de <i>Salmonella</i> spp. en mostras de orixe avícola.
7	Nogueira Fojo, Laura	Uva con DO Rías Baixas. Control de maduración e análise de resultados.
8	Vázquez Ordas, Silvia	Microorganismos modificados como vacinas comestibles e a resposta inmune do intestino
9	Yáñez Pérez, Marta	Importancia da herdanza citoplasmática na selección de animais para alimentos transxénicos

A continuación, o presidente cedeu a palabra ao coordinador do Máster para que fixera a proposta de tribunal, tendo en conta o indicando na normativa de TFM:

TRIBUNAL: 14 de xullo de 2023	SUPLENTES TRIBUNAL
Presidente/a: Mª Ángeles Romero Rodríguez	Olga Díaz Rubio
Vocal: Cristina Asunción Fente Sampayo	Mª del Pilar Calo Mata
Secretario/a: Marta Prado Rodríguez	Mª Jesús Sáinz Osés

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFM da oportunidade de xullo do curso 2023-2024, segundo a táboa precedente.**

4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.

A decana indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFM do MINSTA,

estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFM en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por asentimento para o vindeiro curso a proposta de liñas temáticas de TFM para o MINSTA que se acompaña como ANEXO I á presente acta.**

5. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2024-25.

O presidente indica que é preciso publicar a finais de xullo a convocatoria de Prácticas Externas para o alumnado do MINSTA para o vindeiro curso 2024-25, que será moi similar á do curso anterior, salvo no referente a que no vindeiro curso xa será preciso dar de alta e cotizar á Seguridade Social por cada estudante que as leve a cabo. A continuación cedeu a palabra a Ángeles Romero que informou aos asistentes acerca das prazas que xa tiña confirmadas e tamén daquelas que tiñan pendente algún trámite, así como de que o calendario sería moi similar ao do curso actual aínda que o prazo de solicitude iniciárase a finais de agosto para poder cumprir a tempo cos prazos e trámites da alta na Seguridade Social, para finalmente incorporarse o alumnado ás prazas a principios do mes de outubro.

Finalmente tras os comentarios oportunos, **os asistentes aprobaron por unanimidade a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do MINSTA para o curso 2024-25** a cal se incorporará como ANEXO II á presente acta, e tamén acordaron **autorizar á decana a incorporar á oferta as prazas pendentes dalgún trámite** ata a publicación da convocatoria que se fará no taboleiro electrónico da USC e **delegar na decana a elaboración e publicación** das listas provisionais e definitivas sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do alumnado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión.

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar o Sr. presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título

Reunión ordinaria: 02/10/24

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Consolidación de actas curso 2023-24.
4. Proposta de publicación de TFM 2023-24 no repositorio institucional da USC (Minerva).
5. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2024-25.
6. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 2 de outubro de 2024 reúnen-se na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia de Lourdes Vázquez e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 27/06/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indica que non ten informes nesta ocasión e o coordinador do título tampouco.

3. Consolidación de actas curso 2023-24.

A presidenta indica que unha vez presentados todos os traballos fin de máster correspondentes ao curso 2023-24 é preciso a cobertura e sinatura das actas consolidadas de Traballos Fin de Máster e tamén de Prácticas Externas.

No caso de Prácticas Externas non parece oportuno outorgar a matrícula de honra xa que, dada a ampla variedade de titores non se conta con criterios obxectivos para poder outorgala.

No caso do TFM pódese outorgar 1 matrícula de honra. O coordinador solicitou información aos integrantes dos tribunais de avaliación de TFM do curso, tal e como indica a normativa, e unha vez oídos os argumentos expostos e á vista das cualificacións do alumnado, finalmente os asistentes acordaron por unanimidade **outorgar a mención de matrícula de honra correspondente aos TFM presentados no curso 2023-24 á alumna Daniela Sofía Cabrera Miranda e no caso das Prácticas Externas non outorgala.**

4. Proposta de publicación de TFM 2023-24 no repositorio institucional da USC (Minerva).

A presidenta informou de que a normativa de TFM recolle no seu artigo 11 a posibilidade de que a Comisión do Título propoña a publicación no repositorio institucional da USC dos traballos que acadaran a mención de matrícula de honra e tamén aqueles outros que destaquen pola súa calidade, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación.

Tras un intercambio de impresións sobre este asunto por parte dos asistentes, finalmente **acordaron por unanimidade, para os TFM do curso 2023-24, remitir ao repositorio institucional da USC aqueles traballos que acadaron un cualificación igual ou superior aos 9,9 puntos**, sempre e cando os estudantes autoricen a súa publicación, o cal afecta a un total de 3 estudantes.

5. Aprobación, se procede, das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2024-25.

A decana indicou que é preciso aprobar para este curso as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa autorización pola Vicerreitoría competente. As materias

impartidas total ou parcialmente por profesorado da Área Externa son: Nutrición Clínica, Percepción Sensorial e Gastronomía e Microbioloxía e Tecnoloxía de Produtos Mariños. O profesorado da Área Externa proposto é o mesmo que o do curso anterior, sendo a proposta a seguinte:

- Alejandro Garrido Maestu
- Alicia Santamaría Nieto
- Alma M^a Prieto Tenreiro
- Cristina Gil Mouce
- Juan José Rodríguez Herrera
- M^a Cristina Porca Fernández
- M^a Gemma Rodríguez Carnero
- Manuel Antonio Botana López
- Manuel Penín Álvarez
- Marta López Cabo
- Maruxa García Quiroga
- Nazaret Rodríguez Novo
- Patricia Pérez Castro
- Rocío Villar Taibo
- Rosa Argüeso Armesto

Os asistentes **aproban por unanimidade a proposta de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2024-25.**

6. Rogos e preguntas.

Neste punto a profesora Nieves Muñoz fixo unha consulta sobre a fichaxe na aplicación de rexistro horario do PDI, non habendo outras intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria M^a Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título

Reunión ordinaria: 08/11/24

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, de modificación das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2024-25.
4. Oferta de prazas para o curso 2025-26.
5. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.
6. Rogos e preguntas.

Ás 9:00 do día 8 de novembro de 2024 reúnen na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria M ^a Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
M ^a Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia de Olga Díaz Rubio e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 02/10/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana informa de que o vindeiro día 11 de novembro vai ter lugar unha reunión informativa sobre estudos de máster con itinerarios duais organizada pola Vicerreitoría de Titulacións e que contará coa participación de coordinadores de másteres doutras universidades con experiencia neste tipo de estudos, concretamente procedentes das seguintes universidades: Politécnica de Madrid, Almería e da do País Vasco. O obxecto é que obter información para que a USC explore esta vía de actuación.

A continuación o coordinador do título deu conta do complicado que resulta organizar un máster deste tipo e do reducido número de prazas que se poden ofertar na modalidade dual.

3. **Aprobación, se procede, de modificación das propostas de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2024-25.**

A presidenta indica que na pasada reunión da Comisión se aprobou a colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2024-25, sen embargo, por causas sobrevidas, non é posible contar coa colaboración das docentes M^a Gemma Rodríguez Carnero e Rosa Argüeso Armesto. A súa docencia será asumida en parte por unha nova docente, Teresa Prado Moraña, e a outra parte polo actual docente, Manuel Antonio Botana López.

Os asistentes aproban por asentimento a **modificación da proposta de colaboración docente do persoal externo á USC para o curso 2024-25.**

4. **Oferta de prazas para o curso 2025-26.**

A decana informa que a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización achegou as indicacións para que os centros procedan a realizar as propostas de oferta de prazas para o curso 2025-2026 nas titulacións de máster.

A Secretaría Xeral de Universidades ditou con data do 14 de novembro de 2022 (DOG do 23 de novembro) as Instrucións sobre a determinación da oferta de prazas para as titulacións oficiais de grao e máster nas universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

En consecuencia, solicítase que dende o centro se comunique á Vicerreitoría as propostas de oferta de prazas para as titulacións de máster das que son responsables ata as 14:00 horas do 29 de novembro de 2024. No mes de marzo as universidades do SUG deberán comunicar á Secretaría Xeral de Universidades a proposta de prazas a ofertar para a súa análise e aprobación.

Tal e como se comunicou nunha reunión coa VR de Titulacións, este curso anticipábase de xeito xeral asuntos relacionados coas titulacións oficiais, entre outros, a oferta de prazas coa idea de aprobalas no Consello de Goberno de final de ano para comunicala con tempo suficiente á Secretaría Xeral de Universidades.

Despois dun intercambio de impresións sobre este asunto, os asistentes **acordaron por asentimento**, para o MINSTA, **manter** para o curso 2025-26 a oferta de prazas do curso actual: **un total de 22: 12 prazas ordinarias e 10 para alumnado de sistemas educativos alleos ao EEES, das que 3 poderán ser a tempo parcial sobre o total.**

5. Aprobación de propostas de TFM e asignación de titores.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria da Comisión se remitiu unha lista das propostas presentadas, e de que hai 27 alumnos matriculados no TFM no momento actual no curso 2024-25, dos cales presentaron proposta 21, 4 xa a tiñan aprobada e en vigor e 2 solicitan modificar propostas aprobadas anteriormente.

De todas as propostas presentadas 3 van a precisar informe do Comité de Ética polo que fixeron a correspondente solicitude que será resolta pola Comisión de avaliación previa dos traballos académicos da Facultade de Ciencias no caso de intervención con seres humanos, obtención de mostras ou datos persoais, recentemente aprobada pola Xunta de Centro.

A continuación deu lectura ás mesmas, ás motivacións das modificacións e informou das incidencias producidas en 1 das propostas (López) que tiña cotitorización incorrecta e que foi preciso substituír por outra proposta corrixida. Os asistentes, tras facer os comentarios oportunos, **acordaron por asentimento aceptar as propostas de TFM presentadas, que son as seguintes:**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Álvarez Mastropietro, Claudia Rosana	Pegada de carbono do consumo alimentario en Galicia: análise comparativa segundo adopción da dieta atlántica
Alves Lujan, Fabiana	Comparación e análise da etiquetaxe nutricional frontal entre varios países
Barral Mendoza, Maria Luisa	Polisacaridos Derivados das Algas: Biomateriais para a Industria Alimentaria
Barreira González, Lidia	Desenvolvemento dun método rápido para asegurar a identidade varietal en aceites de oliva
Barreiros Figueira, Javier	Patróns de consumo de bebidas enerxéticas en estudantes universitarios en Galicia
Campos Zaldívar, Marcelo Eduardo	Estrutura coloidal do leite de cabra e ovella, tamaños de partículas de lípidos e proteínas (micelas de caseína) observadas por microscopía óptica e confocal
Castillo Prieto, Zuriel Berenice	Impacto do procesamento nas propiedades físicas das dispersións de algas verdes (<i>Ulva lactuca</i>) para o seu uso como ingrediente en alimentos
Castro Iglesias, Olalla	Análise da microbiota no proceso de fermentación do vinagre mediante métodos ómicos
Couto Magalhães, Andreia Margarida	Aplicación funcional de quitina e quitosano de insectos na alimentación humana

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nome e Apelidos	Título do TFM
Duarte Dias, Loren	Estado actual e principais riscos na produción de bebidas vexetais
Escalante Fuenmayor, María de los Ángeles	Métodos Rápidos de Análise de Alimentos utilizando a Espectroscopía Infravermello próximo (NIR) e as súas diversas aplicacións
España Fariñas, María del Pilar	Aplicación da espectroscopía de infravermello próximo (NIR) para a análise rápida e cuantitativa da composición nutricional da fariña de trigo
Fernández Rodríguez, Cecilia	Seguridade alimentaria e cambio climático: revisión da evidencia científica e perspectiva dos consumidores
Freiría Durán, Laura	Influencia do sistema de cultivo e o ecotipo de centeo nas características sensoriais, físico-químicas e nutricionais dos pans
López Sanvicente Emma	Identificación de migrantes potenciais en materiais de contacto alimentario mediante GC/MS.
Martínez Budiño, Iago	Modelos de simulación in vitro da dixestión de alimentos: aplicacións e desafíos
Miragaya Tomé, Salomé	Análise da adherencia á Dieta Atlántica e do consumo de pan pola poboación galega
Montero Lage, Ángel	Xénero Brassica, revisión bibliográfica das súas propiedades antimicrobianas
Pérez Pereira, Katia	Comparación da estrutura coloidal do leite cru en vacas con diferentes tipos de alimentación, tamaños de partículas de lípidos e proteína
Polo Fernández, Iria	Estudo do perfil proteico do leite en especies produtoras e potencial como ingrediente funcional
Rodríguez García, Uxía	Desenvolvemento e avaliación dun método rápido para a detección de trazas de sésamo a partir de mostras de panadería
Silva Noboa, Valeria	Desenvolvemento e aplicación dun recubrimento activo de quitosano con extracto de té branco en produtos pesqueiros.
Vallet Vila, Maria del Mar	Síntese e caracterización de biomateriales innovadores: modificacións in-situ da celulosa bacteriana con polisacáridos derivados de algas

Os asistentes **acordaron por asentimento aprobar para o curso 2024-25 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordaron que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

A presidenta informa de que ao igual que en cursos pasados se solicitará autorización á Vicerreitoría para as cotitorizacións da área externa (P1221) e tamén a correspondente modificación do PDA. Tamén se publicará no taboleiro electrónico as propostas aceptadas.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Nº	ALUMNADO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Álvarez Mastropietro, Claudia Rosana	Pegada de carbono do consumo alimentario en Galicia: análise comparativa segundo adopción da dieta atlántica	Eugenio Fernández Carrasco	555	100%						
2	Alves Lujan, Fabiana	Comparación e análise da etiquetaxe nutricional frontal entre varios países	Alicia del Carmen Mondragón Portocarrero	780	100%						
3	Barral Mendoza, María Luisa	Polisacáridos Derivados das Algas: Biomateriais para a Industria Alimentaria	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Patricia López Sánchez	P1221	50%			
4	Barreira González, Lidia	Desenvolvemento dun método rápido para asegurar a identidade varietal en aceites de oliva	Marta Prado Rodríguez	780	50%	Mª del Pilar Calo Mala	780	50%			
5	Barreiros Figueira, Javier	Patrones de consumo de bebidas enerxéticas en estudantes universitarios en Galicia	Carolina Graciela Nebot García	640	100%						
6	Campos Zaldivar, Marcelo Eduardo	Estrutura coloidal do leite de cabra e ovella, tamaños de partículas de lípidos e proteínas (micelas de caseína) observadas por microscopía óptica e confocal	Aida Jover Ramos	755	100%						
7	Castillo Prieto, Zuriel Berenice	Impacto do procesamento nas propiedades físicas das dispersións de algas verdes (<i>Ulva lactuca</i>) para o seu uso como ingrediente en alimentos	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Patricia López Sánchez	P1221	50%			
8	Castro Iglesias, Olalla	Análise da microbiota no proceso de fermentación do vinagre mediante métodos ómicos	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Mª del Pilar Calo Mala	780	50%			
9	Couto Magalhães, Andreia Margarida	Aplicación funcional de quitina e quitosano de insectos na alimentación humana	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
10	Domeneche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por <i>Salmonella</i> Spp en leite e produtos lácteos	Carlos M. Franco Abuiñ	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
11	Duarte Dias, Loren	Estado actual e principais riscos na produción de bebidas vexetais	Marta Prado Rodríguez	780	50%	Mª del Pilar Calo Mala	780	50%			
12	Escalante Fuenmayor, María de los Angeles	Métodos Rápidos de Análise de Alimentos utilizando a Espectroscopía Infravermello próximo (NIR) e as súas diversas aplicacións	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
13	España Fariñas, María del Pilar	Aplicación da espectroscopía de infravermello próximo (NIR) para a análise rápida e cuantitativa da composición nutricional da fariña de trigo	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
14	Fernández Rodríguez, Cecilia	Seguridade alimentaria e cambio climático: revisión da evidencia científica e perspectiva dos consumidores	Carlos Manuel Franco Abuiñ	640	50%	Ricardo Daniel Estévez López	P1221	50%			
15	Freiria Durán, Laura	Influencia do sistema de cultivo e o ecotipo de centeo nas características sensoriais, físico-químicas e nutricionais dos pans	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Belén García Gómez	991	50%			
16	López Sanvicente Emma	Identificación de migrantes potenciais en materiais de contacto alimentario mediante GC/MS.	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%	Antía Lestido Cardama	640	25%
17	Martínez Budiño, Iago	Modelos de simulación in vitro da dixestión de alimentos: aplicacións e desafíos	Alejandra Cardelle Cobas	640	100%						
18	Miragaya Tomé, Salomé	Análise da adherencia á Dieta Atlántica e do consumo de pan pola poboación galega	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Belén García Gómez	991	50%			
19	Montero Lage, Ángel	Xénero Brassica, revisión bibliográfica das súas propiedades antimicrobianas	Carlos Manuel Franco Abuiñ	640	50%	Beatriz Isabel Vázquez Belda	640	50%			
20	Pérez Armada, Claudia	Percepción dos consumidores sobre os produtos da pesca	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Belén García Gómez	991	50%			
21	Pérez Pereira, Katia	Comparación da estrutura coloidal do leite cru en vacas con diferentes tipos de alimentación, tamaños de partículas de lípidos e proteína	Aida Jover Ramos	755	100%						
22	Polo Fernández, Iria	Estudo do perfil proteico do leite en especies produtoras e potencial como ingrediente funcional	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%			
23	Rodríguez García, Uxia	Desenvolvemento e avaliación dun método rápido para a detección de trazas de sésamo a partir de mostras de panadería	Marta Prado Rodríguez	780	50%	Jorge Barros Velázquez	780	50%			
24	San Martín Alonso, Alicia	O papel do etiquetado nos produtos alimentarios. Perspectiva e impacto no comportamento do consumidor.	Sandra Castro González	095	100%						
25	Silva Noboa, Valeria	Desenvolvemento e aplicación dun recubrimento activo de quitosano con extracto de té branco en produtos pesqueiros.	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%			
26	Vallet Vila, María del Mar	Síntese e caracterización de biomateriais innovadores: modificacións in-situ da celulosa bacteriana con polisacáridos derivados de algas	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Patricia López Sánchez	P1221	50%			
27	Varela Vázquez, Lucía	Ftalatos e bisfenoles en materiais en contacto con alimentos e o seu impacto na saúde humana	Letricia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%

6. Rogos e preguntas.

Neste punto o coordinador do título indica que é preciso revisar a docencia do profesorado da Área Externa da materia Nutrición Clínica para explorar outras posibilidades para impartila, xa que cada vez se lles fai máis complexo compatibilizala coas súas obrigas laborais noutras entidades, na maior parte dos casos no SERGAS.

Sen máis temas que tratar a Sra. Presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e Prace
A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.: Asteria Mª Luzardo Álvarez

Asdo.: Concepción Gay González

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 08/01/2025

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Solicitude de modificación de propostas de TFM e asignación de titores.
4. Rogos e preguntas.

Ás 13:00 do día 8 de xaneiro de 2025 reúnense na aula 2 da planta baixa do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón e Marta López, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 08/11/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana informa de que se remitirá a convocatoria para a solicitude de realización de prácticas de campo para o segundo semestre deste curso 2024-25, recentemente recibida.

3. Solicitude de modificación de propostas de TFM e asignación de titores.

A presidenta informa de que se recibiron o pasado mes de decembro dúas solicitudes de modificación de propostas de TFM das estudantes M^a del Pilar España e Laura Freiría a cal consiste nos dous casos nunha modificación do título do TFM e como consecuencia disto tamén do resumo. A continuación deu lectura ás propostas modificadas e ás xustificacións indicadas polas estudantes na súa solicitude.

Tras unha análise das mesmas, os asistentes **acordaron por unanimidade aceptar as modificacións das propostas de TFM presentadas.**

Motivado por este cambio, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar para o curso 2024-25 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.**

Estas modificacións darán lugar a unha nova publicación no taboleiro electrónico das propostas aceptadas.

ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN, SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS

Nº	ESTUDANTE	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Álvarez Mastropietro, Claudia Rosana	Pegada de carbono do consumo alimentario en Galicia: análise comparativa segundo adopción da dieta atlántica	Eugenio Fernández Carrasco	555	100%						
2	ALVES LUJAN, FABIANA	Comparación e análise da etiquetaxe nutricional frontal entre varios países	Alicia del Carmen Mondragón Portocarrero	780	100%						
3	Barral Mendoza, María Luisa	Polisacáridos Derivados das Algas: Biomateriais para a Industria Alimentaria	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Patricia López Sánchez	P1221	50%			
4	Barreira González, Lidia	Desenvolvemento dun método rápido para asegurar a identidade varietal en aceites de oliva	Marta Prado Rodríguez	780	50%	Mª del Pilar Calo Mata	780	50%			
5	Barreiros Figueira, Javier	Patrons de consumo de bebidas enerxéticas en estudantes universitarios en Galicia	Carolina Graciela Nebot García	640	100%						
6	Campos Zaldivar, Marcelo Eduardo	Estrutura coloidal do leite de cabra e ovella, tamaños de partículas de lípidos e proteínas (micelas de caseína) observadas por microscopía óptica e confocal	Aida Jover Ramos	755	100%						
7	Castillo Prieto, Zuriel Berenice	Impacto do procesamento nas propiedades físicas das dispersións de algas verdes (Ulva lactuca) para o seu uso como ingrediente en alimentos	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Patricia López Sánchez	P1221	50%			
8	Castro Iglesias, Olalla	Análise da microbiota no proceso de fermentación do vinagre mediante métodos ómicos	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Mª del Pilar Calo Mata	780	50%			
9	Coubó Magalhães, Andreia Margarida	Aplicación funcional de quitina e quitosano de insectos na alimentación humana	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
10	Domeneche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por Salmonella Spp en leite e produtos lácteos	Carlos Manuel Franco Abuiñ	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
11	Duarte Dias, Loren	Estado actual e principais riscos na produción de bebidas vexetais	Marta Prado Rodríguez	780	50%	Mª del Pilar Calo Mata	780	50%			
12	Escalante Fuenmayor, María de los Ángeles	Métodos Rápidos de Análise de Alimentos utilizando a Espectroscopia Infravermello próximo (NIR) e as súas diversas aplicacións	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
13	España Fariñas, María del Pilar	Aplicación da espectroscopia de infravermello próximo (NIR) e medio (MIR) para a análise rápida e cuantitativa da composición nutricional da fariña de trigo	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
14	Fernández Rodríguez, Cecilia	Seguridade alimentaria e cambio climático: revisión da evidencia científica e perspectiva dos consumidores	Carlos Manuel Franco Abuiñ	640	50%	Ricardo Daniel Estévez López	P1221	50%			
15	Freiria Durán, Laura	Influencia do sistema de cultivo e o ecotipo de centeo nas características nutricionais dos pans:	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Belén García Gómez	991	50%			
16	López Sanvicente Emma	Identificación de migrantes potenciais en materiais de contacto alimentario mediante GC/MS.	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Letícia Barbosa Pereira	640	25%	Antía Lesido Cardama	640	25%
17	Marín Budoño, Iago	Modelos de simulación in vitro da dixestión de alimentos: aplicacións e desafíos	Alejandra Cardelle Cobas	640	100%						
18	Miragaya Tomé, Salomé	Análise da adherencia á Dieta Atlántica e do consumo de pan pola poboación galega	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Belén García Gómez	991	50%			
19	Montero Lage, Ángel	Xénero Brassica, revisión bibliográfica das súas propiedades antimicrobianas	Carlos Manuel Franco Abuiñ	640	50%	Beatriz Isabel Vázquez Belda	640	50%			
20	Pérez Armada, Claudia	Percepción dos consumidores sobre os produtos da pesca	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Belén García Gómez	991	50%			
21	Pérez Pereira, Kaia	Comparación da estrutura coloidal do leite cru en vacas con diferentes tipos de alimentación, tamaños de partículas de lípidos e proteína	Aida Jover Ramos	755	100%						
22	Polo Fernández, Iria	Estudo do perfil proteico do leite en especies produtoras e potencial como ingrediente funcional	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%			
23	Rodríguez García, Uxia	Desenvolvemento e avaliación dun método rápido para a detección de trazas de sésamo a partir de mostras de panadería	Marta Prado Rodríguez	780	50%	Jorge Barros Velázquez	780	50%			
24	San Martín Alonso, Alicia	O papel do etiquetado nos produtos alimentarios. Perspectiva e impacto no comportamento do consumidor.	Sandra Castro González	095	100%						
25	Silva Noboa, Valeria	Desenvolvemento e aplicación dun recubrimento activo de quitosano con extracto de té branco en produtos pesqueiros.	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%			
26	Vallet Vila, María del Mar	Síntese e caracterización de biomateriais innovadores: modificacións in-situ da celulosa bacteriana con polisacáridos derivados de algas	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Patricia López Sánchez	P1221	50%			
27	Varela Vázquez, Lucía	Ftalatos e bisfenoles en materiais en contacto con alimentos e o seu impacto na saúde humana	Letícia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e prace

A presidenta

Asteria Mª Luzardo Álvarez

A secretaria

Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/02/2025

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. PDA curso 2025-26.
4. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
5. Rogos e preguntas.

Ás 10:30 do día 3 de febreiro de 2025 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión desculpa a asistencia da profesora Raquel Sendón García e informa de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 08/01/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana indica que nesta ocasión non hai informes.

3. PDA curso 2025-26.

A decana indica que, tendo en conta o Regulamento de planificación académica da USC, o SXOPRA puxo á disposición do Centro na aplicación Xescampus o PDA 2025-26 da titulación de Máster co obxecto de que se fixeran as propostas de modificación que se estimaran pertinentes. Unha vez revisado, foi remitido ao PDI e departamentos co obxecto de que fixeran as oportunas solicitudes de modificación, e non foi recibida ningunha.

A continuación a decana indicou as modificacións propostas que afectan á materia P1221107 Traballo Fin de Máster na que se introduciu na liña de centro a estimación de distribución de horas por área tendo en conta os alumnos matriculados na materia no curso 2024-25 e á asignación de títos aprobada pola Comisión Académica do Título.

Tras un intercambio de impresións por parte dos asistentes, **apróbase por asentimento a proposta de PDA 2025-26 da titulación de Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias**, as cuestións que poidan xurdir ata o remate do prazo, someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar nos vindeiros días. Polo tanto a proposta de PDA definitiva estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

4. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

A decana indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de febreiro, correspondéndose coa 1ª oportunidade do curso 2024-2025. Nesta ocasión presentáronse os seguintes:

Nº	ESTUDANTE	TÍTULO DO TFM
1	Barral Mendoza, María Luisa	Polisacáridos Derivados das Algas: Biomateriais para a Industria Alimentaria
2	Barreira Gonzalez, Lidia	Desenvolvemento dun método rápido para asegurar a identidade varietal en aceites de oliva
3	Escalante Fuenmayor, María De Los Ángeles	Métodos Rápidos de Análise de Alimentos utilizando a Espectroscopía Infravermello próximo (NIR) e as súas diversas aplicacións
4	España Fariñas, María Del Pilar	Aplicación da espectroscopía de infravermello próximo (NIR) e medio (MIR) para a análise rápida e cuantitativa da composición nutricional da fariña de trigo
5	Lopez Sanvicente, Emma	Identificación de migrantes potenciais en materiais de contacto alimentario mediante GC/MS.
6	Miragaya Tomé, Salomé	Análise da adherencia á Dieta Atlántica e do consumo de pan pola poboación galega
7	Rodríguez García, Uxía	Desenvolvemento e avaliación dun método rápido para a detección de trazas de sésamo a partir de mostras de panadería
8	Vallet Vila, María Del Mar	Síntese e caracterización de biomateriales innovadores: modificacións in-situ da celulosa bacteriana con polisacáridos derivados de algas

A continuación, o coordinador fixo a proposta de tribunal de avaliación para a defensa que terá lugar o vindeiro 14 de febreiro, tendo en conta o indicando na normativa de TFM:

TRIBUNAL	SUPLENTE TRIBUNAL
Presidenta: Olga Díaz Rubio	M ^a Jesús Sainz Osés
Secretaria: Julia Barciela García	Letricia Barbosa Pereira
Vocal: Aida Jover Ramos	Alejandra Cardelle Cobas

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear ao tribunal para a avaliación dos TFM da oportunidade de febreiro do curso 2024-2025, segundo a táboa precedente.**

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e praxe

A presidenta

Asteria M^a Luzardo Álvarez

A secretaria

Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).
--

Acta da Comisión de Título

Reunión ordinaria: 27/03/2025

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Proposta de horarios para o curso 2025-26.
4. Solicitud de modificación de propostas de TFM e asignación de titores.
5. Rogos e preguntas.

Ás 9:30 do día 27 de marzo de 2025 reúnen na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apellidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón e Marta López, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa a asistencia do profesorado Ramiro Barcia, Beatriz I. Vázquez, Ángeles Romero e Lourdes Vázquez e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/02/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala

detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A decana quere aproveitar para informar de que na defensa do TFM do mes de febreiro, houbo un estudante que despois de facer a solicitude finalmente non puido presentarse á defensa do mesmo e, tendo en conta o indicado no punto 8.6 da normativa de TFM, o estudantado que, unha vez feita a entrega do traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente á defensa do TFM na data asignada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

3. Proposta de horarios para o curso 2025-26.

A presidenta informa de que se elaborou a proposta de horarios e se puxo a disposición de todos os interesados co obxecto de que se fixeran as suxestións oportunas.

A continuación agradeceu ao coordinador do título a súa implicación e dedicación na súa elaboración e organización xa que neste momento con 3 grados e 2 másteres implantados é unha tarefa moi complexa.

A continuación deu a palabra ao coordinador que informou acerca da súa elaboración, a cal indicou que, sobre a proposta inicial, se recibiron diversas comunicacións para introducir modificacións nos mesmos as cales se foron realizando ao longo destes días sobre todo motivadas por incompatibilidades docentes con materias doutros títulos.

Tras revisar e analizar detidamente toda as suxestións e información recibida, os asistentes **acordaron por asentimento aprobar a proposta de horarios para o curso 2025-26 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias** que se someterán nos vindeiros días á aprobación da Xunta de Facultade. Os horarios aprobados con carácter definitivo estarán dispoñibles no enlace:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-ciencias/horarios>.

4. Solicitude de modificación de propostas de TFM e asignación de titores.

A presidenta informa de que se recibiu unha solicitude de modificación de proposta de TFM da estudante Olalla Castro que consiste nunha nova proposta de TFM na que só conserva o titor e cambia a cotitora. Xunto coa nova proposta acompaña un documento xustificativo asinado pola estudante, titor e cotitora aos que a decana deu lectura.

Tras unha análise da mesma, os asistentes **acordaron por unanimidade aceptar a modificación da proposta de TFM presentada.**

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Motivado por este cambio, os asistentes acordaron por asentimento aprobar para o curso 2024-25 a seguinte táboa de asignación de titores e cotitores a TFM, coa dedicación en % que se indica, e tamén acordan que os cotitores leven a cabo funcións de asesoramento e seguimento das tarefas programadas, non podendo especificar mais estas funcións pola diversidade que existe entre os distintos TFM.

Estas modificacións darán lugar a unha nova publicación no taboleiro electrónico das propostas aceptadas.

Nº	ESTUDANTADO	TÍTULO TFM MINSTA	TITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%	COTITOR	ÁREA	%
1	Álvarez Mastropietro, Claudia Rosana	Pegada de carbono do consumo alimentario en Galicia: análise comparativa segundo adopción da dieta atlántica	Eugenio Fernández Carrasco	555	100%						
2	ALVES LUJAN, FABIANA	Comparación e análise da etiquetaxe nutricional frontal entre varios países	Alicia del Carmen Mondragón Portocarrero	780	100%						
3	Barral Mendoza, Maria Luisa	Polisacáridos Derivados das Algas: Biomateriais para a Industria Alimentaria	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Patricia López Sánchez	P1221	50%			
4	Barreira González, Lidia	Desenvolvemento dun método rápido para asegurar a identidade varietal en aceites de oliva	Marta Prado Rodríguez	780	50%	Mª del Pilar Calo Mala	780	50%			
5	Barreiros Figueira, Javier	Patrons de consumo de bebidas enerxéticas en estudantes universitarios en Galicia	Carolina Graciela Nebot García	640	100%						
6	Campos Zaldivar, Marcelo Eduardo	Estrutura coloidal do leite de cabra e ovella, tamaños de partículas de lípidos e proteínas (micelas de caseína) observadas por microscopía óptica e confocal	Aida Jover Ramos	755	100%						
7	Castillo Prieto, Zuriel Berenice	Impacto do procesamento nas propiedades físicas das dispersións de algas verdes (Ulva lactuca) para o seu uso como ingrediente en alimentos	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Patricia López Sánchez	P1221	50%			
8	Castro Iglesias, Olalla	Caracterización e avaliación de miARNs como biomarcadores de benestar no polbo (Octopus vulgaris)	Alexandre Lamas Freire	640	50%	Josep Rotllant Moragas	P1221	50%			
9	Couto Magalhães, Andreia Margarida	Aplicación funcional de quitina e quitosano de insectos na alimentación humana	Patricia Regal López	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
10	Domeneche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por Salmonella Spp en leite e produtos lácteos	Carlos Manuel Franco Abuín	640	50%	Alexandre Lamas Freire	640	50%			
11	Duarte Dias, Loren	Estado actual e principais riscos na produción de bebidas vexetais	Marta Prado Rodríguez	780	50%	Mª del Pilar Calo Mala	780	50%			
12	Escalante Fuenmayor, María de los Angeles	Métodos Rápidos de Análise de Alimentos utilizando a Espectroscopia Infravermello próximo (NIR) e as súas diversas aplicacións	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
13	España Fariñas, María del Pilar	Aplicación da espectroscopia de infravermello próximo (NIR) e medio (MIR) para a análise rápida e cuantitativa da composición nutricional da fariña de trigo	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Patricia Cazón Díaz	780	50%			
14	Fernández Rodríguez, Cecilia	Seguridade alimentaria e cambio climático: revisión da evidencia científica e perspectiva dos consumidores	Carlos Manuel Franco Abuín	640	50%	Ricardo Daniel Estévez López	P1221	50%			
15	Freiria Durán, Laura	Influencia do sistema de cultivo e o ecotipo de centeo nas características nutricionais dos pans	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Belén García Gómez	991	50%			
16	López Sanvicente Emma	Identificación de migrantes potenciais en materiais de contacto alimentario mediante GC/MS.	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	50%	Letricia Barbosa Pereira	640	25%	Anña Lestido Cardama	640	25%
17	Martínez Budiño, Iago	Modelos de simulación in vitro da dixestión de alimentos: aplicacións e desafíos	Alejandra Cardelle Cobas	640	100%						
18	Miragaya Tomé, Salomé	Análise da adherencia á Dieta Atlántica e do consumo de pan pola poboación galega	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Belén García Gómez	991	50%			
19	Montero Lage, Ángel	Xénero Brassica, revisión bibliográfica das súas propiedades antimicrobianas	Carlos Manuel Franco Abuín	640	50%	Beatriz Isabel Vázquez Belda	640	50%			
20	Pérez Armada, Claudia	Percepción dos consumidores sobre os produtos da pesca	Mª Ángeles Romero Rodríguez	780	50%	Mª Belén García Gómez	991	50%			
21	Pérez Pereira, Katia	Comparación da estrutura coloidal do leite cru en vacas con diferentes tipos de alimentación, tamaños de partículas de lípidos e proteína	Aida Jover Ramos	755	100%						
22	Polo Fernández, Iria	Estudo do perfil proteico do leite en especies produtoras e potencial como ingrediente funcional	Patricia Regal López	640	50%	Cristina Asunción Fente Sampayo	640	50%			
23	Rodríguez García, Uxia	Desenvolvemento e avaliación dun método rápido para a detección de trazas de sésamo a partir de mostras de panadería	Marta Prado Rodríguez	780	50%	Jorge Barros Velázquez	780	50%			
24	San Martín Alonso, Alicia	O papel do etiquetado nos produtos alimentarios. Perspectiva e impacto no comportamento do consumidor.	Sandra Castro González	095	100%						
25	Silva Noboa, Valeria	Desenvolvemento e aplicación dun recubrimento activo de quitosano con extracto de té branco en produtos pesqueiros.	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Manuel Vázquez Vázquez	780	50%			
26	Vallet Vila, Maria del Mar	Síntese e caracterización de biomateriais innovadores: modificacións in-situ da celulosa bacteriana con polisacáridos derivados de algas	Patricia Cazón Díaz	780	50%	Patricia López Sánchez	P1221	50%			
27	Varela Vázquez, Lucía	Ftalatos e bisfenoles en materiais en contacto con alimentos e o seu impacto na saúde humana	Letricia Barbosa Pereira	640	50%	Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quirós	640	25%	Raquel Sendón García	640	25%

5. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e praxe

A presidenta

Asteria M^a Luzardo Álvarez

A secretaria

Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).
--

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/04/2025

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Seguimento do MINSTA 2023-24: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.
4. Rogos e preguntas.

Ás 11:30 do día 3 de abril de 2025 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Ramiro Barcia Vieitez	Presidente e responsable de Calidade do Centro	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Mª Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

Ramiro Barcia Vieitez, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental. Tamén indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón e Marta López, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios e de que desculpa a asistencia do profesorado Beatriz I. Vázquez, Ángeles Romero e Nieves Muñoz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión

anterior de data 27/03/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

Nesta ocasión non houbo informes.

3. Seguimento do MINSTA 2023-24: análise e aprobación do informe de resultados e propostas para o plan de melloras do centro.

En relación ao proceso de seguimento anual, a Comisión de Título, de acordo co proceso *PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas* do Manual de Procesos do Centro, analizou os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaborou un Informe Anual de Resultados.

O presidente cedeu a palabra ao coordinador do título, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Finalmente, os asistentes **acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do MINSTA para o curso 2023-24** que se acompaña como ANEXO a este acta, que se trasladará á Comisión de Calidade do Centro para que no marco do proceso *PE-02 Revisión e Mellora* realice a análise global dos resultados do centro e elabore o plan de melloras, entre outros.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sr. presidente dá por finalizada a reunión.

Vº e praxe

O presidente

Ramiro Barcia Vieitez

A secretaria

Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).
--

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/06/2025

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2025-26.
4. Rogos e preguntas.

Ás 9:15 do día 3 de xuño de 2025 reúnense na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apellidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Beatriz Vázquez Belda	Representante do Profesorado	P
Mª Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que desculpa asistencia de Olga Díaz, Raquel Sendón, Mª Ángeles Romero e Marta López e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/04/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta informa de que recentemente a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización

publicou unha convocatoria para o financiamento de accións de mellora de mestrados oficiais da USC para 2025, á que se presentou solicitude para o Máster por cumprir os requisitos consistentes en executar e xustificar as accións financiadas no 2024 antes do 31/12/2024.

Tamén indica que o Consello de Goberno aprobou o 30/04/2025 a modificación do artigo 8.2. da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, que entrou en vigor o 20/05/2025. Esta modificación reduce os prazos e clarifica o procedemento de revisión de cualificacións, que deberá realizarse en dúas datas opcionais entre o primeiro e o sétimo día hábil tras a publicación das notas, procurando horarios alternativos e que a segunda data sexa posterior ao terceiro día hábil. En comparación coa redacción anterior, esta modificación busca evitar interpretacións ambiguas e axilizar a incorporación das cualificacións ao expediente do estudantado.

3. Aprobación, se procede, da programación docente das materias do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias para o vindeiro curso 2025-26.

A decana informou de que, como cada curso académico, os respectivos coordinadores revisaron todas as programacións docentes introducidas polo profesorado responsable de cada materia e aprobadas polos correspondentes departamentos. Unha vez revisadas, tal e como se indica no Manual de Procesos do centro, serán aprobadas pola xunta de centro ou comisión na que delegue. Neste caso, a aprobación corresponde á Comisión deste Título, á que a Xunta de Centro delegou esta función o 21 de maio de 2018.

A continuación cedeu a palabra ao coordinador, o cal informou que tras revisar todas as programacións detectáronse algunhas incidencias que xa foron corrixidas en prazo, polo que todas as materias están correctas. Indica que nesta ocasión o aspecto máis destacable foi revisar que os sistemas de avaliación estiveran de acordo co previsto no novo Regulamento de asistencia a clase aprobado polo Consello de Goberno o pasado 25/11/2024 e que entrará en vigor o vindeiro curso 2025-26 en relación á valoración da asistencia a clase.

Finalmente, os asistentes acordaron por asentimento aprobar as programacións docentes para o curso 2025-26 do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, sendo a data de aprobación a de celebración desta comisión.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. presidenta dá por finalizada a reunión.

**ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO EN INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN,
SEGURIDADE E TECNOLOXÍA ALIMENTARIAS**

Vº e praxe

A presidenta

Asteria M^a Luzardo Álvarez

A secretaria

Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).
--

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 03/07/2025

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.
4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.
5. Aprobación se procede da modificación do Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas de TFM.
6. Rogos e preguntas.

Ás 10:00 do día 3 de xullo de 2025 reúnen na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Mª Lourdes Vázquez Oderiz	Representante do Profesorado	P
Raquel Sendón García	Representante do Profesorado	VC
Nieves Muñoz Ferreiro	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P
Marta López Cabo	Representante do Profesorado	VC

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Raquel Sendón e Marta López, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa de que desculpa asistencia de Beatriz Vázquez e Mª Ángeles Romero e de que asiste como invitado o vicedecano, Enrique Manuel Cabaleiro Lago. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/06/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta informa de que nesta ocasión non ten informes e cede a palabra ao coordinador que indica que xa se atopan matriculados un total de 6 estudantes neste momento procedentes da matrícula anticipada para estranxeiros e de que xa hai 25 solicitudes de praza para o 1º curso, as cales se poden incrementar ata o 16 de xullo que remata o prazo.

3. Nomeamento de tribunais de avaliación de traballos fin de máster.

A presidenta indica que é preciso designar os tribunais que avaliaran os traballos fin de máster (TFM), que terán a súa exposición e defensa este mes de xullo, correspondéndose coa 2ª oportunidade do curso 2024-2025. Nesta ocasión presentáronse os seguintes, estando pendente de revisión se cumpren cos requisitos para a súa defensa:

Nº	ESTUDANTE	TÍTULO DO TFM
1	Álvarez Mastropietro, Claudia Rosana	Pegada de carbono do consumo alimentario en Galicia: análise comparativa segundo adopción da dieta atlántica
2	Alves Lujan, Fabiana	Comparación e análise da etiquetaxe nutricional frontal entre varios países
3	Barral Mendoza, Maria Luisa	Polisacáridos Derivados das Algas: Biomateriais para a Industria Alimentaria
4	Barreiros Figueira, Javier	Patróns de consumo de bebidas enerxéticas en estudantes universitarios en Galicia
5	Campos Zaldívar, Marcelo Eduardo	Estrutura coloidal do leite de cabra e ovella, tamaños de partículas de lípidos e proteínas (micelas de caseína) observadas por microscopía óptica e confocal
6	Castro Iglesias, Olalla	Caracterización e avaliación de miARNs como biomarcadores de benestar en polbo (<i>Octopus vulgaris</i>)
7	Couto Magalhães, Andreia Margarida	Aplicación funcional de quitina e quitosano de insectos na alimentación humana
8	Domeneche do Nascimento, Rogelio	Contaminación por <i>Salmonella</i> spp en leite e produtos lácteos
9	Duarte Dias, Loren	Estado actual e principais riscos na produción de bebidas vexetais
10	Fernández Rodríguez, Cecilia	Seguridade alimentaria e cambio climático: revisión da evidencia científica e perspectiva dos consumidores
11	Freiría Durán, Laura	Influencia do sistema de cultivo e o ecotipo de centeo nas características nutricionais dos pans
12	Martínez Budiño, Iago	Modelos de simulación in vitro da dixestión de alimentos: aplicacións e desafíos
13	Montero Lage, Ángel	Xénero Brassica, revisión bibliográfica das súas propiedades antimicrobianas
14	Pérez Armada, Claudia	Percepción dos consumidores sobre os produtos da pesca
15	Pérez Pereira, Katia	Comparación da estrutura coloidal do leite cru en vacas con diferentes tipos de alimentación, tamaños de partículas de lípidos e proteína
16	Silva Noboa, Valeria	Desenvolvemento e aplicación dun recubrimento activo de quitosano con extracto de té branco en produtos pesqueiros.

A continuación, a presidenta cedeu a palabra ao coordinador do Máster para que fixera a proposta de tribunal, tendo en conta o indicando na normativa de TFM:

TRIBUNAL nº1: 18 de xullo de 2025	SUPLENTE TRIBUNAL nº1
Presidente/a: Jorge Barros Velázquez	Alberto Cepeda Sáez
Vocal: María Amparo Alfonso Rancaño	Luis Miguel Botana López
Secretario/a: María Pilar Calo Mata	Beatriz Isabel Vázquez Belda
Estudiantado asignado: do 1 ao 8	
TRIBUNAL nº2: 18 de xullo de 2025	SUPLENTE TRIBUNAL nº2
Presidente/a: Ana I. Rodríguez Bernaldo de Quiros	Raquel Sendón García
Vocal: Letricia Barbosa Pereira	María Jesús Sáinz Osés
Secretario/a: Alexandre Lamas Freire	Patricia Regal López
Estudiantado asignado: do 9 ao 16	

Os asistentes **acordan por unanimidade aceptar a proposta e nomear aos tribunais para a avaliación dos TFM da oportunidade de xullo do curso 2024-2025, segundo a táboa precedente.**

4. Aprobación se procede de liñas temáticas e titores de TFM.

A decana indica que para dar cumprimento ao indicado na Normativa de TFM do MINSTA, estableceuse contacto cos departamentos para indicarlles as liñas temáticas nas que se está traballando, co obxecto de que manifestasen a súa conformidade ou transmitisen as suxestións oportunas, e comunicasen o PDI que podería exercer como titores de TFM en cada unha das liñas temáticas propostas.

Tras a revisión da información recibida por parte dos departamentos, os asistentes **aproban por asentimento para o vindeiro curso a proposta de liñas temáticas de TFM para o MINSTA que se acompaña como ANEXO I á presente acta.**

5. Aprobación se procede da modificación do Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas de TFM.

A decana indica que xunto coa convocatoria desta comisión se remitiu a modificación deste procedemento para a súa revisión e que os cambios máis importantes son os seguintes:

Substituíronse todas as alusións relativas a alumna, alumno ou alumnado por estudante e estudiantado. No apartado 2.7 substituíuse as referencias ao taboleiro reservado para o Máster na Facultade de Ciencias polo taboleiro electrónico. Tamén se estableceu a necesidade de que o estudiantado presente un escrito de motivación tanto para a modificación dunha proposta como para a súa anulación, dadas as dúbidas que en moitas ocasións se presentaban con este asunto. E xa para rematar, incorporouse no modelo de proposta de TFM un recadro para indicar se se trata

dunha nova proposta ou se se trata de unha modificación e outro para que titores e estudantes indiquen se o TFM precisará informe favorable dun Comité de Ética na Investigación previo á súa realización.

Tras un breve intercambio de impresións finalmente os asistentes **aprobaron por asentimento a modificación do Procedemento de Asignación de Titores e Presentación de Propostas de TFM que se acompaña como Anexo II á presente acta**, o cal será aplicable xa para o vindeiro curso.

6. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e praxe

A presidenta

Asteria M^a Luzardo Álvarez

A secretaria

Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).
--

Acta da Comisión de Título
Reunión ordinaria: 21/07/2025

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes.
3. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2025-26.
4. Rogos e preguntas.

Ás 12:30 do día 21 de xullo de 2025 reúnen-se na sala de reunións do centro os membros da Comisión de Título abaixo relacionados no centro co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

Relación de asistentes

Nome e Apelidos	Representación	Medio
Asteria Mª Luzardo Álvarez	Presidenta	P
Ramiro Barcia Vieitez	Responsable de Calidade do Centro	P
Concepción Gay González	Membro do PAS e Secretaria	P
Manuel Vázquez Vázquez	Coordinador de Título	P
Olga Díaz Rubio	Representante do Profesorado	P
Mª Ángeles Romero Rodríguez	Representante do Profesorado	P
Julia Barciela García	Representante do Profesorado	P

P-presencial VC-videoconferencia C-correo electrónico

A presidenta da Comisión indica que desculpa asistencia de Nieves Muñoz, Beatriz Vázquez, Raquel Sendón e Marta López. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/07/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

2. Informes.

A presidenta informa de que nesta ocasión non ten informes e cede a palabra ao coordinador que indica que xa se atopan matriculados un total de 6 estudantes neste momento procedentes da matrícula anticipada para estranxeiros e de que xa hai 54 solicitudes de praza para o 1º curso.

3. Convocatoria de Prácticas Externas para o curso 2025-26.

A presidenta indica que é preciso publicar a finais de xullo a convocatoria de Prácticas Externas para o estudantado do MINSTA para o vindeiro curso 2025-26, que é moi similar á do curso anterior. A continuación cedeu a palabra a Ángeles Romero que informou aos asistentes acerca das prazas que xa tiña confirmadas e tamén daquelas que tiñan pendente algún trámite, así como de que o calendario está previsto que sexa moi similar ao do curso actual aínda que o prazo de solicitude iniciárase a finais de agosto para poder cumprir a tempo cos prazos e trámites da alta na Seguridade Social, para finalmente incorporarse o estudantado ás prazas a principios do mes de outubro.

Finalmente tras os comentarios oportunos, **os asistentes aprobaron por unanimidade a Convocatoria de Prácticas Académicas Externas do MINSTA para o curso 2025-26** a cal se incorporará como ANEXO á presente acta, e tamén acordaron **autorizar á decana a incorporar á oferta as prazas pendentes dalgún trámite** ata a publicación da convocatoria que se fará no taboleiro electrónico da USC e **delegar na decana a elaboración e publicación** das listas provisionais e definitivas sempre e cando non se produzan reclamacións por parte do estudantado, xa que neste caso será preciso resolvelas previamente pola comisión.

4. Rogos e preguntas.

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a Sra. presidenta dá por finalizada a reunión.

Vº e praxe

A presidenta

Asteria M^a Luzardo Álvarez

A secretaria

Concepción Gay González

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).
--